

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Núm. 9 [2006] • ISSN 1139-921X










# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 9 (2006)

2006

Fundación Cultural da Estrada

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

## Director

Juan Andrés Fernández Castro

## Comité de Redacción

Olimpio Arca Caldas | Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño  
García | María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

## Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís  
Barreiro Barreiro | Roberto L. Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel  
Cabada Castro | Isaac Díaz Pardo | Xosé Neira Vilas | Xosé Manuel  
Núñez Seixas | Víctor F. Freixanes | Vicente Peña Saavedra | Augusto  
Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres  
Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2006

## Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Aptdo. 78

36680 A Estrada

[museoestrada@aestrada.com](mailto:museoestrada@aestrada.com)

[www.museo.aestrada.com](http://www.museo.aestrada.com)

## Deseño de cuberta

Xosé L. Vázquez

## Fotografía

A igrexa parroquial en paisaxe nevada

*Museo do Pobo Estradense*

*«M. R. Portela», Fondo*

*Gestoso Pazo*

## Deseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas

## Impresión

Gráficas Sementeira, S.A.

Chan de Maroñas, 2

15217 Obre - Noia

Dep. Legal: C 2618-2001

# Índice

- 7 | *As Memorias de familia* de Marcial Valladares  
*Mercedes Brea e M<sup>o</sup> Xesús Nogueira Pereira*
- 25 | Dos papeis de Manuel García Barros.  
En lembranza (e homenaxe) dunha amizade  
*Juan L. Blanco Valdés*
- 51 | De fritideiros e artistas  
*Juan Fernández Casal*
- 75 | Literatura estradense en internet  
*Henrique Neira Pereira*
- 97 | Análise da xeografía electoral do concello  
da Estrada (Pontevedra)  
*Ángel Miramontes Carballada*
- 115 | Algúns topónimos das parroquias da Estrada,  
Matalobos, Ouzande e Toedo  
*Fernando Cabeza Quiles*
- 135 | A Estrada rural e urbana. Estudio comparativo  
de dous modelos demográficos (1870-1970)  
*Juan Andrés Fernández Castro*
- 177 | Breve reseña biográfica do fotógrafo don Xosé Ramos  
Garrido (Codeseda, A Estrada, 1887-1967)  
*José Javier Ramos Pérez*

- 205 | Primeira catalogación dos documentos do  
fondo de Miguel Nino Novais  
*Damián Porto Rico*
- 273 | Carlistas e liberais en terras estradenses.  
A derradeira batalla do caudillo Gorostidi  
*María Jesusa Fernández Bascuas*
- 307 | Radio Estrada, Emisora Parroquial  
*Pepe López Vilariño*





## *As Memorias de familia* de Marcial Valladares

Mercedes Brea e M<sup>a</sup> Xesús Nogueira Pereira

Filósofos de la naturaleza; admirados de sus contrastes variados, sin advertir la falta de agitación y atormentado bullicio de las ciudades, vivíamos en tan apacible y dulce tranquilidad, saliendo de nuestra casa y entrando en ella con la sonrisa siempre en los labios, hija del placer doméstico, de ese indefinible goce de la familia (libro primeiro, cap. XXIII).

“Mi madre vivía en la aldea y en 11 de junio de 1821 nací yo, con cuyo nacimiento vinieron a consolarse mis padres de la pérdida de Petra que acababa de morir”. Con estas palabras rexistra a súa data de nacemento D. Marcial Valladares Núñez no capítulo V do “Libro primero” dunhas *Memorias de familia* que redacta non con intención de publicalas senón para “conservar en ella [a súa familia] perpetuo recuerdo de lo pasado y de sitios más o menos tiempo habitados, trasunto fiel de las vicisitudes de mi padre en las diferentes épocas de su vida a través de los sacudimientos políticos, en medio de cuya veleidad vio nacer sus hijos, no sin trabajo” (libro primeiro, cap. I).

Efectivamente, esas *Memorias* –que inicia coa presentación dos seus pais e remata dando conta da morte da súa irmá Avelina o día

17 de marzo de 1902<sup>1</sup>– narran a traxectoria vital (e entrañable) dunha familia ao longo de todo un século (dende o nacemento en 1789 de D. José Dionisio Valladares Gómez) e, a través dela, permiten aproximarse a unha serie de acontecementos políticos relevantes do século XIX, non contemplados coa frialdade dun historiador senón por medio das súas repercusións na vida doméstica e na descendencia dun home, D. José, que se implicou activamente en moitos deles (ata o punto de bautizar aos seus fillos con nomes que mantiñan a lembranza das “grandes acciones en que se halló”, libro primeiro, cap. V) e que probablemente é merecedor dun estudo atento e coidadoso que aquí non podemos acometer.

## 1. Marcial Valladares

O “señor de Vilancosta” (apelativo co que tamén se coñece<sup>2</sup>, en referencia á casa natal á que tan apegado estivo sempre e que herdou dos seus pais) é, sen dúbida, unha figura senlleira das letras galegas, pois concentra, nos albores do Rexurdimento, a faceta de estudoso da lingua e de creador nesa mesma lingua que estuda e que está contribuíndo a “normalizar”. Por unha banda, é autor dun *Diccionario gallego-castellano* publicado en Santiago no ano 1884 e dunha gramática que rematou en 1892, aínda que se mantivo inédita ata 1970<sup>3</sup>. Por outra, compuxo poemas dispersos en galego (que empezan a apare-

- 
- 1 Segundo relata o sobriño -o mesmo Laurentino Espinosa Valladares ao que proporciona os seus consellos no libro terceiro- que pon o colofón ás *Memorias* de Marcial Valladares (morto un ano despois, en maio de 1903), este triste acontecemento “apagó en él así mismo todo entusiasmo, toda alegría”.
  - 2 Acuñouno D. Ricardo Carballo Calero como título do folleto co que a Universidade de Santiago de Compostela se sumaba por primeira vez, cunha obriña concibida con ese obxectivo, á celebración oficial do Día das Letras Galegas: *O señor de Vilancosta. Loubanza de don Marcial Valladares Núñez no Día das Letras Galegas*, Universidad de Santiago, 17 de maio de 1970.
  - 3 Dado que, como acabamos de lembrar, este foi o ano no que a Real Academia Galega lle dedicou o *Día das Letras Galegas*, non sorprende que fose entón cando se recuperase tanto a súa obra inédita como a dispersa, en diversas edicións a cargo da propia RAG ou da editorial Galaxia. No centenario da súa morte produciuse unha nova recuperación da súa figura e apareceron diversos traballos sobre a súa obra (véxanse, por exemplo, as

cer na prensa no ano 1845) e varios relatos, aínda que a súa produción literaria máis relevante é a primeira novela escrita en galego, *Maxina ou a filla espúrea*, que viu a luz por entregas en *La Ilustración Gallega y Asturiana* no ano 1880<sup>4</sup>. Ademais, encargouse da compilación dun *Cantigueiro popular*, que tiña disposto xa en 1867 e ao que en 1887 engade aínda un novo apéndice.

*Maxina* foi considerada polos críticos un folletín propio da época ou una novela costumista; en calquera caso, non deixa de ser un produto do Romanticismo do seu tempo<sup>5</sup>, construída posiblemente a partir dun relato oral, que arrinca cun feito violento (a violación de Otilia por un home enmascarado do que non se descobre a identidade ata o final) e remata coa traxedia da inesperada loucura desa muller cando todo parecía presaxiar un desenlace venturoso (que si se produce, en cambio, para Maxina, a filla espúrea resultado daquel acto). O seu mérito principal estriba en ser o primeiro intento serio de asentar unha narrativa en galego que puidera desenvolverse á par da poesía, e en ser froito da preocupación científico-sociolóxica e das reflexións dun autor que conxugaba harmoniosamente o estudo, descrición e conservación dun patrimonio lingüístico vivo e en proceso de consolidación como norma escrita coa efectiva posta en

---

páxinas nas que xungue as dúas efemérides J. L. Blanco Valdés en "Lembranza de Marcial Valladares no centenario da súa morte", *Revista Galega do Ensino*, 39, maio 2003, pp. 145-147). Máis recentemente, contamos cunha investigación minuciosa sobre Valladares a cargo de Xosé Antonio Fernández Salgado, quen, ademais de artigos e estudos de detalle sobre o noso erudito, publicou no ano 2005 o libro *Marcial Valladares: biografía dun precursor no Rexurdimento galego* (Servizo de Publicacións da Diputación Provincial de Pontevedra).

- 4 A primeira edición como libro foi a preparada por Ricardo Carballo Calero para a editorial Galaxia en 1970. Dende entón, apareceron varias edicións de relevo, entre as que cabe mencionar a coidada por Anxo Tarrío, Margarita Neira e Blanca Roig para Edicións Xerais de Galicia, por ser a primeira que recupera –a carón daquela primeira por entregas– un manuscrito de D. Marcial do ano 1870 conservado na Real Academia Galega, que, ademais de conter un prólogo no que dá conta das súas intencións ao escribila, adianta o remate da composición da novela en dez anos.
- 5 Quen desexa máis información sobre esta novela pode consultar os seguintes traballos: Mercedes Brea, "Sobre *Maxina*", *Grial*, 29, 1970, pp. 352-355; e Dolores Vilavedra, "Maxina ou a filla espúrea. ¿Un caso de dialoxía lingüística e monoloxía ideolóxica?", en D. Kremer (ed.), *Homenaxe a Ramón Lorenzo*, Galaxia, Vigo, 1998, t. 1., pp. 365-376.

práctica dese desexo de contribuír eficazmente a proporcionar ao galego mil primaveras máis (como, décadas máis tarde, expresaría Álvaro Cunqueiro) mediante a súa extensión a un xénero literario no que aínda non fora considerado instrumento adecuado.

Dende esta óptica, o que pode ser entendido como un exceso de realismo ou de busca da verosimilitude non deixa de ser, dende o punto de vista do que poderíamos considerar a posta en escea, un logro máis de Marcial Valladares: a narración flúe áxil en galego, pero nos diálogos vén marcada a procedencia social dos personaxes co recurso á contraposición de castelán (empregado por aristócratas, burgueses, etc.) e galego (falado polos labregos e os criados), con uso esporádico dun tipo de castrapo para producir efectos cómicos.

O autor non deixaba, pois, de experimentar con esa lingua que estudaba con tanto afán. Iniciara o seu traballo lexicográfico en 1850<sup>6</sup> e tiña disposta unha primeira versión en 1868; é certo que o *Diccionario* non saíu do prelo ata 1884<sup>7</sup>, pero nos círculos eruditos era coñecido con anterioridade, pois, por exemplo, as *Memorias* comentan que o Marqués de Valmar solicitou expresamente (a través de Gumersindo Laverde Ruiz) poder consultalo con calma “antes de dar principio a la impresión del libro *Cantigas de Santa María*” (libro cuarto, cap. II). En paralelo, e á vez que cultivaba esporadicamente a poesía e recollía cantigas e relatos populares, comezaba a redacción dos seus *Elementos de Gramática gallega* en 1855 e continuou traballando neles ata 1892.

Para a elaboración do *Diccionario gallego-castellano* tivo en conta (poderíamos dicir que refundiu) as obras lexicográficas aparecidas con anterioridade, en concreto a de Francisco Javier Rodríguez e o voca-

6 O propio Valladares declara no prólogo do *Diccionario* que levaba traballando dende esa data “en tareas parecidas a las del señor Rodríguez”, é dicir, D. Francisco Javier Rodríguez, autor do primeiro *Diccionario gallego-castellano*, publicado –despois da súa morte– en 1863.

7 “Azuzado por varios amigos a la publicación de un *Diccionario gallego-castellano* que yo había escrito, decidime, por fin, a imprimirle y, con tal objeto, marché en 1884 a Santiago [...] y me detuve desde mediados de mayo hasta principios de octubre, en que terminó la impresión del libro” (*Memorias de familia*, libro cuarto, cap. VI).

bulario que acompaña a gramática de Francisco Mirás (1864)<sup>8</sup>, así como o glosario dos *Cantares gallegos* de Rosalía, pero operou sempre cun criterio selectivo que o levou, entre outras cousas, a prescindir das “voces designativas solo de parroquia, ó localidade” de Rodríguez e a incluír no seu lugar un abundante número de palabras “familiares y casi inusitadas en el habla de Castilla, pero muy comunes entre nuestros labradores”. Con estas fontes pretendía dar por rematada a redacción do dicionario en 1869, pero a aparición neses anos de obras literarias de interese, así como da *Gramática* de Saco Arce<sup>9</sup> e do dicionario de Cuveiro<sup>10</sup> levouno a ampliálo, incorporando un maior número de vocablos procedentes de diversos puntos de Galicia, así como abundante material folklórico (cantigas, fragmentos poéticos, refráns, proverbios, ditos...). O interese pola lexicografía galega non o abandonou nunca, pois en 1896 tiña xa disposto un suplemento ao dicionario e, pouco antes de morrer, en 1902, un novo apéndice.

Os *Elementos de Gramática gallega* non chegaron a ser impresos en vida do autor (aínda que este os deu por pechados en 1892), posiblemente porque non pasan de ser apuntamentos non suficientemente estruturados que, de todos modos, deixan ver clara a postura de D. Marcial<sup>11</sup>, a quen a gramática de Mirás lle parecía demasiado

- 8 F. Mirás, *Compendio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La Creación y Redención. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*, Manuel Mirás, Santiago, 1864.
- 9 Juan A. Saco Arce, *Gramática gallega*, Soto Freire, Lugo, 1868.
- 10 Juan Cuveiro, *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, José A. Antúnez, Pontevedra, 1868. Uns anos máis tarde, o propio J. Cuveiro publica tamén un *Diccionario gallego, el más completo en términos y acepciones de todo lo publicado hasta el día, con las voces antiguas que figuran en códices, escrituras y documentos antiguos, términos familiares y vulgares y su pronunciación, para la escuela de diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso*, N. Ramírez, Barcelona, 1876. Como pode verse, todos estes eruditos rivalizaban por ofrecer a obra máis completa e de maior utilidade para os usuarios.
- 11 “Gramática gallega es el arte de hablar y escribir correctamente en gallego por medio de letras, cuyas diferentes combinaciones forman las sílabas de que se componen las palabras. / Hay en esta gramática, lo mismo que en la castellana, francesa, inglesa y todas las gramáticas, lo que llamamos analogía, sintaxis, ortografía y prosodia” (M. Valladares, *Elementos de gramática gallega*, Galaxia, Vigo, 1970, p. 11).

simple e a de Saco máis ben complicada (polo que a súa intención debía de ser lograr un produto intermedio entre os dous anteriores). Esta obra manifesta a preocupación de Valladares por fixar un determinado sistema ortográfico e mantén unha certa contradición coa postura adoptada no *Diccionario*, no sentido de que parte dun modelo de galego forxado sobre o castelán, que o leva a rexeitar solucións netamente galegas por seren diferenciais.

## 2. As *Memorias de familia*

Despois do seu retiro definitivo da vida pública en 1866 para pasar a residir ata a súa morte en Vilancosta, D. Marcial puido entregarse por completo ás letras, combinando, como xa se comentou, a creación literaria co estudo lingüístico e a compilación de literatura popular; e, a maiores, decidiu redactar unhas *Memorias de familia*, dedicadas á súa propia, para que puidera conservar a lembranza das persoas que a compuxeron e dos acontecementos que viviron. Un dos motivos que o moveron a emprender a tarefa foi posiblemente o enorme respecto e admiración que profesaba pola figura paterna, pois non deixa de lamentar nalgún lugar que Waldo Álvarez Ínsua se interesase pola biografía do seu irmán Sergio e, en cambio, estivese sen facer a do seu pai, pese a que el mesmo lle facilitara información suficiente con ese obxectivo a Vesteiro Torres, quen a recibira poucos días antes do seu suicidio (libro cuarto, cap. I).

A familia (que segue sendo coidadosa propietaria da casa petrucial) conservou, efectivamente, esas *Memorias* e hoxe hai unha fotocopia destas depositada no Museo da Estrada, que amablemente nos permitiu consultalas<sup>12</sup>. Buscábamos nelas datos particulares relativos, sobre todo, á súa faceta de lingüista e literato e á súa relación cos eruditos e escritores contemporáneos, ou comentarios sobre as obras que

12 As *Memorias* constitúen ademais a base do mencionado estudo *Marcial Valladares. Biografía dun precursor no Rexurdimento galego*, de Xosé A. Fernández Salgado. Non obstante, o autor serviu-se unicamente dos tres primeiros libros que as integran, pois, malia ter coñecemento da existencia dun cuarto, confesa que non lle foi posible a súa consulta.

ían aparecendo, pero o certo é que, nese sentido, foron poucos os parágrafos que puidemos atopar, porque se trata, como el pretendía, de lembranzas familiares, salpicadas de referencias á súa terra, con descrições, expresión de sentimentos, etc. Foi, como se dixo, a lembranza desta realidade íntima o obxectivo fundamental dunhas *Memorias* concibidas cun carácter privado, “hijas en su mayor parte del hogar doméstico; monótonas como la vida del labrador; reducidas a bien estrecho círculo, efecto de no haber variado apenas de horizontes, ni cruzado otros países que el natal” (libro primeiro, cap. I).

## 2.1. Estructura e contido das *Memorias*

As *Memorias de familia* de Marcial Valladares están estruturadas en catro libros recollidos en dous volumes, de xeito que o primeiro contén os tres primeiros e o segundo o cuarto. Sen pretendernos elaborar aquí unha biografía do autor (labor que, por outra banda, xa foi levada a cabo con exhaustividade no libro de Fernández Salgado), cremos necesario describir, aínda que sexa sinteticamente, o texto de Valladares e informar do seu contido.

O libro primeiro, que consta de 37 capítulos, comeza coa presentación dos pais e con información acerca do nacemento do propio Marcial e dos seus irmáns. O texto testemuña unha infancia feliz en Vilancosta e ofrece datos acerca da formación do escritor e do seu irmán Sergio no lugar natal e en Santiago. As memorias detéñense en datos biográficos moi precisos sobre a figura do pai, especialmente no que se refire aos cargos políticos que ocupou. Por outra banda, Marcial Valladares deixa constancia dalgúns dos acontecementos que tiveron lugar naqueles anos e da súa repercusión na vida familiar. Algún destes feitos semella mesmo que entrañaron perigo para a casa de Vilancosta, que foi obxecto, por exemplo, dun ataque por

13 Trátase posiblemente dos integrantes da facción carlista do coengo D. José Tomé Villanueva, fusilado en 1839, que por estes anos actuaba na Ulla, apoiado por numerosos fidalgos da zona (vid. ao respecto X. R. Barreiro Fernández, *El carlismo gallego*, Pico Sacro, Santiago de Compostela, 1976, especialmente p. 86).

parte dos *faccionistas*<sup>13</sup>, que, ademais de maltratar a seu avó, secuestraron a súa tía Dona Manuela. O libro contén ademais numerosas descrições paisaxísticas do Val do Ulla, así como crónicas de actividades lúdicas como romarías ou excursións. Finalmente, dá conta do traslado a Zamora motivado polo novo destino de Don José e detense en pormenorizadas descrições da viaxe, da cidade e dos seus arredores. A sección remata no ano 1848.

O libro segundo consta de 23 capítulos e abrangue os acontecementos sucedidos entre os anos 1849 e 1853. Alén dunha descrição saudosa da vida na cidade, esta sección das memorias inclúe extensos apuntamentos sobre a historia de Zamora. Por outra banda, informa do traslado a Ourense e, posteriormente, do retorno a Vilancosta da familia. O libro dedica abondosas páxinas á descrição da vida na aldea (excursións, feiras, festas populares, costumes), polo que o seu interese antropolóxico é notable. Inclúe ademais esta sección información acerca da malograda historia amorosa con *madama*\*\*\*, á que o escritor se refire como “un amor puro como virginal sonrisa y casto cuan infantil sueño”, que remata co casamento desta. O libro conclúe coa morte da nai, dona Concha, acontecida en 1854.

O libro terceiro, composto por 19 capítulos, comeza nese mesmo ano, dando conta do cesamento do cargo de deputado que Marcial viña desempeñando, debido ás novas circunstancias políticas. Esta terceira sección informa ademais dalgúns desgrazados acontecementos, como a morte do irmán Sergio, a do propio pai en 1864, problemas derivados da herdanza e o desengano amoroso coa, tamén encuberta, M\*\*\*. Desde o punto de vista biográfico, na sección infórmase dun feito determinante na vida do escritor, como foi o seu retiro definitivo a Vilancosta e o seu afastamento, polo tanto, do mundo público. Estas páxinas informan igualmente dalgunhas actividades protagonizadas polo escritor, entre as que destacan a participación en exposicións cunha colección de apeiros de labranza propiedade da familia, a presidencia dos Xogos Florais de Pontevedra, o desempeño de cargos en función das circunstancias políticas, ou a estadía vacacional na



casa do señor Riestra, Gobernador de Pontevedra (onde se produce o encontro coa dama antes mencionada). O libro conclúe coa noticia da visita de Afonso XII a Santiago<sup>14</sup>. A sección inclúe ademais os “Consejos a mi sobrino Laurentino Espinosa Valladares, al entrar en el segundo año de Jurisprudencia, o curso de 1878 a 1879”.

O libro cuarto está integrado por 12 capítulos, dos que o derradeiro é da autoría de Laurentino<sup>15</sup>, quen dá noticia da morte de Marcial e da súa vontade de “continuar las memorias que el dejó en este punto” (libro cuarto, cap. XII). É esta a sección máis rica no que se refire á información referida á actividade cultural do escritor, pois nela dáse noticia das súas colaboracións literarias en diversas revistas, do seu nomeamento como correspondente da Real Academia Española ou da publicación do *Diccionario*. O libro inclúe ademais algunhas composicións, todas elas en castelán, escritas para diferentes eventos. O texto remata coa semblanza afectuosa do relixioso franciscano Fr. José Hermo e coa morte de Avelina, acontecida en 1902.

## 2.2. O escritor e as súas memorias

Como se pode apreciar na síntese que presentamos, o interese das *Memorias de familia* do escritor de Berres é grande e non se restrinxe ao estritamente lingüístico e literario. Ao contrario, o documento ofrece información valiosa para disciplinas como a historia, a antropoloxía ou a socioloxía. Con todo, o seu maior interese radica nos

14 O cap. V deste mesmo libro dera xa conta da primeira visita de Alfonso XII, aínda nos brazos da súa nai a raíña Isabel II, en xullo de 1858.

15 Xosé A. Fernández Salgado reproduce na súa biografía unhas palabras de Luis Losada Espinosa que testemuñan esta afirmación: “Terminadas as notas de meu pai, recorro ás do meu avó materno, Laurentino Espinosa Valladares, sobriño de Marcial Valladares Núñez [...]. Meu avó, Laurentino, avogado, fora alcalde da Estrada, onde tiña bufete [...]. En 1920 decidíu proseguir as *Memorias de familia* de Marcial Valladares, cheas de interesantísimos datos e que permanecen inéditas na casa de Vilancosta” (X. A. Fernández Salgado, *op. cit.*, p. 13). A data de 1920 é unha errata, pois Laurentino Espinosa tomou o relevo do seu tío no mesmo ano da morte deste, 1903; declara ter 42 anos e nacera en 1861; por outra parte, o cap. XII e último do libro cuarto comeza lembrando que “Desde el año pasado, un hálito de muerte nos rodea, y tres víctimas tenemos que llorar: mi inolvidable madrina, mi querido padre y el tío Marcial”.

datos que achega acerca da biografía e personalidade do propio escritor, transmitida da súa propia man.

Nesta achega pretendemos salientar algúns destes aspectos que ilustran e enriquecen o coñecemento que hoxe en día temos tanto de Marcial Valladares como do seu tempo.

### 2.2.1. O abeiro familiar

Os estudosos do autor de *Majina* teñen salientado a importancia da relación coa súa irmá, a tamén escritora Avelina<sup>16</sup>. A ela dedica Marcial algunhas páxinas afectuosas nas súas *Memorias* que inciden porén noutras facetas da súa personalidade, como son o altruísmo e a práctica da beneficencia. Laurentino Espinosa relaciona, na continuación do texto familiar, a tristeza producida pola morte de Avelina e o falecemento do propio Marcial coa seguinte afirmación: “Parece que la muerte del Ángel querido a quien fueron dirigidos sus últimos renglones [das memorias] apagó en él así mismo todo entusiasmo, toda alegría”.

Menos coñecida resulta a relación coa figura paterna, á que lle profesa unha verdadeira admiración que se espella en numerosas pasaxes do texto. Alén de datos moi precisos que nos presentan unha figura de notable formación, son frecuentes os comentarios que salientan o maxisterio exercido por Don José nos seus fillos e o especial empeño que puxo na súa educación, da que chegou a encargarse persoalmente:

Allí vivió mi padre consagrado enteramente en un principio a sus hijos y a la Abogacía, cuyos productos bastaban a alimentarnos todos con holgura y pagar un maestro de primeras letras que diariamente venía a darnos lección en casa; sin perjuicio de las que a horas extraordinarias y en ratos desocupados nos daba nuestro propio padre, cada una de las cuales valía bien por cuatro de las que el maestro nos daba (libro primeiro, cap. V).

16 Pode verse unha bibliografía de Avelina Valladares en Xosé Luna Sanmartín, *Ond’o sol facheaba ô amanecer. Vida e obra da cantora do Ulla. Avelina Valladares Núñez*, Edicións Fouce, A Estrada, 2000.

Estreita foi tamén a relación mantida co seu irmán Sergio, co que compartiu infancia, xuventude e experiencias estudiantís. Andando o tempo, o escritor establecerá tamén importantes vínculos co sobriño Laurentino (fillo de súa irmá Luisa), seguidor no oficio de avogado, destinatario dos consellos morais incluídos no libro terceiro e continuador das súas memorias, ás que dá comezo cunha evocación de seu tío ao que se refire como “ese escudo venerado, ese amparo de toda la familia” (libro cuarto, cap. XII).

Da veneración que o escritor sente polos seus achegados deixa constancia en numerosas pasaxes das memorias. Tal sentimento lévao a considerar os primeiros anos de vida familiar en Vilancosa como “los más felices de nuestra vida, sin embargo, en medio de los trastornos y acontecimientos políticos” (libro primeiro, cap. V). As lembranzas deste período amosan unha vez máis a admiración sentida pola figura de Don José:

Allí, en medio de la majestuosa naturaleza; lejos del vicio y la adulación; crecíamos llenos de robustez como la hiedra enlazada al árbol, al lado de mi madre y cariñosas tías que sin cesar inculcaban en nuestras infantiles almas doctrinas de la moral más pura, humildad y reglas de buen vivir, sin olvidar el ejercicio de las prácticas religiosas, esto es, las oraciones de la mañana, las del toque a Ave-Marías, ni las nocturnas al acostarnos. Allí reinaba la paz doméstica; la amistad más íntima y la alegría, siendo muy frecuente oír en boca de mi padre que de dos cosas no había podido formar jamás exacta idea; y eran de la tristeza y odio (libro primeiro, cap. V).

Cómpre, por outra banda, lembrar que a *familia* da casa grande de Vilancosta non só estaba integrada polos parentes senón polo conxunto de persoas que convivían na casa e que, segundo o testemuño do escritor, eran numerosas durante a súa infancia, pois “raro era el [día] en que nuestra cocina se veía sin 10 o 12 jornaleros al mediodía o a la cena además de dos o tres criados y 12 ó 13 personas de la familia que todos vivíamos bajo un mismo techo y del trabajo de mi laborioso padre” (libro primeiro, cap. V). A lembranza entrañable que a seguir reproducimos resulta ilustrativa da estreita relación que os Valladares mantiñan cos xornaleiros e criados da casa, así como

do contacto directo que o escritor tivo, na súa infancia, coa literatura popular de tradición oral:

En torno del hogar por la noche, paréceme asisto todavía a una de aquellas dulces veladas en que, mi madre y mis tías hilando o calcetando, en medio de las criadas que alguna vez se dormían pegado el labio al cerro y desprendiéndose el huso de sus dedos, escuchábamos con avidez indecible leyendas y cuentos llenos de encantamientos que algun viejo jornalero o el criado de cualquier huésped se entretenía en referirnos cediendo a nuestras exigencias; veladas que terminaban con el común rosario guiado por mi anciano abuelo, sentado en la poltrona bajo la chimenea, subiendo enseguida al comedor; donde bendecía uno de nosotros la mesa y daba gracias al concluir, retirándose después a su lecho cada cual (libro primeiro, cap. V).

### 2.3. *Vilancosta e a paisaxe ullá*

Alén do protagonismo familiar, Vilancosta e a paisaxe da Ulla ocupan un lugar central no texto de Valladares. O lugar da parroquia de Berres que viu nacer ao escritor é evocado ao longo das *Memorias* en termos bucólicos:

¡Vilancosta...! ¡hogar querido de mis más dulces recuerdos! Bello recinto donde mi infancia se deslizó entre el maternal cariño y los inocentes juegos de aquella edad; grata mansión, escondida aldea donde nací y fui creciendo como la flor en los campos, como la avecilla en su nido, entre el espeso follaje al arrullo de suaves olorosas auras; muda confidente de mis primeros balbuceos, de mi primer lloro y sonrisa, de mis tiernas ilusiones, deja también de ti yo me ocupe, pues que a mi mente te ofreces llena hoy de encanto y misterio.....! (libro segundo, cap. IV).

Por outra banda, Vilancosta é tamén abeiro, “predilecto nido, consolador asilo nuestro, abierto siempre para sus dueños y en el que se refugiaban éstos, cual en mansión sagrada, al abrigo de todo contra-tiempo” (libro primeiro, cap. X), e refuxio tamén para o propio Marcial cando decide afastarse da vida pública:

Retirado para siempre de la vida pública; decidido con formal propósito a no tomar en ella parte alguna y, acompañado en este sagrado albergue de Vilancosta, que mis padres me dejaron; [...] nada de cuanto en el mundo ocurre me seduce ni entusiasmo y ay, si distracción o entretenimiento hallo en la vista de mis campos, es por admirar allí las obras del Criador en toda su magnificencia y porque, viniendo de ellos, necesito atender a su cuidado (libro tercero, cap. XVII).

Mais a paisaxe sentimental de Valladares non se limita á casa e ao lugar de Vilancosta, senón que se estende ao Val do Ulla, deténdose nalgunha das súas paraxes máis fermosas, como o estreito de San Xoán da Cova, o Pico Sacro, que “domina las pintorescas faldas de un estribo de la sierra del Amenal” (libro primeiro, IV), Sarandón, a Torre da Barreira, o pazo de Oca, etc. O escritor ofrece en ocasións estampas características como a do val no outono, tinguido este de cores vermellas: “la vendimia ha terminado, pálidas están las hojas de la vid y teñidas algunas de ese encarnado oscuro, síntoma cierto, indicio triste de su falta de lozanía, y que en breve van a marchitar y caer al pié de los troncos mismos que les dieron vida” (libro segundo, XV).

Moitas das páxinas das *Memorias de familia* son unha verdadeira guía para o viaxeiro que se achegue á paisaxe ullá, que non só repara na descrición física senón tamén na humana, con documentadas estampas das principais romarías, feiras e outros acontecementos. É o caso das romarías de Gundián, os *Dolores* e o Sacramento de Santa Cruz [de Ribadulla] ou a feira do Foxo.

#### 2.4. O ambiente cultural do momento

Bastante escasas son as referencias nas *Memorias* ao mundo cultural do momento. Case todas elas figuran no libro cuarto, que, como se expuxo en páxinas anteriores, relata os acontecementos que tiveron lugar tras a morte de Don José e durante o retiro final do escritor en Vilancosta.

No que se refire aos intelectuais da época interesados pola cultura galega e protagonistas do Rexurdimento desta, tan só se dá noticia da presenza en Vilancosta de Neira de Mosquera. Nas memorias infórmase da visita, anos despois, do catedrático de literatura Gumersindo Laverde Ruiz e do seu agasallo á familia cunha composición propia: o soneto “Al Ulla”, reproducido no texto (libro cuarto, cap. I). Tamén neste texto aparecen algunhas alusións á amizade co escritor e botánico José María Gil [Rey].

Máis numerosas resultan as alusións a outros intelectuais que lle requiren a súa colaboración en diferentes publicacións. Estas alusións déixannos constancia non só do oficio do escritor senón tamén da consideración que lle tiñan os seus contemporáneos. Entre estes encargos figuran a mencionada biografía de Sergio, demandada por Waldo Álvarez Ínsua para *El eco de Galicia*, textos para *La Ilustración gallega y asturiana*, o “encargos, no sólo del señor Murguía, sobre poesía popular gallega, para una obra que piensa publicar luego, sino también de otras personas amantes de Galicia e interesadas en su mayor gloria, tales como los señores Don Juan A. Saco Arce y Don Antonio Machado Álvarez” (libro cuarto, cap. I). Nas memorias dáse tamén noticia das solicitudes feitas por Andrés Martínez Salazar para a revista *Galicia* e para o *Diccionario enciclopédico hispano-americano* (neste caso cunha nota biobibliográfica propia), e por Alfredo Brañas para *Galicia Humorística* que estaba a elaborar Enrique Labarta Pose. Estes apuntamentos constitúen unha mostra da presenza de Valladares na prensa galega do momento, á que, nunha pasaxe das *memorias* se refire como “de corta vida<sup>17</sup>”.

No derradeiro libro, Valladares deixa constancia tamén da súa proposta e posterior nomeamento como correspondente na Real Academia Española, a instancia do marqués de Valmar:

El 18 de octubre escribió el Excmo. señor marqués de Valmar al señor Don Gumersindo Laverde diciendo que iba a proponerme, como individuo correspondiente, para la vacante que a sazón había en la Real Academia Española, cosa que sorpresa me ha causado y, sin el menor consentimiento mío, solicitara el señor Laverde, llevado de su bondad y dando importancia inmerecida, no sólo a mi persona, sino también a un diccionario gallego que yo escribiera y en 20 de octubre de 1878 me pidió le franquease por unos días (libro cuarto, cap. II).

Da publicación do *Diccionario* non só se dá noticia senón que se proporcionan algúns detalles como o feito de ter pasado “el verano [de 1884] todo en Santiago, siendo mi principal ocupación allí la correc-

17 Tal observación faina a propósito de *La aurora de Galicia*

ción de pruebas de imprenta, trabajo enojoso de que nadie quiso encargarse” (libro cuarto, VI), ou o feito de que “me hicieron el honor de suscribirse [ao libro] las cuatro Diputaciones provinciales de Galicia; dejando de hacerlo el Ministerio de Fomento, no obstante el excelente informe de la Real Academia Española, redactado y leído en la misma por el académico señor Menéndez Pelayo” (*ibidem*).

## 2.4. A literatura

Como se dixo en máis dunha ocasión, as referencias de Valladares á súa propia obra literaria son moi escasas, ao contrario do que cabería agardar, sendo esta unha das ocupacións ás que dedicou unha boa parte do seu tempo, especialmente nesa etapa de retiro en Vilancosta. O escritor fai unha única alusión á súa afección xuvenil á lírica e ás súas primeiras composicións nun comentario no que sinala ademais os seus mestres naquela altura e enmarca a lectura e composición de poemas no marco idílico da paisaxe ullá:

entusiasta a la sazón, más que en la actual edad, por la poesía lírica, habiendo leído ya varios de nuestros modernos poetas; deslumbrado con la belleza en el modo de decir de algunos, y ganoso de imitarlos, aprendía trozos de poesías que recitaba luego en alta voz, corriendo el campo. ¡Cuántas veces sobre la verde margen del Ulla recité versos de Moratín, Meléndez y Espronceda! ¡Cuántas tardes y mañanas pasé sentado allí en la campestre alfombra, con mi escopeta al pié, bajo los sauces y los alisos! Y ¡cuántas, cuántas ¡ay! pasé también componiendo yo mismo versos en extremo malos, tan pésimos que, no obstante esmerarme a recitarlos igualmente en alta voz, no hallaba en ellos aquella profundidad de sentimiento, aquella dulzura y fuerza de imaginación, aquel no sé que, en fin, admirado en mis modelos (libro primero, XXVI).

No mesmo lugar refírese á continuidade do seu cultivo da poesía ao afirmar que “entonces y después, empero, compuse muchos, pueriles casi todos, ninguno bueno, ingenuamente lo confieso, por más que en algún periódico viesen la luz pública dos o tres juguetes y conserve en diferentes colecciones manuscritas gran parte” (*ibidem*). De igual maneira que acontece co texto das memorias, o autor explica que o seu propósito coa escritura destes textos non é o de “legar a la

posteridad flores que una a una van los días marchitando, si con el de recordar pasadas impresiones en cada vez que yo los lea, reír o llorar sobre esas marchitas flores que ya no reverdecen.....!” (*ibidem*).

Máis adiante o escritor refírese á conclusión, en 1857, do “cuaderno, o manuscrito, compuesto en Vilancosta durante ociosos ratos, bajo el título de “Escenas contemporáneas: Flora, o hasta donde llega una mujer”. O autor explica acerca desta obra que “no es un trabajo filosófico, ni tampoco una novela. Colección monótona, pero verídica, de escenas mas, o menos, interesantes, es sí empezada página de mi existencia que quise conservar y nunca concluiré, tal vez...” (libro terceiro, cap. III).

Nas memorias reproducense ademais algunhas composicións poéticas escritas en castelán e compostas para algunha ocasión particular. A primeira delas está dedicada á mencionada *madama*\*\*\*. Outras foron escritas para agasallar a familia aos marqueses de San Miguel de Penas. En total, reproducense as seguintes composicións:

- ▮ “Zamora tiene una flor” (libro segundo, VII)
- ▮ “A los excmos. señores marqueses de San Miguel de Penas y su sobrina Margarita el 27 de agosto de 1882” (libro cuarto, IV)
- ▮ “A Margarita” (libro cuarto, IV)
- ▮ “A la Soledad” (libro cuarto, VI)
- ▮ “A los excmos. señores de San Miguel das Penas el día 29 de agosto de 1886 en Oca” (libro cuarto, VII)
- ▮ “A la Excma. señora Marquesa de San Miguel das Penas el dia 20 de agosto de 1894 en Oca” (libro cuarto, IX)
- ▮ “A Pastora” (libro cuarto, IX)

Son estas as únicas referencias que podemos atopar ao logo do extenso texto das *Memorias*. Sorprende a ausencia de composicións escritas en lingua galega e, de maneira especial, o feito de que non haxa ningunha alusión á novela *Majina ou a filla espúrea*, tendo en conta que a data do manuscrito desta é 1870. Semella que o escritor quixo deixar fóra da memoria familiar calquera alusión á xénese do seu texto de ficción.



Co obxectivo de conservar o *perpetuo recuerdo de familia*, de acontecementos e espazos habitados, Marcial Valladares legou unhas memorias eruditas, exhaustivas no que se refire a algunhas das descricións, e entrañables. Malia non deixar espazo no manuscrito para cuestións que tiñan que ver coa súa propia literatura, escribiu fermosas páxinas consagradas á paisaxe ullá, testemuñou acontecementos históricos (o devir convulso do século XIX, a visita de Alfonso XII a Santiago) e, sobre todo, plasmou a existencia cotiá dunha familia da condición da súa e moitos episodios da vida nunha aldea galega do momento. Mais as *Memorias* deixaron tamén aos futuros lectores (restrinxidos e íntimos, de facermos caso ás palabras do escritor) moitos trazos da personalidade dunha das figuras máis relevantes do Rexurdimento galego.





## Dos papeis de Manuel García Barros. En lembranza (e homenaxe) dunha amizade

Juan L. Blanco Valdés

Malia ser Manuel García Barros, *Ken Keirades* (1876-1972), un nome menor das nosas letras, a súa longa vida e a súa obra aparecen de tal maneira orientadas á redención dos seus concidadáns mediante a educación e a cultura, que todos os esforzos tendentes á súa lembranza e o mantemento da súa memoria deben ser, como galegos e, aínda máis, como estradenses, benvidos e estimulados. Retomo neste punto palabras escritas hai máis de trinta anos, ao pouco da súa morte, coas que coincido plenamente:

Se ben é certo que a súa obra non acadará un posto cimeiro na bibliografía galega ela é o froito resultante de quen non se deixou vencer de todo polas circunstancias e conservou decote aceso o facho íntimo do seu honesto galeguismo aínda no trebón da máis aceda adversidade<sup>1</sup>.

O detalle da peripecia vital do noso autor –coma a de todos os homes e mulleres da súa xeración máis chea de sombras ca de luces– foi xa recollido por Xoán Carlos Garrido Couceiro, quen na obra de significativo título *Manuel García Barros. Loitando sempre*<sup>2</sup> desenvol-

- 1 Valentín Arias, «Aventuras de Alberte Quiñó, por Manuel García Barros», *Grial*, 41 (1973), pp. 380-381.
- 2 Xoan Carlos Garrido Couceiro, *Manuel García Barros. Loitando sempre*, Edicións Fouce, Lugo, 1995. En 2002, o mesmo autor publicou unha *editio minor* desta obra, con datos e material gráfico anovado: *Manuel García Barros*, Ed. Fervenza, A Estrada.

ve, con riqueza documental e gráfica, o evoluir da súa biografía. Unha biografía marcada, do meu punto de vista, polo desencontro entre as súas aspiracións literarias, e por ende sociais, e as limitacións ineludiblemente impostas pola súa orixe labrega nunha sociedade de forte inmovilismo —orixe por certo á que nunca renunciou e da que se sentía orgulloso—, a súa residencia case permanentemente rural —aloxada pois dos centros do desenvolvemento estético do momento—, a penuria económica e o illamento, estes aínda terriblemente acuciados dende o cataclismo do 36, pois o *Régimen* sepárao do Maxisterio, impedíndolle de por vida —nunha mostra da xenerosidade característica do franquismo— o seu exercicio. A tan negativos factores impuxo Manuel dende moi novo un exemplar voluntarismo e afán de superación que o levan, tras o desempeño de varios oficios, non só a obter por libre o título de Mestre Nacional senón a desenvolver un importante —malia discreto polo seu carácter local— labor xornalístico-lite-rario na Estrada do primeiro cuarto do século XX, o cal, no contexto dunha España efervescente na que proliferaban xornais, cabeceiras e follas de vida máis ou menos efémera sen outro fin ca a política, lle custará máis dun desgusto (pero moi pouco réditos monetarios). Describe a súa entrada no xornalismo dun xeito inxenuo, case coa conciencia de ser un cabeza de turco —retomarei esta idea máis abaixo— pero moi falagado pola expectativa de situarse socialmente nunha esfera superior e gozar do mel da popularidade:

Eu estaba case en xaxún do que era a política e esfagábame aquilo de ir cos señores. Tratábase de avogados, procuradores, médicos, notarios, rexistradores, veterinarios, comerciantes e case todos os curas do distrito. E figurábase que entre tal xente estaría ben situado. E non me limitei a firmar, senón que me metín de cheo no chollo con ese afán, con esa arrogancia irreflexiva que da a inexperiencia. Establecín unha sección dialogada en galego coa que fixen popular, popularísimo o periódico, e me fixen popular, popularísimo tamén eu. Pero, foi pasando o ano, e máis do ano, e de que me pagaran, nin trazas. Había que conquistar o concello; alí habería cartos para todo. E así me engaiolaban. E como lle collera agarimo ao periódico e tamén á popularidade, deixei-me engaiolar<sup>3</sup>.

3 Garrido Couceiro, 1995: 51.

Naturalmente, Manuel sitúase no bando agrarista, seguidor dos postulados do afouto crego de Beiro –redención social e cultural do labrador, o rei da natureza– e contrario ao caciquismo, en terra estradense representado polo Marqués de Riestra<sup>4</sup>. O semanario *El Estradense*, que nace o 15 de decembro de 1906<sup>5</sup>, constitúese en portavoz do agrarismo fronte a *La Voz del pueblo*<sup>6</sup>, voceiro do partido contrario. Da temperatura na rivalidade entre os dous bandos dá mostra o agarimo co que o anónimo articulista de *El Estradense* se refire a *La Voz del Pueblo*:

Os arranques noxentos dun órgano oficial, dese papelucho infame, escrito na taberna por catro perdidos, e que non ten outra misión que a de inxuriar á xente honrada, mentir descaradamente e adular aos chupadores do suor do pobre<sup>7</sup>.

Pola súa banda, os partidarios do riestrismo, na vila representado por Faustino Ulloa e Miguel Nine, axiña *descobren a pluma de Ken Keirades detrás de Fabricio e Fabio*<sup>8</sup> e *empezan os contra-ataques contra el [...]* *Acúsano fundamentalmente de ser pobre e de escritura con deficiente corrección gramatical, vendido por dúas pesetas aos señores Losada e Espinosa*<sup>9</sup>, referíndose a el «como pobre diablejo»<sup>10</sup>.

4 Garrido Couceiro, 1995: 47-84.

5 O periódico ten dúas épocas: na primeira, que abrangue os números 1 —de 15.12.06— ao 108 —de 9.9.09—, leva dúas cabeceiras: *Periódico semanal* (núms. 1-78) e *Semanario Agrícola Social. Director Gerente: M. García Barros* (núms. 79-108). A refundación do periódico é de 1918, baixo a dirección de novo de García Barros. Cfr. Enrique Santos Gayoso, *Historia de la prensa gallega. 1800-1986*, Eds. do Castro, 1990, p. 407 e 520.

A colección completa (108 números) da primeira etapa deste periódico, probablemente cedida polo propio García Barros a Mario Blanco Fuentes, foi doada por quen subscribe ao Museo do Pobo Estradense en 2003.

6 Segundo Santos Gayoso, *op. cit.*, p. 352 e 412 fundado orixinalmente en 1898 e refundado en 1906.

7 *El Estradense*, 35 (10.8.07). Citado por Garrido Couceiro, 1995: 55.


8 Algúns dos pseudónimos cos que —visto o teor do seu labor xornalístico— loxicamente Manuel agochaba a súa identidade: *Fabricio Claridades, Fulminante, Fabio Lucio, M. Garcés Barroso, Xan da Ulla, Juan Verdades*, e o máis famoso de todos, que o escritor adoptou como propio: *Ken Keirades*. Garrido Couceiro, 1995: 52.

9 Miguel Losada, pai de Antón Losada Diéguez, e Laurentino Espinosa, líderes do bando contrario ao riestrismo.

10 Garrido Couceiro, 1995: 52-53.



Foto familiar coa que García Barros agasallou a Mario Blanco, xuíño de 1957.



Nas condicións dunha pequena vila como A Estrada dos albores do século non é difícil imaxinar os tintes e evolución dunha rivalidade desta natureza. En opinión do dirixente agrarista local Pedro Varela Castro, alcalde entre 1917 e 1920 e director do periódico *El Eco de La Estrada* –no que, por certo, non deixa de ser un notable exercicio de ponderación e autocrítica na súa condición de correlionario de García Barros–:

Hubo en La Estrada, allá por los años de 1906, 907 y 908, dos semanarios titulados *Voz del Pueblo* y *Estradense*, que pertenecían a otros tantos grupos políticos. Se enredaron esas publicaciones en una campaña sañuda rivalizando en la injuria y en la insidia estrellándose en contiendas mezquinas de personalismos y vidas privadas. Fue una faena de triste recordación de la que se cosecharon muchos odios, aún no extinguidos del todo<sup>11</sup>.

Ao aceptar a responsabilidade do xornal é significativa a asunción por parte de García Barros do ingrato papel de cabeza de turco

11 Pedro Varela Castro, *La Estrada*, Tipogr. El Eco de Santiago, 1923, p. 117.

co que os *señores* da vila á vez que exercían na sombra unha dura oposición aos seus rivais safábanse das posibles sancións. Con todo, segundo Garrido Couceiro,

Ken Keirades non se resignou a ser un home de palla, e os seus ataques contra o caciquismo de Ulloa e Nine eran feroces denuncias do sistema político que pariu a estes dous señores. Ademais, *El Estradense* ofrecíalle a oportunidade de publicar as súas composicións literarias<sup>12</sup>.

Do meu punto de vista, non é doado determinar cómo operaba en Manuel este xogo de forzas opostas, bastante representativo, polo demais, de moitas figuras da época. Por unha banda, ben sabía que a súa extracción o excluía do estrato dos *señores* —por moi progresistas que fosen politicamente, plenamente conscientes no social da súa xerarquía— de xeito que, coma el mesmo recoñece no treito citado máis arriba, os eventuais problemas derivados do seu labor á fronte da publicación compensábaos coa integración, ata certo punto, no círculo dos ilustrados burgueses locais. Por outra banda, en efecto, como encanar as súas arelas literarias e aspiracións culturais nunha vila coma A Estrada de entón? As páxinas dun periódico local eran un camiño limitado, si, pero un camiño a fin de contas. De feito, será nas páxinas de *El Emigrado*<sup>13</sup> onde van aparecer os «contiños da terra» que logo o autor

12 Garrido Couceiro, 1995: 52..

13 Co subtítulo «Órgano de las sociedades de emigrados y de agricultores» era un semanario aparecido o 15.9.20 e dirixido dende a súa fundación por García Barros. Segundo Santos Gayoso (*op. cit.*, p. 534) *cesa en 1940 por dificultades oficiales obvias*. Cfr. tamén D. Vilavedra (coord.): *Diccionario da Literatura Galega, II, Publicacións periódicas*, Vigo, Ed. Galaxia, 1997, s.v. *Emigrado, El*.

lo XVII, en considerar este lugar particular chamado *A Estrada* como procedente do sintagma galego e non latino (lingua que debeu morrer moito antes da aparición deste topónimo) \*(*vía*) ou \*(*verea*) *estrada*, sendo “estrada”, neste suposto, participio galego do verbo “estrar” (e non do latino *stemere*) no seu significado de estender estrume, xeralmente capas de toxo, non nas cortes do gando, senón nas corredoiras; operación que se facía, sobre todo en tempo de inverno, nos lugares costentos ou, tamén, nos pasos erosionados ou mesmo onde había moita lama. Así, malia que os dicionarios de galego só recollen o sentido moderno da recuperada voz “estrada” como sinónimo da castelá *carretera*, aínda é felizmente recordada na tradición oral a voz “estrada” co seu significado xenuinamente galego de canella ou corredoira estrada ou cuberta de estrume; significado que estivo vivo ata hai ben poucos anos en varias comarcas galegas, a saber no concello coruñés de Tordoia (noticia de Xosé Pereiro) e no lugúes de Láncara, como lle escoitamos ao profesor Basilio Losada (*Encontros de narrativa castelá, catalana e vasca*, Uned da Coruña, 19-4-2001).

Ao anterior respecto, o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez ofrece as voces “estrar” e “estrumar” co significado de estender “estrume en los corrales y en las corredoiras para facilitar el tránsito en días llovedizos (sic) y hacer abono para mejorar las tierras”. Así mesmo, don Eladio, tamén explica, co seu especial estilo decimonónico, que “Antiguamente se *estrumaban* también las calles de algunas ciudades gallegas; y como esto era peligroso para la salud pública, las ordenaciones (sic) de Orense de 1509 han prohibido que desde el primero de cada mes de diciembre se lanzaran *estrumes* en las rúas” (Rodríguez González, 1980, (reed.), voz *estrumar*, t. 2: 309). Operación, descrita por don Eladio, que quizais se fixese na *Estrada*, aínda que esta nosa teoría sobre a explicación do topónimo se faría definitiva, que aínda non o é, se algunha persoa maior recordase, a través da tradición oral, a devandita acción de estrumar con toxo algún camiño antigo máis ou menos flanqueado de casas da nosa *Estrada*. Operación que se verían obrigados a facer



O cruceiro do barrio do Cruceiro, núcleo poboacional orixinario da vila.

os nosos tataravós sobre unha vía impracticable, costenta, descarnada ou con lama e que estivese un tanto apartada das actividades comerciais con casas campesiñas ao seu carón, máis relacionadas con esixencias agrícolas e rurais que coas de tipo puramente comercial. Camiño ou vereda dese tipo que existiu, para molestia e desespero dos nosos devanceiros, na *Estrada*, concretamente na rúa do Cruceiro, que debeu ser o núcleo poboacional orixinario da vila. A este respecto, o que foi o noso excelente profesor de primaria nos anos sesenta e hoxe escritor, don Olimpio Arca Caldas, explica nun traballo, aínda que sen se meter na posible etimoloxía do topónimo, que a actual rúa estradense do Cruceiro “Barrio emblemático (abofé) de la villa y quizás el más antiguo” foi un “Camino con pendiente pronunciada y durante mucho tiempo sin ser asfaltado, las lluvias, en su efecto de erosión y transporte, depositaron sus sedimentos en el rellano, al pie del crucero... Aquel camino descarnado y un tanto apartado de la actividad comercial, con sus casas asentadas según las exigencias de tipo agrícola, estuvo muchas veces olvidado en los planes de urbanización. En el año 1911 se declara nece-

sario su arreglo inmediato. En los años 1924-25 los vecinos denuncian la existencia de una zanja inmundada (que) ´constituye desde hace mucho tiempo (¿canto?) un foco de infección` ... la calle uno de los asentamientos más antiguos y representativos de nuestra Villa....” (Arca Caldas, 1995: 151-152).

Deixando o topónimo *A Estrada*, que se viñese do latín *\*(via) strata*, en referencia a un camiño estrado de laxes, non tería para nós máis categoría que se o fixer do galego *\*(verea) estrada*, en alusión a un camiño estrado de toxos (a falta de pedras bos son os humildes toxos para estrar unha verea), pasamos ao topónimo *A Cañoteira*, nome de lugar estradense que debeu facer referencia en orixe a un lugar antano cuberto de cañotos ou canotos, que puideron ser cachopas ou cepas arbóreas, canas secas de millo ou mesmo canas ou restrollos de centeo, trigo, etc.

Outro lugar, como o devandito da *Cañoteira*, hoxe próximo, aínda que non tanto, ao núcleo urbano da vila da Estrada é o chamado *Figueiroa*, que se diversifica nos topónimos *Figueiroa de Arriba* e *Figueiroa de Abaixo*, nome de lugar tamén de orixe vexetal, que fai referencia neste caso a unha figueiriña ou figueira pequena, que habería no lugar no momento do nacemento do topónimo, xa que *Figueiroa*, mellor ca *Figueroa*, vén da palabra latina *ficariola*, diminutivo de *ficaria*, “figueira”.

Moi próximo tamén á vila da Estrada está o lugar coñecido como *As Colonias*, topónimo moderno que está relacionado co carácter de vila “airista” co que se coñecía á Estrada a comezos do século pasado, polos seus saudables aires de media montaña, idóneos para curar enfermidades pulmonares e outras doenzas. Así, á parte de edificarse un sanatorio, hoxe desaparecido, e de explotarse daquela varias pensións e hospedaxes, que acollían no verán doentes adultos, no ano 1917 o filántropo vigués don Fernando Conde Domínguez establece no lugar do Sixto, a menos dun quilómetro do centro da vila, unha residencia destinada ao albergue das chamadas “Colonias Escolares”, onde cada verán acudían os escolares viganeses de máis



cativa economía (Arca Caldas, 2000: 194); establecemento ao que alude o actual topónimo *As Colonias*, que recolle o último significado da polisémica palabra “colonia” igual a “conxunto de actividades educativas e lúdicas destinadas a completar a acción educativa da escola”, e, por extensión, “lugar onde se realizan esas actividades” que, como vemos, tamén pode ser un lugar de vacacións e descanso.

Aínda que non o pareza nun principio, co noso topónimo *As Colonias* está relacionado o de *Colonia*, en alemán *Köln*, referido á cidade xermana dese nome, así chamada por ser no tempo do imperio romano unha colonia, do latín *colonia*, recollendo este topónimo outro significado da palabra “colonia”, igual a “territorio ou país sometido e dominado por outro país máis poderoso”.

Na devandita cidade de Colonia empezouse a fabricar un perfume composto de auga, alcohol e esencia, que nun principio se chamou “auga de Colonia”, xurdindo a voz e o concepto “colonia” con estoutro significado, ao que cómpre engadir o de “*coloniales y ultramarinos*”, referido ás tendas de comestibles dese nome, hoxe case desaparecidas, que nun principio venderían exclusivamente produtos ultramarinos (té, sucre, cacao e especias), isto é, produtos de *ultra* ou máis alá do mar, é dicir, produtos *coloniales* ou das colonias, que o imperio español tiña ao outro lado do mar océano. A este respecto, recordamos con señardade a tenda de *coloniales e ultramarinos* ou *ultramarinos e coloniales*, tanto monta, monta tanto, que o señor Silva rexentaba (hoxe faino un fillo) na rúa estradense Pérez Viondi, onde nos escasos, mais creativos e heroicos anos sesenta, xogabamos de nenos ás tendas nunha tenda de verdade, grazas ao bo carácter e paciencia do citado señor.

Outro lugar de nome atraínte que nos retrae á nosa nenez, situado daquela a carón da vila estradense, pero neste caso emprazado na estrada de Codeseda, é ou era nos devanditos anos sesenta o chamado *El Caño Sifón*, que hoxe, coa xusta, lóxica e natural restitución dos topónimos galegos ao galego (non vaia ser que esteamos en Galicia), cómpre chamar *O Cano Sifón*; hidrónimo que nos fala da

existencia dun sifón no lugar; isto é, dun artiluxio hidráulico que fixese pasar a auga dun cano dun nivel máis baixo a outro máis alto.

Verbo da *Baiuca*, nome de rúa e no seu día de descampado, onde, moito despois do nacemento do topónimo, se construíu o campo de fútbol da Estrada, dicir que este nome de lugar é bastante frecuente en Galicia e que se refire á antiga existencia nos lugares así chamados de baiucas, que eran as tabernas do seu tempo. Así, no devandito *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez a voz “baiuca” aparece co significado de “taberna, bodegón, figón” (Rodríguez González, 1980, (reed.), voz *baiuca*, t. 1: 308), e, segundo o profesor J. L. Pensado, dende mediados do século XVI a toponimia galega énchese de *bayucas* ou baiucas. Este investigador di que o feito se debe ao regreso de emigrantes galegos das grandes urbes hispánicas, que fundaron estas tabernas, nacemento desta maneira as baiucas en Galicia, que no seu tempo cubrirían un servizo, e que hoxe, desaparecidas, quedaron felizmente enquistadas na toponimia.

De que os termos baiuca e taberna foron sinónimos no seu tempo, dá fe un anuncio que vimos, xa hai algúns anos, na porta da igrexa parroquial de Rodís, pertencente ao concello coruñés de Cerceda. O anuncio, que informaba sobre a celebración dunha poxa de fincas, nun dos seus parágrafos dicía así, cita textual: “finca de monte Bayuca, atrás de la Taberna antigua”, onde os topónimos *Baiuca* e *Taberna Antiga* se deben referir a un mesmo establecemento (Cabeza Quiles, 2000: 24).

Con relación ao topónimo *A Baiuca* da Estrada e como anecdótico cómico-sentimental direi que no campo de fútbol así chamado da vila estradense un servidor xogou moito e ben ao fútbol, antes de se ter que reciclar como ciclista, porque os adestradores dos equipos infantís dos anos sesenta (joer que tropa) non me puñan nas aliñacións -porca miseria- por ser alumnos de meu pai, profesor de matemáticas seguramente demasiado estricto. Téñolle que estar moi agradecido a aqueles *justicieros* de a patacón, que querían aprobar sen daren pancada, porque logo fun ciclista limpo de competición



O actual campo de fútbol da Baiuca.

durante moitos anos e pasei e aínda paso momentos deliciosos coa miña querida bicicleta.

A carón do campo de fútbol da Baiuca, aló tamén polos recordados anos sesenta, había unha única moreira á que un servidor, aproveitando a súa axilidade de neno miúdo, agabeaba para coller as súas follas coas que alimentar uns vermes de seda, que gardaba nunha caixa de zapatos. Moito anos despois, grazas a un artigo de don Mario Blanco Fuentes, eficaz e culto alcalde da Estrada nos devanditos anos, decátome que aquela árbore solitaria debía ser a derradeira sobrevivente dun conxunto delas da súa mesma especie. Así, no número 5 desta mesma *Miscelánea histórica e cultural* correspondente ao ano 2002, nun artigo do devandito señor sobre a historia do campo de fútbol da Estrada, publicado postumamente, con transcripción, edición e notas de Juan Andrés Fernández Castro, leo: “Este campo de A Baiuca (antes de faceren o actual estadio)... se encontraba al final del conocido por entonces *Paseo de las Moreras* que hoy ocupa la carretera que lleva a la Torre de Guimarei” (Blanco Fuentes, 2002: 38-39). Foi, xa que logo, *O Paseo das Moreiras* un fermoso topónimo urbano da Estrada hoxe tristemente desaparecido, que facía alusión a un conxunto de árbores postas en renque da especie chamada moreira, familia vexetal que, malia ser foránea e chegar relativamente tarde a

Galicia, creou topónimos de tipo *Moreira*, *A Moreira*, *Moreiras* e *As Moreiras* ou *Moreiriñas* e, na Estrada, o devandito *Paseo de las Moreras*, que, de existir hoxe, sería *O Paseo das Moreiras*, non vaia ser outra vez que esteamos en Galicia.

Outro lugar e topónimo senlleiro da parroquia de San Paio da Estrada é *O Pedregal*, nome de lugar tamén próximo á capital municipal, que é, tal como parece, un abundancial de pedra en -al, que nos fala dun “pedregal”, de *petricale*, isto é, dun lugar cheo e abondoso en pedras. Ao respecto deste fermoso e sonoro nome de lugar, dicir, viaxando outra vez no tempo, que nos lembramos, esta vez con moito agarimo, de Concha; unha señora que nos axudaba na casa como asistenta doméstica e que me levaba moitas veces canda ela á súa aldea do Pedregal, onde a súa nai, unha velliña valente e enloitada das de antes, ao irmos coas vacas (eu tamén fun coas vacas de rapaz) falábame de lendas de mouros que vivían debaixo de grandes pedras, que xacían soterradas baixo o herbal da aldea onde o gando estaba a pacer. Lembro tamén que, para ilustrar e demostrar a característica pétreo daquel terreo, a devandita señora vareaba con forza o chan co seu pao de aguilloar os animais, obtendo como resposta inmediata un eco descomunal, que viña das profundidades daquela misteriosa pradaría, que resoaba dese xeito por ter debaixo un gran pedregal, perfectamente toponimizado como *O Pedregal*.

Non lembro se dende a aldea do *Pedregal* se vía a do *Vilar*, de *villare*, en alusión a un vilar ou aldea pequena, pero si recordo que se podía divisar o *Río dos Sapos*, xa pertencente á limítrofe parroquia de Santa Baia de Matalobos; topónimo de obvio e transparente significado que nos fala, coma se fose un segredo a voces, dunha pequena corrente fluvial frecuentada ou abondosa en sapos, voz onomatopeica que se refire ao son (sa, sa, po, po ou algo similar) que producen diversas especies de anfibios anuros, a maioría do xénero bufo, entre os que se atoparían os sapos perpetuados no topónimo.

Se no *Río dos Sapos*, había sapos, no próximo lugar chamado *A Brea* houbo unha vereas, vieiro ou camiño, xa que *A Brea* é un nome

de lugar que provén da palabra do baixo latín *vereda*, “ruta de posta, camiño”, vocábulo que á súa vez procede do latín *veredus*, que significa “cabalo de posta”. Así, a aldea estradense da parroquia de Matalobos chamada *A Brea* está hoxe á beira dunha estrada nova que se construíu, segundo nos contaron no lugar, sobre o trazado dunha antiga vereas (quizais a do topónimo), que era, cita textual dun vello señor do lugar, “tipo congostra e ía moito máis fonda ca hoxe” (Cabeza Quiles, 2002: 123).

Por outra banda, dicir que o termo latino *vereda* estaba asociado a diversas actividades ou traballos relacionados co camiño antigo dese nome, dando palabras derivadas coma a tamén latina de *veredarius*, o correo-mensaxeiro así chamado por se desprazar no seu cabalo de posta ou *veredus* pola *vereda*. Máis modernamente e dende o romance a partir da palabra xa galega “verea” temos o vocábulo derivado desta voz “veredeira”, igual a “recadeira que andaba polos camiños ou polas vereas” (*Gran diccionario...*, 2000: 1956 e Franco Grande, 1972: 835). Tamén o adxectivo “vereador/a”, igual a “concorrido, frecuentado” (*Gran diccionario...*, 2000: 1956 e Franco Grande, 1972: 835), que nun principio se referiría a unha vereas vereada, isto é, concorrida ou frecuentada. “Vereiro”, igual a “justicia, gobernador” e “verear” co significado de “hacer justicia, gobernar”; vocábulos que Carré dá como arcaicos (Carré Alvarellos, 1972: 870), e que nun principio terían o significado máis restrinxido de enviar mensaxeiros con ordes (para seren cumpridas) polas vereas. Os devanditos mensaxeiros chamábanse en castelán *veredores*. O portugués recolle os vocábulos *vereador* co significado de “membro da cámara municipal, edil” e *verear*, “administrar como vereador, exercer funcións de vereador” (Cabeza Quiles, 2002: 130).

Outra expresión que naceu por e para a vereas, en castelán *vereda*, é a de *poner en vereda*, que nun principio debeu significar “transmitir ou poñer en circulación certas ordes postas por escrito utilizando as *veredas*”, e que máis tarde, por unha ampliación de significado, pasou a expresar a idea de espelir a alguén para que se poña en

circulación: “a ti voute eu poñer en *vereda*”, dicímoslle a alguén indolente, preguiceiro ou pasmán.

Fóra da *Brea*, outro lugar da parroquia de Matalobos é o chamado *A Graña*, topónimo procedente dunha antiga palabra igual ou parecida a *\*grania*, que se refire a antigas “grañas” ou granxas; fundacións eclesiásticas de rango inferior aos mosteiros e priorados, as cales, tendo á fronte un monxe labrego chamado mestre, eran, as que fornecían alimentos e produtos agropecuarios aos seus respectivos cenobios (Cabeza Quiles, 1992: 220).

Verbo de *Guendos*, non sabemos o que significa, mais si coñecemos, ou cremos coñecer a etimoloxía e o significado do topónimo *Matalobos*, onde, malia a aparencia do topónimo, non era un lugar no que mataban lobos, xa que, aínda que este rechamante nome de lugar poida ter outras explicacións, nós coincidimos coa apreciación do profesor Pensado en canto a que podería referirse ao nome dunha planta. Así, este autor sinala que: “Quizás sea un fitónimo aludiendo al ‘matalobos’” (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 128); planta que segundo o padre Sarmiento “Llámase así (o ‘matalobos’) en Galicia a todo género de acónito o de lycoctono” (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 128).

En castelán tamén existe a palabra *matalobos* para referirse á mesma planta (Corominas-Pascual, 1997, voz *matar*, t. 3: 880). O mesmo que en portugués (Machado, 1977, voz *mata-lobos*, t. 4: 75). Esta planta, ao pertencer ao xénero acónito, é velenosa e puido recibir, segundo pensamos, o nome de “matalobos” ao aplicarlle o folclore popular a propiedade de matar o lobo, animal maldito na nosa e outras culturas, e auténtica besta negra de bosque, da que había a necesidade de protexerse, gardarse e mesmo exorcizar con plantas como a devandita de “matalobos” ou queimando, entre outros costumes ou ritos, a folla doutras, como a chamada en castelán *guardalobos*, da que nos fala o marqués de Villena, que tiña a suposta propiedade, como indica o seu nome, de ser un antídoto contra o temible animal.

Volvendo ao topónimo *Matalobos*, este puido ser nun principio *\*Horta de Matalobos* ou *\*Campo de Matalobos*, como ocorre cos topó-

nimos, entre outros, *Verdeogas*, Dumbria (A Coruña), que antes foi *Campo de Verdeogas*, en alusión a un campo onde abundaba outra planta; e *Malvares*, topónimo repetido en Galicia, que debeu nacer a partir do de *Campo de Malvares*, en clara alusión a un campo de malvas.

Un nome de lugar similar ao de *Matalobos*, que pode reforzar o significado deste, é o de *Matacáns* que, como nos casos anteriores, antes foi *Huerta* (no sentido de campo) de *Matacáns* (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 161), que se converte en *Matacaes* en Portugal, e que para o profesor Pensado é un sintagma toponímico transparente, que pode remontar a un alcume ou a un fitónimo semellante ao portugués “*mata-caes*. Acónito, cólquico (cólchico), matalobos o *mata-cao*. Planta venenosa... (é a mesma que a chamada “matalobos”)...” (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 1161-162).

Outros nomes de plantas similares á galega de “matalobos” e á portuguesa de *mata-caes*, na composición do nome das cales entra o verbo “matar” por seren velenosas, que parecen reforzar o carácter de fitónimo do topónimo *Matalobos*, son as de “matacabalos” e “matapulgas” (trátase doutro nome do trobisco). En canto á planta chamada “matalobos”, para nós a causante do topónimo da mesma forma, o devandito dicionario enciclopédico de Eladio Rodríguez a rexistra co significado de “Acónito, planta anual ranunculácea, de flores azules. Es frecuentemente venenosa; sus raíces y hojas tienen sabor acre y quemante...” (Rodríguez González, 1980, (reed.), voz *matalobos*, t. 2: 599).

Malia o anterior, o profesor Pensado tamén indica do topónimo *Matalobos* que (é certamente outra posibilidade viable) “no se puede desechar la posibilidad de que remonte a un apodo de persona” (Pensado/P. Sarmiento, 1999, t. 1: 128).

Na parroquia de Matalobos tamén existe un lugar chamado O *Chan das Saíñas*, que ofrece, de acordo coa primeira parte deste topónimo, un chan ou superficie plana onde antano puido haber varias “saíñas”, voz que debe ser neste caso concreto diminutivo do vocá-

bulo de orixe xermánica (gótica) *salas*, plural de *sala*, “casa dunha soa habitación ou habitáculo pechado con paredes”, que tamén deu os topónimos galegos *Sas* e *Zas*, este último debido a un proceso de falsa corrección con ceceo (Cabeza Quiles, 1992: 517). Como os devanditos topónimos *Sas* e *Zas* deben facer referencia a grandes explotacións agrícolas, tipo granxa ou vila agropecuaria do período suevo, o *As Sañas* do topónimo *Chan das Sañas*, poden aludir a pequenas granxas ou espazos agrícolas pechados. A este respecto, nada menos que o profesor e investigador Piel opina que “parece muito posíbel que tamém o gal. *Saiñas* (La Coruña e Pontevedra) assente em \**Sal-iña*, ou seja ‘sá pequena` ” (Piel, 1989: 124).

Pola súa banda, o profesor Mariño Paz, que coma J. M. Piel non distingue as “sañas” terrestres das litorais (nós farémolo de seguido), opina que “o substantivo gótico SALA (cf. Piel 1973), que tiña un significado para nós incerto, pero probablemente próximo dos de ‘casarío’, ‘pazo’ ou ‘quinta’ ” daría “nomes de lugar como *Saa*, *Sa*, *Saas*, *Sales*..., e, cun sufixo diminutivo, *Sañas*” (Mariño Paz, 1998: 69).

Aínda que o topónimo *As Sañas* pode ter ese significado cando se documenta terra dentro, como no caso da parroquia estradense de Matalobos, se nomea territorios costeiros, e razoable que se refira, neste segundo caso, a antigas *salinas*, vocábulo latino, que pode dar, ao pasar ao galego, o de “sañas”, perdendo, no seu paso ou evolución do latín á nosa lingua, o seu *-l-* intervocálico e aparecendo un *Ô* entre o *i* tónico nasalizado e o *a*, como sucede, por exemplo, no paso de *gallina* a “galiña” (Cabeza Quiles, 2000: 379).

Abandonando a parroquia de Santa Baia de Matalobos e saltando á de San Lourenzo de Ouzande, dicir que *Ouzande* puido ser nun principio \**Ousande* (sen o seu actual posible ceceo), topónimo que acocha, segundo pensamos, un nome de persoa de orixe xermánica (suevo ou visigodo) rematado en *-sande*, ou mellor en *-sende* (sen a posible disimilación do primeiro *e* -*Sende-* en *a*), que recolle a terminación latinizada *-indus* do gótico *sinths*, “camiño”. Así, dunha suposta, pero moi posible, \*(*villa*) *Ausendi*, é dicir, *villa*, en canto a



explotación agrícola medieval, graña, granxa dun tal *Ausendus*, puido saír o topónimo estradense *Ouzande*, que tan bos recordos nos trae e que de neno visitabamos con frecuencia co noso amigo Manolo Barral, os avós do cal nos agasallaron unha vez cun saboroso chourizo da súa matanza. A este respecto, non ao respecto do chou-



Camiño de Ouzande, a primitiva posesión de *Ausendus*.

rizo, senón da explicación do topónimo *Ouzande*, nun documento do ano 954, publicado por don Antonio López Ferreiro (nós non compartimos a teima pseudodemocrática e pseudoprogresista de quitarlle o don a quen o merece) cítase unha persoa chamada *Ausendus* (López Ferreiro, 1901, (edic. facsím.): 227). O tal *Ausendus*, á parte do de *Ouzande*, tamén puido dar o topónimo, repetido en Galicia, *Ousende*, que non sufriría o ceceo, conservando o seu -s- etimolóxico, nin a devandita disimilación do seu primeiro *e* en *a* (*Ousende*); fenómenos fonéticos que si se deron en *Ouzande*, que por iso non é hoxe *Ousende*, aínda que ambos os dous topónimos veñan ou poidan vir do devandito sintagma medieval \*(*villa*) *Ausendi*, isto é *villa* de *Ausendus*.

Seguindo nesta parroquia, que, por mor do chourizo de marras, sempre me lembrará, como a Marcel Proust a madalena, a miñanenez, atopámonos co topónimo *Alemparte*, formado por *Alén*, do latín *ad illinc*, “ao outro lado de”, e “parte”, en clara alusión á situación desta aldea así chamada, que se atopa, segundo a perspectiva de quen crearon o topónimo, alén ou da outra parte do río Pinguela, se vimos da vila da Estrada, en dirección norte sur.

Seguimos en San Lourenzo de Ouzande e non dicimos ren ao indicar que o topónimo transparente *O Castro* se refire a existencia no lugar dun destes poboados fortificados da Idade do Ferro, que tanto adornan e humanizan a paisaxe da nosa terra.



O lugar de Alemparte na lonxanía, da outra parte do río.

Se na aldea chamada *O Castro* hai un castro, na denominada *O Formigueiro* houbo un formigueiro, isto é, un galería cavada polas formigas debaixo da terra para criaren e viviren.

No lugar da *Penarada*, no canto de viviren e laboraren as formigas, debe haber unha pena, e o topónimo *O Redondo*, nome doutra aldea da parroquia de Ouzande, é un topónimo orográfico, que se refire e alude á configuración redonda do terreo.

Xa na parroquia de Toedo, este topónimo, tal como explicamos noutra *Miscelánea* (Cabeza Quiles, 2003: 155 e ss.), pode ter dous posibles significados. En primeiro lugar pode ser un topónimo de traslado, traído a Galicia e ao actual concello da Estrada por un grupo de mozárabes procedentes de Toledo, que fundarían aquí un pequeno núcleo poboado co nome da súa cidade de procedencia. Mais, aínda considerando a presenza certa en Galicia de toldaos ou toledáns, os posibles fundadores e creadores do topónimo *Toedo*, esta teoría tropeza, segundo pensamos, coa perda do *-l-* intervocálico de *Toedo*, procedente de *\*Toletum*, xa que esta desaparición debeu producirse antes da chegada dos hipotéticos emigrantes procedentes da cidade de Toledo.

Verbo da segunda possibilidade, para nós a máis fiable, coidamos que o topónimo *Toedo*, coma o seu case homónimo *Toledo*, pode proceder dunha base \**tol*, “altura”; detalle orográfico que se cumpre en relación ao *Toedo* estradense, situado sobre unha pequena pero definida altura e, de maneira aínda máis manifesta no caso da cidade de *Toledo*. A este respecto, do topónimo *Toledo*, para nós o tocaio castelán do *Toedo* galego e estradense, di o investigador Emilio Nieto: “A pesar de que la bibliografía es amplia y compleja, sólo puede asegurarse que *Toletum* es adaptación latina de un topónimo anterior, en el cual se puede aislar un elemento \**tol*- cuyo significado es, probablemente, “altura”, presente en una amplia serie de topónimos de España y fuera de ella” (Nieto Ballester, 1997, voz *Toledo*: 340). Entre esa serie de topónimos atópase, segundo pensamos, o *Toedo* galego.

Tocante á orixe do topónimo *Toledo* e, por extensión, do noso *Toedo*, parece moi antiga. Así, para Menéndez Pidal o *Toledo* español podería ter correspondencia cun *Toleto* lígur do Piemonte italiano da provincia de Alexandría e cun *Tuleto* existente en Toscana (Menéndez Pidal, 1980: 173).

A mesma posible orixe lígur ou ilirio-lígur ou ambro-lígur-iliria que propón para o topónimo *Toledo* Menéndez Pidal é referendada por Rafael Lapesa, quen atopa correspondencia entre o *Toledo* hispano e o devandito *Toleto* do Piemonte e con outro *Toleto* que hai en Lombardía (Lapesa, 1962: 14-15).

Para Moralejo Laso o substrato ilirio-lígur ou ambro-ilirio, coma di el, tamén estaría presente nos devanditos topónimos peninsulares *Toledo* (*Toletum* en época romana), o *Toledo* de Huesca, *Toledillo* de Soria, *Toleda* de Badajoz e o *Toleto* do Piemonte. Todos estes nomes de lugar tiveron, segundo o citado profesor, o seu correspondente galego nun *castellum Toletum* tirado da expresión *castellani Toletenses* da inscrición latina dunha táboa de hospitalidade romana achada no Caurel e publicada na revista “*Emérta*”, XXVIII, 1960, 143-146 (Moralejo Laso, 1977: 28-29 n. 13). Este *Toletum* é dado por desaparecido polo profesor Moralejo (Moralejo Laso, 1977: 32 n. 23).

Malia o anterior, nós consideramos que o devandito e documentado *castellum Toletum* puido dar, por eclipse ou desaparición do vocábulo *castellum*, a perda do *-l-* intervocálico e a sonorización do *-t-* tamén intervocálico, o topónimo *Toedo*, quizais desaparecido no Courel, pero presente no concello da Estrada (Cabeza Quiles, 2003: 158).

No lugar chamado *A Carballa*, aldea da parroquia de San Pedro de Toedo, houbo unha carballa, isto é, un carballo vello e grande, toda vez que este topónimo toedán debe recoller o denominado xénero dimensional, que en feminino non indica, como cabería esperar, xénero nin sexo, senón tamaño (de aí o seu nome de xénero dimensional); referíndose os vocábulos en feminino a obxectos e realidades máis grandes cós mesmos vocábulos expresados en masculino. Así, unha carballa é máis grande ca un carballo, coma unha leira é máis grande ca un leiro, ou unha agra máis grande ca un agro (Cabeza Quiles, 2000: 113-114).

Seguindo na parroquia de Toedo, no lugar nomeado *O Soutiño* houbo un souto, do latín *salto*, pequeno, é dicir, unha pequena superficie arborada preferentemente con castiñeiros.

Verbo de *Talló*, mellor *O Talló*, é un diminutivo de “tallo”, e vén, como tal, do latín *taliolo*, en alusión a un tallo, isto é, a unha finca ou terreo cultivado de pequenas dimensións. Este topónimo *Talló*, engadindo na pronuncia un *-n* final, pasou como apelido a *Tallón*, antroponimo que documentamos na veciña vila da Estrada, demostrándose moi ben neste caso que os topónimos *Talló* e *Tallón* son o mesmo, aínda que o de *Tallón*, moi espallado por Galicia, tomouse como un aumentativo (se ben realmente é un diminutivo enmascarado de falso aumentativo) pola teima parva de querer fuxir do pequeno e do humilde para instalarse no grandilocuente e grande, pois, xa se sabe que “cabalo grande, ande ou non ande”.

O significado dos topónimos *Talló* e *Tallón* (en realidade son o mesmo) aínda está nos dicionarios de galego, que documentan a voz “tallo” co significado de “leira moi pequena ou parte separada ou dividida doutra leira grande” e “anaco de terreo rectangular utiliza-

do como sementeiro”; significados que tamén se lle aplican á voz “tallón”, pois, como indicamos antes, é a mesma palabra e topónimo ca “talló”, que provén, como tamén dixemos anteriormente, de *talio*-lo, diminutivo de *talio*, e este do verbo latino *taliare*, “cortar, dividir”.

Nos documentos antigos vese ben o sentido da voz e do topónimo *Tallo* de finca ou herdade. Así, nun do ano 1115 podemos ler: “tam istam (quintam) quam et illud talium quod est in Fiscain in ripa Ulie” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 3: 101), en referencia a unha finca máis ou menos pequena ou *talium* (tallo), que estaba situada na ribeira do río Ulla.

Noutra proba documental do ano 1267 da Colección diplomática do mosteiro de Oseira unha tal Xoana Pelaez e outra persoa venden unha herdade, finca pequena ou tallo por cincuenta soldos: “et ego Johanna Pelaiz... vendemos a vos... u (o) nosso tallo do Negral” (Romaní Martínez, 1989, t. 2: 899).

Noutro testemuño documental do Tombo de Celanova cítase un tallo de viña: “et uno talio de vinea” (Andrade Cernadas, 1995, t. 1: 180).

Noutro escrito do ano 1433 aparece o vocábulo “tallo”. Así, “Item o tallo do campo do rio, que entesta no tallo de Juan Martins... do qual tallo perteesçe a Lourenço Afonso dous sestos, huun por Albertina e outro por Marina Vella; e o terço do outro sesto por Martin Franquo e o quarto do outro sesto por Marina de Carnota” (Justo-Lucas, 1991: 340), documento a partir do cal albiscamos que en tempos máis antigos os tallos non eran tan pequenos coma hoxe.

Para rematarmos, digamos que no lugar da parroquia de Toedo chamado *A Igrexa*, está a igrexa, vocábulo que vén do latín vulgar *ecclesia* ou, mellor, *ecclesia(m)*, “assemblea”, palabra que, coa aparición e afianzamento do cristianismo, pasou a sinalar o lugar onde se reunían en assemblea os fieis seguidores desta confesión para realizaren as súas prácticas relixiosas; emprazamentos nos que axiña construírían, para se resgardar das inclemencias do tempo e lograr un maior recollemento espiritual, os edificios de pedra chamados igre-

xas, detalle máis tanxible, que é ao cal se refire o frecuentísimo topónimo *Igrexa* ou *A Igrexa*.

## Bibliografía

- ANDRADE CERNADAS, J. M., 1995. *O Tombo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*, t. 1, Consello da Cultura Galega.
- ARCA CALDAS, O., 1995. *Callejero Histórico de la Villa de A Estrada*, Xunta de Galicia e Concello de A Estrada.
- ARCA CALDAS, O., 2000. “A Estrada, terra saudable. O sanatorio de “Nuestra Señora del Carmen”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 3. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- BLANCO FUENTES, M., 2002. “Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do ‘Deportivo Estradense’ ”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 5. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar: a súa orixe e o seu significado*, Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2001. “Sobre o nome da Estrada”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 4. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- CABEZA QUILES, F., 2002. “Sobre o topónimo Brea”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 5. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- CABEZA QUILES, F., 2003. “En torno ó topónimo Toedo”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* 6. Fundación Cultural da Estrada. Museo Manuel Reimóndez Portela.
- CARRÉ ALVARELLOS, L., 1979. *Diccionario galego-castelán*, Galaxia, Vigo.
- COROMINAS J. e PASCUAL, J. A., *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*, t. 3, Gredos, Madrid.
- FRANCO GRANDE, X. L., 1972. *Diccionario galego-castelán*, Galaxia, Vigo.
- JUSTO MARTÍN, M. X. e LUCAS ÁLVAREZ, M., 1991. *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela*, Consello da Cultura Galega, Santiago.

- LAPESA, R., 1962. *Historia de la lengua española*, Escélicer, Madrid.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reed.), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, apéndice documental 3, Santiago.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1988, (edic. facsím.), “Colección diplomática”, *Galicia histórica*, Edicións do Cerne.
- MACHADO, J. P., 1977. *Dicionário etimológico de língua portuguesa*, t. 4, Horizonte, Lisboa.
- Mariño Paz, R., 1998. *Historia da lingua galega*, Sotelo Blanco, Santiago.
- MENÉNDEZ PIDAL, R., 1980. *Toponimia prerrománica hispana*. Gredos, Madrid.
- MORALEJO LASO, A., 1977. *Toponimia gallega y leonesa*, Pico Sacro, Santiago.
- NIETO BALLESTER, E., 1997. *Breve diccionario de topónimos españoles*, Alianza, Madrid.
- P. SARMIENTO, 1999. *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, t. 1. Edición y estudio por J. L. Pensado, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PENSADO, J. L., 1999. “Estudio preliminar” en P. Sarmiento, *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, t. 1. Edición y estudio por J. L. Pensado, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PIEL, J. M., 1989. *Estudos de linguística histórica gallego-portuguesa*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, E., 1980, (reed.), *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, t. 1 e 2, Galaxia, Vigo.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M., 1989. *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)*, t. 2, Consellería de Cultura.
- VV. AA. 1977. *Dicionário da língua portuguesa*. Edições Melhoramentos, Centro do Livro Brasileiro.
- VV. AA. 1988. *Nomenclátor de Galicia*. Pontevedra. Xunta de Galicia.
- VV. AA. 2000. *Gran diccionario Xerais da lingua*, Xerais, Vigo.







# A Estrada rural e urbana. Estudo comparativo de dous modelos demográficos (1870-1970)

Juan Andrés Fernández Castro

## .II tñorudicnón

aesugdn aematedd oésucolX XIn ca e eocsnlodísa e aerladida erua-  
band asErtda,ap boaoicnóq eum iop ortn oese irexc mo oacipat  
luminicap l eúnlcoer ieot rudhn aocamcr aede oconím ameninee-  
temtn egaírocale l noagh siotir aeporc raneee de tradición urbana. A  
nova *vila* irrompe no século XX cun capital humano de máis de mil  
almas e preparada para asumir a súa función de capital municipal e  
centro urbano terciario dispensador dos servizos que demanda o seu  
amplo territorio.

Cen anos antes, alá polo ecuador da décimoitava centuria, esta-  
bleciamos<sup>1</sup> certas diferencias entre o modelo demográfico tradicio-  
nal e aqueloutro que poderíamos denominar *protourbano* estradense  
caracterizado por unhas taxas de nupcialidade, fecundidade, natali-  
dade e proporción de casados craramente superiores ó do seu entor-  
no rural, mentres que a mortalidade de párvulos e adultos mantiña  
unha tónica absolutamente acorde coa xeral, circunstancias revela-  
doras dun optimismo demográfico que, unido á achega da inmigra-

1 FERNANDEZ CASTRO, J. A. "Familias e veciños do *lugar y aldea de La Estrada* a media-  
dos do século XVIII", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* nº 8, 2005, pp. 113-139.

ción interna, propiciou o definitivo despegue da vila dende o punto de vista poboacional.

Pasado o tempo ambos mundos, rural-urbana evolucionaron deica acadar o estado actual, non definitivo senón cambiante e suxeito ás particulares interaccións e influencias externas que rexen os reximes demográficos. Chegados a este punto cómpre propoñer xa algúns interrogantes; ¿cal é a realidade demográfica actual estradense?; ¿de que modo evolucionou no ámbito cronolóxico deste estudo?; ¿confírmase aquel *modelo urbano* de crecemento?; ¿cales son os seus rasgos distintivos?; ¿en que se diferencia do *modelo rural*?; ¿de que maneira se establece a interacción rural-urbano?; ¿como se concreta a relación entre os activos demográficos municipais e os supramunicipais?

A procura de respostas a estas e outras cuestións xurdidas ó fio do relato constitúen o principal obxectivo deste estudo.

### *1.a. Ámbito xeográfico*

Comprende os 281'83 km<sup>2</sup> do municipio estradense, repartido en 51 parroquias e dispoñible en todo tipo de cartografía, polo que non precisa maior concreción.

Cómpre sen embargo definir xa de principio o concepto de *vila* ou *área urbana* termo que nesta monografía adquire un significado amplo, asimilable a núcleo urbano e área periurbana, entidades que conforman a parroquia da Estrada. Así, dende o punto de vista demográfico a vila estradense sumaría a poboación do propio e estrito núcleo máis as barriadas periféricas que co tempo acabarán integrándose totalmente na rede urbana: Cañoteira, Decoita, Figueroa, Pedregal, Pozo do Barro, O Regueiro e Vilar. Estas pequenas entidades achegan ó conxunto urbano o 20 %, aproximadamente, do seu activo demográfico; as cantidades exactas especificadas por anos poderanse encontrar no apéndice que se ofrece ó final deste traballo.

### *1.b. Ámbito cronolóxico*

A creación en España do Rexistro Civil, fonte primaria empregada na elaboración deste traballo, o 26 de decembro do 1870, vén coincidir, aproximadamente, co despegue demográfico da vila estradense. No século que transcorre deica a data límite deste traballo –1970–, A Estrada urbana multiplica por cinco a súa poboación inicial mentres que o conxunto municipal, que acada na década do sesenta o seu máximo secular, ve minguar inexorablemente o seu censo de habitantes. Nesta centuria defínese e desenvólvese plenamente o modelo demográfico estradense, certamente orixinal e ategado de peculiaridades que consideraremos polo miúdo no decurso do traballo.

### *1.c. As fontes; análise e crítica*

No ano 1862 publicaba don Antonio de Valenzuela Ozores un curioso e hoxe venerable opúsculo<sup>2</sup> que consultamos na Biblioteca da Universidade compostelá, por certo cunha adicatoria do autor á *Sociedad Económica de Amigos del País* de Santiago. No preámbulo efectúase unha encendida loanza da estatística, método novedoso de análise matemático ó que se someten os datos resultantes do censo do 1860 na provincia de Pontevedra. Trátase dun feito moi significativo e revelador do tratamento que dende aquela pasou a dársele ós grandes censos nacionais, elaborados e publicados con criterio científico a partir dos datos que proporcionaban os Rexistros Cívís, organismos ós que unha nova lei<sup>3</sup> encomenda a recollida, custodia e rexistro nos libros correspondentes dos nacementos, defuncións, matrimonios e tutelas e curadorías da súa xurisdición. Nace esta ley imbuída do espírito revolucionario do sesenta e oito, plasmado na constitución do 1869 que consagra a liberdade de cultos e o matrimonio civil, circunstancia aducida polos lexisladores para retirar ós centenarios rexis-

2 VALENZUELA OZORES, A., *Memoria estadística sobre la provincia de Pontevedra y el censo de 1860*, Pontevedra, 1862.

3 A Lei de Rexistro Civil, aprobada polas Cortes Españolas o día 26-12-1870, entra en vigor o primeiro de xaneiro do ano seguinte.

tros parroquiais o carácter oficial que deica entonces detentaban. Sen embargo a lectura dos libros rexistrais civís –que empregamos a modo de fonte primaria na elaboracion deste traballo–, revela a constante alusion ás actas sacramentais parroquiais deica épocas ben recentes, chegándose no século dezanove a transcribir íntegra e literalmente as partidas de matrimonio extendidas polos párrocos correspondentes.

Dende o punto de vista do seu contido, presentación e organización podemos engadir:

- I.c.i. As partidas dos primeiros anos exténdense en folios totalmente manuscritos, non normalizados e describindo polo miúdo o acto rexistral, circunstancia que fai laboriosa a lectura e explotación dos datos. Unha vez instaurados os formularios impresos, estes sofren multitude de variante no decurso dos anos.
- I.c.ii. Obsérvase tamén unha certa desorganización a causa da lentitude coa que se estende polas áreas rurais a nova obriga rexistral. Esta eiva induce fundamentalmente rexistros fóra de prazo, dándose demoras de ata vinte anos no asentamento de matrimonios, decesos e nacementos.
- I.c.iii. Cómpre prestar moita atención a aquelas particularidades rexistrais dos primeiros anos, pois poden producir erros cuantitativos e cualitativos no investigador, só soslaiables, para esta época, mediante a revisión de cada acta.
- I.c.iv. As diferentes partidas constitúen unha ricaz e variada fonte de información. Así, na marxe da puramente demográfica, aqueles documentos son susceptible de explotación en áreas tan diversas como a economía, hábitos relixiosos, medicina histórica, toponimia, rueiro histórico, onomástica, xenealoxía, sectores económicos, diversificación profesional e moitos outros non trasladados posteriormente ás publicacións periódicas oficiais.
- I.c.v. A explotación directa da fonte primaria, neste caso os diversos libros do Rexistro Civil de A Estrada (RCE)<sup>4</sup> entre os anos

4 A miña gratitude a tódolos funcionarios do Xulgado de A Estrada, especialmente a Ángeles e Santiago, responsables do Rexistro Civil.

1871 e 1970, abondo lenta e laboriosa, ofrece sen embargo a enorme vantaxe de poder acceder, como arriba se especifica, a aspectos de capital importancia no proceso de reconstrucción demográfica de pequenas áreas xeográficas de xeito que a redución da escala propicie un coñecemento máis detallado e intensivo daquela realidade. Así mesmo circunstancias que trascenden do puramente demográfico, raianas co estudo das mentalidades ou co relato vivo da historia da vida cotiá, só se fan perceptibles mediante a lectura directa dos rexistros.

## II. Unha panorámica xeral

Preténdese neste capítulo ofrecer unha visión global e eminentemente cuantitativa da poboación estradense en comparación coas cifras provinciais, de Galicia e do total español. Máis adiante ofreceremos un cadro semellante a escala reducida integrando exclusivamente os datos municipais desdoblados respectivamente nos agregados rural e urbano.

**Táboa 1. Poboación municipal estradense no conxunto provincial, galego e nacional**

Ano	Municipio	Pontevedra	Galicia	España
1860	22.807	440.259	1.799.224	15.655.467
1877	23.528	451.946	1.848.027	16.631.869
1887	24.891	443.385	1.894.559	17.560.352
1897	24.700	447.612	1.941.023	18.121.472
1900	23.916	457.261	1.980.515	18.616.630
1910	24.168	495.356	2.063.589	19.990.909
1920	25.471	533.419	2.124.244	21.388.551
1930	26.623	568.011	2.230.281	23.677.095
1940	27.240	641.763	2.495.860	26.014.278
1950	28.169	671.609	2.604.200	28.117.873
1960	28.716	680.229	2.602.962	30.582.936
1970	27.550	750.701	2.583.674	33.956.047

FONTE: Instituto Nacional de Estadística (INE).

Na análise das columnas pódese salientar a práctica inmovilidade demográfica do concello estradense que no decurso de máis dun

século apenas multiplica por 1'20 o seu activo poboacional logrado case exclusivamente a expensas do dinamismo da vila, como máis adiante se verá.

A provincia dá, sen embargo, mostras de certo optimismo demográfico, logrado gracias á achega poboacional da zona costeira, a propia capital e a cidade de Vigo. A provincia de Pontevedra multiplica por 1'70 o seu capital humano inicial.

Faise tamén patente a atonía demográfica galega naquel periodo –veremos máis adiante a influencia do efecto emigración–, cun factor de crecemento de 1'43 no que se intúe o lastre demográfico de Ourense e Lugo.

No mesmo periodo o conxunto do país logra máis que dobrar a poboación multiplicando por 2'169 os activos do 1860.

En resumo, un municipio poboacionalmente *pleno* sen apenas capacidade de manobra cun *rus* que se baldeira dramaticamente e unha vila que acolle poboación do propio concello e inmigrantes interiores.

A observación transversal do cadro non fai mais que poñer en evidencia, e incluso resaltar, o anteriormente anotado.

- ▮ Progresivo deterioro do peso específico do concello estradense respecto da provincia: 5'18% da súa poboación total no 1860 e tan só 3'66% no 1970.
- ▮ Confírmase o dinamismo provincial: Pontevedra achega ó total galego o 24'6% de habitantes no 1860, cantidade que ascende deica o 29'05 % no ano 1970.
- ▮ E por último constátase o derrube demográfico de Galicia que contribuía cun 11'49 % ó total español no 1860, facéndoo no 1970 cun mingoadísimo 7'60 %

**Táboa 2. A poboación estradense no conxunto provincial. Porcentaxe de participación e índices (1900 = 100)**

Anos	Habitantes	% provincial	índices
1860	22.807	5´18	99´04
1877	23.528	5´20	99´42
1887	24.891	5´61	107´26
1897	24.700	5´51	105´35
1900	23.916	5´23	100
1910	24.168	4´87	93´11
1920	25.471	4´77	91´20
1930	26.623	4´68	89´48
1940	27.240	4´27	81´64
1950	28.169	4´19	80´11
1960	28.716	4´22	80´68
1970	27.550	3´66	69´98

FONTE: INE. Elaboración propia

A presente táboa permítenos a análise pormenorizada da evolución da poboación estradense e a súa progresiva perda de peso no conxunto provincial. Obsérvase, en primeiro lugar, que o municipio chega ó século XX cun volume poboacional estabilizado que ronda os 24.000 h. de media nas catro últimas décadas do XIX, o que lle permite achegar ó conxunto provincial un nada despreziable 5´3 % da súa poboación. Sen embargo a entrada do século XX vai supor o inicio do progresivo descenso daquela porcentaxe, que pasa a situarse en torno ó 4´5 % entre 1910 e 1960, para caer definitivamente na derradeira década –a pesar do aumento da poboación municipal en termos absolutos–, deica alcanzar un 3´66 %, equivalente ó índice 69´9, no 1970. A modo de resumo: lentísimo crecemento do concello da Estrada achacable ás baixas taxas de natalidade e fecundidade e ó peso da emigración fronte a unha provincia moito máis dinámica que basea o seu crecemento nas vilas e cidades costeiras.


**Táboa 3. Poboación urbana: cifras absolutas e aportación ó conxunto municipal (índice 100 = 1910)**

Ano	Pob. urbana	% participación	Índices
1887	1.105	4'43	70'54
1900	1.421	5'94	88'92
1910	1.616	6'68	100
1920	1.869	7'33	109'73
1930	2.295	8'62	129'04
1940	2.467	9'05	135'47
1950	2.977	10'56	158'08
1960	3.408	11'86	177'54
1970	4.964	16'01	239'67

Fonte: INE. Elaboración propia.


A análise evolutiva da poboación urbana estradense evidencia, en primeiro lugar, un incremento poboacional de 3.859 entre os anos extremos da mostra, equivalente a un factor de crecemento do 4'49 %, cifra moi considerable que explica abondo o progresivo aumento da influencia da vila da Estrada no conxunto municipal. Así, no 1887 só o 4'43 % dos estradenses (1.105 persoas) residían na capital municipal, mentres que o outro 95'57 % (equivalente a 23.786 almas) facían na súa área rural. A situación sofre no decurso do século unha fonda e progresiva transformación que culmina no 1970 de forma ben distinta; agora fan vida urbana nada menos que o 16'01% dos estradenses, cifra equivalente a case cinco mil persoas, mentres que habitan o rural o 83'9 % (22.586 persoas). As cifras expresan con meridiana claridade a realidade do proceso: fulgurante incremento da poboación urbana fronte a un rural que se baldeira dramaticamente.



**Gráfica 1. Evolución da poboación total estradense 1887-1970**

FONTE. INE. Elaboración propia


Unha liña case plana con lixeira tendencia alcista: velaquí a plasmación gráfica do modelo evolutivo da poboación estradense, caracterizado polo seu escasísimo crecemento.

**Gráfica 2. Evolución da poboación rural estradense, 1887-1970**

FONTE. INE. Elaboración propia.

A longa e sostida remontada do crecemento rural, localizada entre os anos 1920 e 1960, e a súa posterior caída constitúen as incidencias máis salientables desta gráfica, complementaria da seguinte, que representa o crecemento urbano. Esta perda de activos demográficos do rural coincide co inicio do ciclo migratorio europeo e a intensificación do xa antigo abandono do campo para se instalar na capital municipal, circunstancia que se constata nidiameante na seguinte gráfica.

**Gráfica 3. Evolución da poboación urbana estradense, 1887- 1970**



FONTE. INE. Elaboración propia.

O crecemento constante e regular deica o 1960 caracteriza este modelo urbano estradense. A inflexión alcista daquel ano, que eleva a 4.964 habitantes no 1970 os 3.408 de dez anos antes, vén coincidir, aproximadamente, co descenso que experimenta a área rural.

**Táboa 4. Crecemento municipal comparativo 1900-1970**  
(índice 100 = 1900)

Concellos	Habit. 1900	Habit. 1970	Crecemento	Índices
A Estrada	23.916	27.550	3.634	115'19
Forcarei	7.751	7.045	- 706	90'89
Cuntis	5.866	7.282	1.416	124'13
Lalín	16.238	19.405	3.167	119'50
Silleda	11.483	10.493	- 990	91'37

FONTE: INE. Elaboración propia.

O estudo rexional dos crecementos municipais pon de manifesto, basicamente, dúas realidades demográficas. Por unha banda están os axuntamentos que perderon poboación (Silleda e Forcarei) cuns índices de 91'37 e 90'89 respectivamente e, pola outra, os concellos que medraron, entre os que se encontra o da Estrada que incrementou en 3.634 o seu haber poboacional –índice 115'19–.

Cabería establecer unha gradación entre estes últimos, situándose Cuntis, cun índice 124'13, no primeiro lugar, seguido de Lalín (119'50) e por último A Estrada que apenas sobrepasa o índice 115. Rexionalmente, pois, ponse tamén de manifesto a apatía demográfica desta comarca da Galicia interior, que nalgúns concellos acadaba cifras moi preocupantes.

### III. Distribución territorial da poboación

O termo municipal estradense abrangue unha superficie de 281'83 km<sup>2</sup> sobre a que se asenta, dunha maneira abondo irregular, o seu efectivo humano. Chairas de uso agrícola, vales fluviais, pequenos núcleos protoindustriais e, sobre todo, a capital municipal actúan como polos de atracción dun territorio organizado en parroquias, mentres que as áreas antiecuménicas, fundamentalmente as zonas montañosas da periferia, historicamente deshabitadas, constitúen áreas de moi escaso asentamento humano.

**Táboa 5. Densidades de poboación do concello estradense (281'83 km<sup>2</sup>)**

Ano	A h/km <sup>2</sup>	B h/km <sup>2</sup>
1887	88'31	85'70
1900	84'85	81'05
1910	85'75	81'25
1920	90'37	85'04
1930	94'46	87'65
1940	96'65	89'26
1950	99'95	90'77
1960	101'89	91'19
1970	97'75	81'38

FONTA. INE. Elaboración propia. A: densidade total. B: densidade da área rural.

Na columna A do cadro expresamos a densidade total ou bruta do concello, que supera levemente a media galega do periodo (83 h/km<sup>2</sup>) pero encóntrase bastante lonxe da media provincial, situada en torno ós 143 h/km<sup>2</sup>.

Sen embargo, tendo en conta que un promedio moi importante da poboación –que fluctúa entre o 6 e o 16 % –, ubícase no reducido ámbito de capital municipal (1'52 % do territorio) optamos por segregar a parroquia urbana (4'3 km<sup>2</sup>) e efectuar o cálculo exclusivamente cos efectivos da zona rural, o que nos ofrece, na columna B, unha distribución da poboación máis acorde coa realidade.

**Táboa 6. Estudo comparativo das densidades**

Ano	A Estrada h/km <sup>2</sup>	Pontevedra h/km <sup>2</sup>	Galicia h/km <sup>2</sup>	España h/km <sup>2</sup>
1900	84'85	102'14	67'59	36'84
1910	85'75	110'64	70'10	39'48
1920	90'37	119'15	72'16	42'21
1930	94'46	126'87	75'77	46'69
1940	96'65	143'35	84'79	51'27
1950	99'95	150	88'57	55'43
1960	101'89	151'94	88'43	60'29
1970	97'75	167'67	87'77	67

FONTA. INE. Elaboración propia.

As cifras de densidade do concello estradense, que acadan o seu cumio secular no 1960, sitúanse nunha posición intermedia entre as moi optimistas da provincia, engrosadas polos aportes das cidades e franxa litoral, e as máis demoradas de Galicia, que acusan o déficit de Ourense e Lugo. A análise diacrónica evidencia o moderado crecemento estradense e galego, con factores de crecemento 1'15 e 1'29 respectivamente; o máis optimista de Pontevedra, que multiplica por 1'64 a súa densidade, e o espectacular crecemento do conxunto nacional case duplicando as cifras do ano 1900.

**Táboa 7. Densidades de poboación. Estudo comparativo comarcal**

Ano	A Estrada h/km <sup>2</sup>	Lalín h/km <sup>2</sup>	Silleda h/km <sup>2</sup>	Forcarei h/km <sup>2</sup>	Cuntis h/km <sup>2</sup>
1900	84'85	53'94	70'98	46'09	72'9
1910	85'75	54'18	76'49	49'93	81'44
1920	90'37	55'87	81'62	54'54	83'45
1930	94'46	58'23	77'41	53'44	81'65
1940	96'65	61'86	75'42	54'97	89'75
1950	99'95	63'12	83'39	53'76	96'83
1960	101'89	65'20	72'68	48'04	95'57
1970	97'75	64'46	64'86	41'89	90'51

FORNTE. INE. MIRALBÉS BEDERA, R., TORRES LUNA, M., RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R., *Mapa de límites de las Parroquias de Galicia*. USC. Santiago de Compostela, 1979. Elaboración propia.

#### IV. A evolución do crecemento

A natalidade ou número de nados vivos e a mortalidade constitúen os dous factores básicos do crecemento da poboación. Sen embargo este cálculo básico debe ser correxido mediante a introdución do factor migratorio. A área estradense constitúese historicamente en área exportadora de poboación; sen embargo cómpre matizar este feito, no sentido de que o propio núcleo urbano, a vila da Estrada, basou o seu crecemento na importación de inmigrantes interiores.

**Táboa 8. Concello da Estrada, crecemento natural**

Anos	Nacementos	Defuncións	Crecemento natural
1871-1880	5.481	5.379	102
1881-1890	5.290	5.506	- 216
1891-1900	5.785	5.005	780
1901-1910	6.458	4.809	1.649
1911-1920	6.179	4.591	1.588
1921-1930	5.956	3.730	2.226
1931-1940	5.976	3.850	2.126
1941-1950	5.910	3.636	2.274
1951-1960	4.436	2.658	1.778
1961-1970	3.903	2.451	1.452

FONTA. Rexistro Civil da Estrada (RCE) libros de nacementos e defuncións 1871-1970. Elaboración propia.

Obsérvese que a entrada no século vinte vén precedida dunha época de altísima mortalidade que hipoteca dramaticamente o crecemento poboacional. Dende entón, e a pesar da anomalía da década 1911-20 producida pola epidemia gripal do 1918, e a leve ralentización da Guerra Civil, o ritmo de crecemento segue unha marcha bastante homoxénea deica a década dos anos sesenta, cando se produce o cambio de tendencia á baixa. O bache do decenio 1881-1890 prodúcese polo efecto recorrente de epidemias de varicela, tífus e cólera ó que cómpre engadir a acción permanente da tise ou tuberculose pulmonar.

A evolución da natalidade estradense poderíase secuenciar da seguinte maneira: fase de crecemento deica 1920; fase de estabilización, entre 1921 e 1950 e, por último, fase de franco descenso a partir de entón.

A mortalidade, pola súa parte, revela un descenso progresivo e sostido –que máis adiante se matizará mediante as oportunas taxas–, agás os episodios de sobremortalidade da Guerra civil e posteriores secuelas, facéndose tamén evidente, *sensu contrario*, a xeralización da atención médica e emprego dos antibióticos a partir do 1950.

Sen embargo os índices ofrecidos no cadro anterior (crecemento natural) cómpre matizalos convenientemente sometendo ó oportuno proceso de cálculo os datos que os censos nos ofrecen. O resultado así obtido (crecemento real) axústase máis á realidade.

**Táboa 9. Municipio da Estrada: crecemento natural, crecemento real e saldo migratorio**

Anos	Crec. Real	Crec. Natural	Saldo Migratorio
1901-10	252	1.649	- 1.372
1911-20	1.303	1.588	- 285
1921-30	1.154	2.226	- 1.072
1931-40	615	2.126	- 1.511
1941-50	929	2.274	- 1.345
1951-60	547	1.778	- 1.231
1961-70	- 1.166	1.452	336

FORNTE: INE. RCE. Elaboración propia según metodoloxía de HERNÁNDEZ BORGE, J. *Dinamismo y estructura de la población en la provincia de Pontevedra (1900-1970)*. Santiago de Compostela, 1974.

O crecemento real acusa un descenso continuo da poboación municipal que culmina na derradeira década cun saldo craramente negativo. Este incesante devalar hai que achacarllo ó masivo éxodo de persoas que buscaban na emigración unha mellora das condicións de vida que a súa terra natal, no límite mesmo da capacidade de subsistencia, lles nega. Salientamos o paréntese migratorio da década 1911-1920, coincidente coa Primeira Guerra Mundial e a 1961-70, momento de descenso da emigración transoceánica e inicio do ciclo europeo.

Como veremos, o saldo migratorio estradense segue unha traxectoria bastante similar á pontevedresa deica a metade do século, momento en que o total provincial se separa do municipal superándoo:

1901-10: 5'70 e 3'26. 1911-20: 1'14 e 0'13; 1921-30: 4'11 e 3'60; 1931-40: 5'04 e 3'16; 1941-50: 4'85 e 6'28; 1951-60: 4'32 e 10'40; 1961-70: 1'19 e 1'92.

As cantidades van expresadas en tantos por cen. A primeira corresponde a A Estrada e a segunda a Pontevedra. O cálculo de

poboación resulta da semisuma do número de habitantes do primeiro e último ano de cada década.

**Táboa 10. Taxa comparativa do crecemento vexetativo por decenios**

Anos	A Estrada ‰	Pontevedra ‰	Galicia ‰
1901-10	6´85	11´27	10´36
1911-20	6´39	7´26	6´61
1921-30	8´54	9´82	9´44
1931-40	7´89	9´03	8´55
1941-50	8´20	9´87	8´77
1951-60	6´25	11´68	9´07
1961-70	5´16	11´80	8´09

FONTE: Método de elaboración e cifras de Pontevedra e Galicia: EIRAS ROEL, A. "Demografía" en *Gran Enciclopedia Gallega*. T. VIII, pp. 245-256. Para A Estrada: RCE e INE, elaboración propia.

As cifras da Estrada, que son moi baixas, incluso inferiores á media galega, non fan máis que confirmar a apatía demográfica dun territorio que no decurso de setenta anos apenas foi capaz de incrementar o seu activo humano en 3.600 persoas. O período máis optimista sitúase entre os anos vinte e corenta –co consabido declive da Guerra Civil–, entrando xa na década dos cincuenta naquel dramático devalar do crecemento que culmina coa baixísima taxa da década 1961-1970, correspondente en cifras absolutas a un crecemento real negativo de 1.166 persoas.



**Táboa 11. Taxa de crecemento natural comparativo: Vila de A Estrada, total municipal e área rural**

Anos	Vila Estrada ‰	Total municipio ‰	Área rural ‰
1901-10	14´82	6´85	6´32
1911-20	15´43	6´39	5´71
1921-30	13´49	8´54	8´1
1931-40	9´15	7´89	7´77
1941-50	13´29	8´20	7´65
1951-60	14´03	6´25	5´26
1961-70	14´69	5´16	3´49

FONTE: INE e RCE, según método Eiras Roel, op. cit. pax. 249. Elaboración propia.

## V. A natalidade

**Táboa 12. Natalidade: conxuntos decenais, 1871-1970. Total municipal, urbana, % de participación da urbana na total e relación de masculinidade no núcleo urbano ó nacer**


Anos	Total municipal	Urbana	% Participación	R. masc.
1871-1880	5.481	331	6´03	90´22
1881-1890	5.290	390	7´37	121´59
1891-1900	5.785	426	7´36	104´80
1901-1910	6.458	444	6´87	91´37
1911-1920	6.179	502	8´12	117´3
1921-1930	5.956	531	8´91	111´55
1931-1940	5.976	489	8´18	94´04
1941-1950	5.910	650	10´99	115´94
1951-1960	4.436	698	15´73	96´61
1961-1970	3.903	920	23´57	93´68
TOTAL	55.374			102´67

O concello estradense aborda o século vinte cunha natalidade estabilizada en torno ós cinco mil cincocentos nacementos por década, equivalentes a uns 552 por ano. Co novo século ascende a un rango superior que fluctúa entre os 6.400 e 5.900 deica o ano 1950, momento en que empeza o inexorable declive da natalidade,

que acada na derradeira etapa unha media decenal de só 3.903 nados, ou o que é o mesmo, menos de catrocentos anuais.

A vila presenta unha realidade ben distinta, caracterizada por un crecemento continuo e uniforme –coa única excepción da década 1931-40 que acusa a depresión da Guerra–, que culmina nos anos setenta do pasado século acadando máis de novecentos nacementos, ou o seu equivalente a noventa e dous anuais, cifra que ilustra ás craras o fulgurante crecemento da vila cando o comparamos cos 33 de cen anos antes. En resume: o declive da natalidade no ámbito municipal ten o seu contrapunto no optimismo demográfico da vila, que se beneficia do incremento dos nacementos (relativizado polo control da natalidade) e o efecto da inmigración, que compensa sobradamente a feble emigración urbana.

**Gráfica 4. A natalidade no concello estradense, 1870-1970**




FONTE. RCE, elaboración propia.

A evolución secular da natalidade estradense presenta unha tónica xeral descendente con tres etapas ben diferenciadas:

1. Os trinta últimos anos do século XIX caracterízanse por unha estabilización dos nacementos en torno ós cincocentos cincuenta anuais observándose unha aceleración finisecular que vai elevar amplamente aquel promedio. Poñemos en corente-




na as cifras dos catro primeiros anos da serie por posibles defectos de rexistro (gráfica 5).

**Gráfica 5. Nacementos 1870-1899, estudo de detalle**



FONTE. RCE. Elaboración propia

2. Etapa de optimismo demográfico localizada entre o 1900 e 1936, ano en que se inicia a crise da Guerra Civil. Cunha media anual de máis de seiscentos nacementos, neste período rexístranse, ademais, os máximos seculares nos anos 1903, 1917 e 1934 con 718, 709 e 710 nacementos respectivamente (gráfica 6).
3. Período crítico 1936-1940 no que os nacementos se reducen a mínimos históricos (só 399 no 1939). Sen embargo o acúmulo ou “reserva” poboacional co que se chega a este quinquenio vai propiciar a posterior recuperación.
4. Intensa pero breve recuperación demográfica entre os anos 1940 e 1945.
5. Inicio da caída definitiva da natalidade –a pesar da brevísima remontada do 1948–, deica situarse en promedios anuais inferiores a 400 nacementos (gráfica 7).

**Gráfica 6. Nacementos 1900-1935, estudo de detalle****Gráfica 7. Nacementos 1944-70, estudo de detalle****Gráfica 8. A natalidade na vila da Estrada, evolución secular**

FONTE: RCE. Elaboración propia.

A poboación urbana estradense presenta unhas pautas de crecemento certamente orixinais e que en nada concordan co total municipal que xa se tratou no anterior apartado. En primeiro lugar, a tendencia evolutiva mostra unha liña ascendente, regular e sen apenas inflexións importantes, agás o periodo da Guera Civil e posguerra deica o 1942. O cumio secular sitúase no 1965 con 116 nacidos, equivalentes ó 30% do total municipal, dato revelador dunha realidade que xa puxemos de manifesto: fronte a apatía demográfica da extensa área rural, a natalidade urbana eríxese en motor e líder do crecemento do concello estradense.

**Táboa 13. Taxa anual media de natalidade: ámbito urbano, municipal e provincial, 1887-1970**

Anos	Vila	Municipio	Provincia
1887-1900	32'63	22'99	-
1901-1910	29'23	26'86	32'83
1911-1920	28'75	24'89	28'26
1921-1930	25'50	22'86	27'51
1931-1940	20'53	22'18	24'91
1941-1950	23'87	21'33	23'27
1951-1960	21'86	15'59	21'13
1961-1970	21'97	13'87	20'58

FONTE: RCE, INE, EIRAS ROEL, A. Op. cit. pax 248 para a provincia.  
Elaboración propia.

A evolución secular da natalidade mostra unha tendencia claramente regresiva nas tres circunscricións analizadas, pero que se fai máis acusada no ámbito municipal onde na década 1961-70 se observan unhas taxas de natalidade equivalentes á metade das rexistradas a comezos do século XX. O descenso é máis moderado na vila dándose na derradeira década unha taxa bastante optimista, superior á provincial, á galega (17'24) e á española (20'52); non esquezamos, sen embargo que se trata de cifras urbanas, de poboación máis xove e un gran número de matrimonios, nin que o seu incremento demográfico se efectuou, fundamentalmente, a base de inmigrantes.

### *Vi. Unha fonte pouco habitual*

No decurso do proceso de explotación das fontes procedentes do RCE, tivemos a oportunidade de examinar uns rexistros que habitualmente non se encontran a disposición do investigador, polo que moi raramente se citan nos estudos demográficos.

Trátase dunha moi breve secuencia cronolóxica dos denominados *Registros de fetos y abortos* ou *Legajos de fetos*, que recollen as certificacións médicas dos abortos e mortes acaecidas antes das vinte e catro horas de vida preceptivas para poder rexistrar civilmente ó nacido. Aínda que non interveñen directamente no proceso demográfico, non pode negarse a importancia destes nacementos frustrados á hora de afrontar estudos sobre a dinámica interna da poboación como fecundidade, número de fillos por matrimonio ou intervalos interxénésicos, entre outros.

A propia limitación e brevidade da serie –apenas vinte anos entre 1932 e 1956–, impide o establecemento de conclusións definitivas e a extrapolación a outros ámbitos demográficos, limitándonos a expoñer un breve resumo de carácter eminentemente cuantitativo (táboa 14).

**Táboa 14. A Estrada: nados vivos, abortos e % sobre os nacementos**

Ano	Nº nados vivos	Nº Abortos	% sobre os nados
1932	701	26	3´70
1933	702	39	5´55
1934	710	28	3´94
1935	670	36	5´37
1936	656	25	3´81
1937	578	30	5´19
1938	425	21	4´94
1939	399	20	5´01
1940	545	28	5´13
1941	535	27	5´04

Ano	Nº nacidos vivos	Nº Abortos	% sobre os nacidos
1944	635	26	4´09
1945	681	31	4´55
1946	634	25	3´94
1948	613	22	3´58
1949	568	19	3´34
1950	534	24	4´49
1951	457	37	8´09
1952	493	47	9´53
1956	474	37	7´80
Total	11.010	548	


## VI. A mortalidade

Antes de abordar o exame detallado da mortalidade ofrecemos os datos brutos do movemento secular de óbitos.

**Táboa 15. Número de persoas falecidas, conxuntos decenais 1871-1970; municipio e área urbana**

Anos	Municipio	Vila
1871-1880	5.379	171
1881-1890	5.506	239
1891-1900	5.005	261
1901-1910	4.809	219
1911-1920	4.591	233
1921-1930	3.730	250
1931-1940	3.850	271
1941-1950	3.636	288
1951-1960	2.658	250
1961-1970	2.451	305
TOTAL	41.615	

FONTE. RCE. Elaboración propia

**Gráfica 9. Mortalidade total na Estrada, 1871-1970**

FONTE. RCE. Elaboración propia

A evolución da mortalidade, como ven sendo habitual na demografía galega, presenta unha liña craramente descendente, pasando dos 550 decesos anuais entre 1871 e o remate da década do 1880, ós menos de 250 a partir do 1950. As taxas son, como se verá na correspondente táboa, benignas abondo, inferiores ás provinciais, circunstancia que mitigou o desastre demográfico propiciado pola acción conxunta da emigración e unha feble natalidade.

**Táboa 16. Taxas comparativas de mortalidade total por decenios: área urbana, municipio e provincia**

Anos	Vila ‰	Municipio ‰	Pontevedra ‰
1887-1900	19´85	21´04	-
1901-1910	14´42	20	21´56
1911-1920	13´37	18´49	21
1921-1930	12	14´32	17´69
1931-1940	12´01	14´29	15´88
1941-1950	10´58	13´12	13´40
1951-1960	8´58	9´34	9´45
1961-1970	7´28	8´71	8´78

FONTE. RCE, INE. Para a provincia de Pontevedra, EIRAS ROEL, A. op. cit. pax. 249. Elaboración propia.



As cifras presentan unha clara tendencia descendente coa única excepción –perceptible só na vila e menos intensa do que cabería esperar–, do impacto negativo da Guerra Civil, circunstancia que no conxunto municipal se traduce nunha mínima ralentización da tónica, cun descenso de só tres centésimas. A xeralización dos anti-bióticos xunto co emprego de vacinas e a mellora da atención médica contribuíu a lograr unhas taxas de mortalidade moi aceptables e acordes coa tónica española daquela época.

**Táboa 17. Taxa de mortalidade infantil  $\leq$  1 ano. Vila de A Estrada, 1871-1970**

Anos	Mortalidade infantil ‰
1887-1900	4'35
1901-1910	2'30
1911-1920	1'43
1921-1930	1'20
1931-1940	1'42
1941-1950	1'10
1951-1960	0'25
1961-1970	0'23

FONTE. RCE. Elaboración propia.

A demografía histórica ofrece para estas terras unhas taxas de mortalidade que poden chegar a un 20 % dos nacidos menores de un ano, mentres que falece o 41 % antes cumprir os 18<sup>º</sup>. Sen embargo estas estremecedoras cifras corresponden a mediados do século XVIII, moi alonxadas das que se presentan neste traballo.

A tendencia descendente vese unicamente interrompida polo desastre da GCE e toda a serie de epifenómenos que afectaron moi negativamente ó primeiro e máis vulnerable tramo da vida. As taxas das últimas décadas acusan o descenso espectacular da mortalidade infantil inducido polas melloras médicas, asistenciais, hixiénicas e alimentarias.


5 REY CASTELAO, OFELIA. *Aproximación a la historia rural en la comarca de La Ulla (Siglos XVII y XVIII)*, Santiago de Compostela 1981, pp. 50-55.

### V. a. *Detección e análise das crises de mortalidade*

No ámbito cronolóxico que comprende este estudo localízanse catro periodos críticos, caracterizados todos eles por un incremento dos decesos superior ó 30 %: 1874, 1886, 1918 e o periodo 1938- 43. A cada unha destas profundas crises de mortalidade segue unha recuperación igual de intensa que precede a unha secuela atenuada da anterior, conforme á secuencia: crise → recuperación → subcrise. Así á crise do 1874 (660 defuncións) correspóndelle a do 1879 con 565 óbitos; á do 1886, con 763 defuncións segue a do 1891 na que faleceron 610 persoas. A secuela do 1924, con 486 defuncións vai precedida da crise do ano 1918, que rexistra 655 mortos e, por último, o longo periodo depresivo localizado entre os anos 1939 e 1943 presenta tres cotas máximas de defuncións: 1939 con 474, 1941 con 510 e 1943 que rexistra 443.

As crises demográficas de máis calado prodúcense habitualmente pola acción combinada dunha caída dos nacementos e unha mortalidade anormalmente alta. Con frecuencias estes periodos depresivos van tamén acompañados dunha redución dos matrimonios.

**Gráfica 10. Evolución da natalidade e mortalidade no concello estradense 1871-1970**




FONTE. RCE. Elaboración propia.

**Taboa 18. Vila da Estrada: distribución da mortalidade por sexos. Relación de masculinidade ó morrer, 1871-1971**

Anos	Varóns nº	Mulleres nº	Razón
1871-80	79	78	101´28
1881-90	122	117	104´27
1891-00	132	129	102´32
1901-10	110	109	100´91
1911-20	112	121	92´56
1921-30	129	121	106´61
1931-40	138	133	103´75
1941-50	146	142	102´81
1951-60	123	127	96´85
1961-70	139	166	119´82
TOTAL	1.230	1.243	98´95

## VII. Nupcialidade

**Gráfica 11. Nupcialidade no concello estradense.**



FONTE. RCE. Elaboración propia.

A evolución da nupcialidade no concello estradense debuxa unha liña abondo sinuosa con épocas de auxe e declive deica entrar nunha derradeira fase de estabilización trala longa posguerra.

Un primeiro período de vinte anos de duración aproximada, comprendido entre os anos 1885 e 1905, exemplifica o tránsito do século dezanove ó vinte elevando o número anual de matrimonios deica cotas que case acadan os douscentos (199 no 1900) para logo caer en picado deica os 101 celebrados no 1915. A crise de mortalidade epidémica da gripe do 1918 multiplica os efectos daquela tendencia pero a recuperación prodúcese de inmediato: no 1920 rexistramos xa 160 matrimonios e no ano 1930, nada menos que 187.

A Guerra Civil provoca unha profundísima depresión demográfica situando o número de enlaces anuais en cotas mínimas: só cincuenta e tres no ano 1937. Sen embargo, rematada a contenda o ciclo evolutivo entra nunha fase de extraordinario dinamismo colocando a media de matrimonios moi por enriba dos douscentos (237 no 1941, exactamente os mesmos ca no ano 1970), reacción natural dunha poboación castigada pola guerra que intenta recuperar o tempo e as persoas perdidas. A partir do 1946 estabilízanse os matrimonios por riba dos 190 de media anual deica o final da observación.

**Táboa 19. Taxa comparativa de nupcialidade e idade media ó matrimonio, varóns e mulleres, 1887-1970**

Anos	Concello	Taxa ‰	Vila	Taxa ‰	Idade v.(*)	Idade m.(*)
1887-00	2.274	6´65	121	6´84		
1901-10	1.534	6´38	99	6´51	29´97	25´19
1911-20	1.290	5´19	94	5´39	30´8	26´92
1921-30	1.463	5´61	105	5´04	28´8	23´44
1931-40	1.436	5´33	87	3´65	28´24	24´12
1941-50	2.038	7´35	171	6´28	29´46	25´12
1951-60	1.922	6´75	190	5´95	29´24	25´77
1961-70	1.997	7´09	260	6´21	27´64	24´45

(\*) Incluídas segundas nupcias.

FONTE. RCE. Elaboración propia.

A análise deste indicador esixe unha matización previa relacionada co rexistro dos matrimonios, cerimonia que tradicionalmente se

celebra na parroquia da noiva, de modo que este feito pode inducir leves desviacións cuantitativas entre o total do concello e o vilego cando o enlace se celebra dentro do ámbito municipal. As taxas fluctúan entre o 5 e o 7 por mil, un pouco por debaixo da tónica provincial: 7'59 ‰ no 1900; 6'47 no 1910; 6'21 no 1920; 6'72 no 1930; 8'76 no 1940; 6'70 no 1950; 7'41 no 1960 e 8'14 no ano 1970<sup>6</sup>.

Merecen un comentario máis polo miúdo as seguintes incidencias:

- a) A diferenza tan acusada rural-urbano na década 1931-1940, ou, expresado doutra maneira, a causa de que a retracción dos matrimonios fose moito máis acusada na vila ca no total municipal. Parece normal que en épocas de conflito grave –Guerra Civil neste caso–, se anulen ou pospoñan moitos matrimonios (aínda que non todos) á espera de mellores tempos, circunstancia que se aprecia no considerable incremento da idade nupcial desa época. Pero tamén o sería a fuxida de persoas politicamente significadas, circunstancia que afectou especialmente á vila, e a chamada a filas dos elementos masculinos en idade militar, proporcionalmente máis numerosos no núcleo urbano ca no rural. Por último cabe tamén pensar en certo “éxodo urbano” cara as aldeas natis na procura de tranquilidade e refuxio.
- b) O optimismo nupcial 1941-50. As cifras son elocuentes: os 1.436 matrimonios celebrados entre 1931-1940 convírtense na seguinte década en 2.038, salto cuantitativo que encontra a primeira explicación no remate do conflito armado, o regreso dos soldados do fronte de guerra e a celebración dos enlaces aprazados por mor do conflito. Esta aceleración da nupcialidade adoita aparecer tralos episodios de crisis de mortalidade, como se pode comprobar na gráfica correspondente con arreglo ós episodios epidémicos do 1886 e 1918.
- c) Vén sendo unha constante histórica a superior idade dos varóns á hora de acceder ó matrimonio, circunstancia que se constata

6 HERNÁNDEZ BORGE, J. *Dinamismo y estructura de la población en la provincia de Pontevedra (1900-1970)*. Santiago de Compostela, 1974, pax. 43.

neste estudio, incrementada se cabe pola inclusión das segundas nupcias, opción elexida maioritariamente polos homes. A propia emigración retrasa a idade nupcial á espera do regreso definitivo ou da mellora económica que permita o enlace. A idade ó matrimonio das mulleres, que en ausencia de control da natalidade inflúe decisivamente na fecundidade, mantén con respecto ós varóns unha marxe aproximada de catro anos.

### VIII. A vila e os núcleos periféricos

No preámbulo deste traballo indicábase que, por cuestións metodolóxicas, consideraríamos como urbana a poboación dos pequenos núcleos que rodean a vila da Estrada. Nos nomenclátore oficiais, con lixeiras variacións, considéranse como tales: Castrelo, Figueroa de Arriba, Figueroa de Abaixo, Río de Sapos-Pedregal, Vilar, Cañoteira, Decoita, Pozo do Barro e Regueiro, circunscricións historicamente vinculados a Ouzande, Guimarei e Figueroa e finalmente anexionados á parroquia da Estrada. Estas entidades participaron moi activamente no desenvolvemento demográfico da vila, chegando, en ocasións, a constituir o 26 por cento dos seus efectivos humanos. Este aporte de poboación evolucionou, con arreglo ós censos oficiais, da forma que abaixo se especifica.

**Táboa 20. A Estrada 1887-1970, poboación da área urbana e periurbana; % de participación**

Ano	Pob. urbana	Pob. periurbana	% participación
1887	908	197	21
1900	1.224	197	16´09
1910	1.287	329	25´56
1920	1.592	277	17´39
1930	1.958	337	17´21
1940	2.100	367	17´47
1950	2.472	505	20´42
1960	2.700	708	26´22
1970	4.167	797	19´12

FONTE. INE: Elaboración propia.

**Táboa 21. Evolución da poboación dos núcleos periurbanos da Estrada. 1887-1970**

	1887	1900	10	20	30	40	50	60	70
1	10	-	-	-	-	-	-	-	-
2	64	74	100	110	131	157	161	171	210
3	74	95	127	126	75	92	130	174	177
4	12	*	**	-	26	23	43	31	42
5	-	*	**	-	11	10	51	92	-
6	-	*	**	-	11	20	39	43	-
7	-	*	**	-	20	15	22	118	-
8	-	*	**	-	***	6	9	25	124
9	37	*	**	41	38	44	50	54	244

FONTE. INE. Elaboración propia.

(\*) Consígnaselle a “otros” 28 habitantes.

(\*\*) Consígnaselle a “otros” 102 habitantes.

(\*\*\*) Consígnaselle a “otros” 25 habitantes.

1. Castrelo. 2. Figueroa de Arriba. 3. Figueroa de Abaixo. 4. Río de Sapos e Pedregal. 5. Decoita. 6. Cañoteira. 7. Pozo do Barro. 8. Regueiro. 9. Vilar.

## IX. Conclusións

1. A ocupación do territorio estradense apenas sofre transformacións no decurso da centuria 1870-1970, oscilando os índices de densidade entre os 85 e 91 h/km<sup>2</sup>, cifra que ascende lixeiramente –deica 101–, se incluímos a poboación urbana. As estruturas poboacionais fundamentadas nas parroquias seguen vixentes, observándose o crecemento dos núcleos periurbanos (sobre todo Vilar e O Regueiro) e a extensión da propia área urbana da Estrada.
2. A poboación estradense confórmase definitivamente no decurso do século dezanove acadando o vinte nunha situación de plenitude e esgotamento tan acusados que apenas deixa marxe para o crecemento.
3. O modelo demográfico rural ven definido por unhas taxas de natalidade e nupcialidade baixas xunto a unha emigración moi intensa; a súa acción conxunta apenas permite o crece-

mento. Os índices relativos á natalidade, nupcialidade e crecemento da área urbana, pouco optimistas en xeral aínda que superiores ós rexistrados no rural, non explican por sí mesmos o forte crecemento da vila, que medrou, fundamentalmente, a expensas da inmigración.

4. Durante todo o século XIX e gran parte do XX o rural estradense mantense como área emisora de forza de traballo procedente do sector agrario. Paralelamente a vila –típico centro terciario urbano cun moderado grao de industrialización–, asume a función de centro receptor dunha parte daquel excedente humano procedente do seu entorno inmediato pero tamén acolle persoas doutros lugares de Galicia e España.
5. No decurso da centuria 1870-1970, ámbito cronolóxico deste traballo, padécense alomenos catro crises demográficas de distinta intensidade no concello estradense, sendo a máis profunda delas a rexistrada entre os anos 1937-1941, que afectou ós nacementos (mínimo do 1939), matrimonios (mínimo 1937-38) e mortalidade (máximo 1941). A posterior restauración da normalidade demográfica lógrase mediante a activación dos mecanismos internos de recuperación: diminución da idade ó matrimonio, incremento da nupcialidade e ralentización da emigración.

## Fontes

Instituto Nacional de Estadística (INE). Nomenclátors, Censos, Anuarios e Reseñas provinciais.

Rexistro Civil de A Estrada (RCE). Rexistros de Nacementos, Matrimonios e Defuncións, anos 1871-1970. Algúns legaxos soltos do *Registro de fetos*.



## Bibliografía

- BEIRAS, X.M., *Estructura y problemas de la población gallega*. A Coruña 1970.
- EIRAS ROEL, A. “Demografía” en *Gran Enciclopedias Gallega*, T. VIII. pp. 245-251.
- FARIÑA JAMARDO, X. *Os concellos galegos*. A Coruña 1990.
- FERNÁNDEZ BASCUAS, María J., “Aproximación á xénese urbanística da vila de A Estrada II”, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural*, nº 3, 2000, pp. 101-125.
- FERNÁNDEZ CASTRO, J.A. “Familias e veciños do lugar y aldea de La Estrada a mediados do século XVIII”, en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* nº 8, 2005, pp. 113-139.
- HENRY, L., *Demografía*, Barcelona, 1976.
- HERNÁNDEZ BORGE, J., *Dinamismo y estructura de la población en la provincia de Pontevedra (1900-1870)*. Santiago de Compostela, 1974.
- LÓPEZ TABOADA, X.A., *La población de Galicia 1860-1991; crecimiento, movimiento natural y estructura de la población de Galicia*. A Coruña, 1996.
- MAGARIÑOS, A., *A demografía na Galicia contemporánea, 1900-36. Documentos e textos básicos*. Noia, 2003.
- MIRALBÉS, TORRES, RODRÍGUEZ, *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*. Santiago de Compostela, 1979.
- PRECEDO LEDO, A., *Ciudad y desarrollo urbano*. Madrid, 1996.
- PRESSAT, R., *El análisis demográfico: concepto, métodos, resultados*. México, 1983.
- REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, *A Estrada rural*. Pontevedra, 1990.
- REY CASTELAO, Ofelia, *Aproximación a la historia rural en la comarca de La Ulla (Siglos XVII y XVIII)*. Santiago e Compostela, 1981.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R., *A Estrada, xente e paisaxe*. A Estrada, 2003.
- XUNTA DE GALICIA, *A poboación de Galicia, a crise demográfica e o seu impacto territorial*. A Coruña, 1994.

## APÉNDICE

### I. Natalidade

Anos	A	B	C	D
1871	455	16	9	25
1872	322	11	9	20
1873	617	14	15	29
1874	594	20	13	33
1875	634	18	12	30
1876	588	13	24	37
1877	594	17	27	44
1878	604	12	18	30
1879	545	19	21	40
1880	528	17	26	43
1881	531	10	19	29
1882	557	15	23	38
1883	523	22	21	43
1884	548	26	19	45
1885	511	27	19	46
1886	549	23	15	38
1887	546	27	20	47
1888	514	21	8	29
1889	546	25	15	40
1890	465	18	17	35
1891	578	24	23	47
1892	501	14	23	37
1893	551	24	19	43
1894	566	22	19	41
1895	575	30	20	50
1896	579	16	23	39
1897	609	21	16	37
1898	574	28	20	48
1899	612	18	25	43
1900	640	21	20	41
1901	602	20	16	36
1902	656	19	16	35
1903	718	26	15	41
1904	669	21	30	51
1905	667	23	24	47
1906	580	20	26	46

<b>Anos</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>D</b>
1907	564	16	27	43
1908	683	20	28	48
1909	674	25	21	46
1910	645	22	29	51
1911	664	33	21	54
1912	604	25	32	57
1913	579	34	26	60
1914	563	32	19	51
1915	582	26	27	53
1916	626	32	20	52
1917	709	27	22	49
1918	605	18	20	38
1919	638	20	29	49
1920	609	24	15	39
1921	579	29	26	55
1922	588	28	19	47
1923	601	17	25	42
1924	562	24	22	46
1925	597	18	29	47
1926	575	34	22	56
1927	569	25	29	54
1928	655	34	31	65
1929	576	29	25	54
1930	654	42	23	65
1931	590	28	23	51
1932	701	32	30	62
1933	702	29	29	58
1934	710	27	28	55
1935	670	32	21	53
1936	656	22	22	44
1937	578	19	21	40
1938	425	12	22	34
1939	399	20	24	44
1940	545	16	32	48
1941	535	28	23	51
1942	552	27	24	51
1943	600	37	23	60
1944	635	32	28	60
1945	681	34	33	67

<b>Anos</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>D</b>
1946	634	42	31	73
1947	558	39	34	73
1948	613	38	35	73
1949	568	38	36	74
1950	534	34	34	68
1951	457	39	36	75
1952	493	26	29	55
1953	464	29	38	67
1954	430	33	32	65
1955	435	36	33	69
1956	474	42	42	84
1957	427	23	47	70
1958	402	33	36	69
1959	445	45	33	78
1960	409	37	29	66
1961	409	43	33	76
1962	405	35	39	74
1963	396	41	40	81
1964	415	49	45	94
1965	389	61	55	116
1966	365	40	56	96
1967	397	46	56	102
1968	379	47	46	93
1969	372	52	54	106
1970	376	31	51	82

A. Nacementos anuais no conxunto municipal. B. Nacementos varóns zona urbana. C. Nacementos mulleres zona urbana. D. Total nacementos zona urbana.

## II. Mortalidade

Anos	A	B	C	D
1871	542	6	10	16
1872	491	11	5	16
1873	524	7	7	14
1874	660	10	5	15
1875	546	5	5	10
1876	514	6	6	12
1877	479	6	12	18
1878	580	13	7	20
1879	565	10	14	24
1880	478	5	7	12
1881	492	18	11	29
1882	476	11	12	23
1883	521	12	14	26
1884	615	14	14	28
1885	449	10	9	19
1886	763	11	13	24
1887	598	17	10	27
1888	576	10	11	21
1889	522	6	9	15
1890	494	13	14	27
1891	610	25	18	43
1892	471	9	12	21
1893	514	10	13	23
1894	474	11	13	24
1895	529	13	9	22
1896	480	10	9	19
1897	433	10	21	31
1898	499	11	13	24
1899	511	18	10	28
1900	479	15	11	26
1901	538	12	9	21
1902	533	12	10	22
1903	460	7	7	14
1904	488	14	8	22
1905	468	10	10	20
1906	463	12	14	26
1907	489	10	12	22
1908	442	10	12	22

<b>Anos</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>D</b>
1909	461	6	13	19
1910	467	17	14	31
1911	468	8	6	14
1912	383	5	7	12
1913	422	14	9	23
1914	416	12	10	22
1915	428	12	12	24
1916	425	4	18	22
1917	432	9	9	18
1918	655	22	19	41
1919	478	11	8	19
1920	484	15	23	38
1921	414	18	11	29
1922	393	14	17	31
1923	372	12	12	24
1924	486	9	13	22
1925	350	16	8	24
1926	319	7	8	15
1927	351	10	15	25
1928	342	14	18	32
1929	355	20	13	33
1930	348	9	6	15
1931	367	15	12	27
1932	393	12	12	24
1933	350	7	7	14
1934	384	16	13	29
1935	356	14	12	26
1936	376	11	10	21
1937	360	14	10	24
1938	377	11	16	27
1939	474	21	21	42
1940	413	17	20	37
1941	510	17	25	42
1942	365	17	19	36
1943	443	15	13	28
1944	389	11	11	22
1945	323	11	12	23
1946	326	16	15	31
1947	316	16	10	26

<b>Anos</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>D</b>
1948	319	17	7	24
1949	340	17	15	32
1950	305	9	15	24
1951	330	9	8	18
1952	273	7	16	23
1953	259	9	8	17
1954	244	10	12	22
1955	265	15	10	25
1956	265	17	13	30
1957	256	10	18	28
1958	239	14	10	24
1959	262	13	16	29
1960	265	19	15	34
1961	221	14	16	30
1962	255	17	11	28
1963	213	11	17	28
1964	256	12	19	31
1965	246	21	18	39
1966	244	8	18	26
1967	248	14	17	31
1968	251	13	16	29
1969	275	14	18	32
1970	242	15	16	31

A. Defuncións anuais no conxunto municipal. B. Defuncións varóns zona urbana.  
C. Defuncións mulleres zona urbana. D. Total defuncións zona urbana.

### III. Nupcialidade

Anos	A	B
1871	79	1
1872	73	9
1873	110	4
1874	189	5
1875	142	14
1876	140	6
1877	138	8
1878	117	3
1879	133	8
1880	96	1
1881	103	5
1882	129	1
1883	134	5
1884	107	3
1885	163	10
1886	170	5
1887	130	6
1888	117	4
1889	156	5
1890	150	4
1891	197	2
1892	143	10
1893	160	10
1894	184	12
1895	163	14
1896	171	16
1897	157	9
1898	173	8
1899	174	11
1900	199	10
1901	165	6
1902	194	17
1903	149	7
1904	146	10
1905	141	10
1906	153	10
1907	130	11



<b>Anos</b>	<b>A</b>	<b>B</b>
1908	172	10
1909	145	9
1910	139	9
1911	135	8
1912	143	12
1913	111	10
1914	103	6
1915	101	12
1916	121	8
1917	135	9
1918	128	11
1919	153	8
1920	160	10
1921	129	10
1922	163	12
1923	147	8
1924	144	12
1925	147	11
1926	127	8
1927	152	10
1928	118	10
1929	149	9
1930	187	15
1931	175	16
1932	178	11
1933	160	7
1934	163	9
1935	161	4
1936	116	3
1937	53	2
1938	83	6
1939	120	11
1940	227	18
1941	237	17
1942	215	14
1943	195	20
1944	213	16
1945	192	18
1946	196	18
1947	187	15

<b>Anos</b>	<b>A</b>	<b>B</b>
1948	215	20
1949	212	12
1950	176	21
1951	184	22
1952	181	12
1953	167	14
1954	201	23
1955	209	21
1956	216	23
1957	195	19
1958	195	20
1959	179	15
1960	195	21
1961	195	25
1962	201	17
1963	199	25
1964	179	24
1965	169	19
1966	196	32
1967	204	28
1968	204	31
1969	213	30
1970	237	29

A. Matrimonios anuais no conxunto municipal. B. Matrimonios zona urbana.



## Breve reseña biográfica do fotógrafo don Xosé Ramos Garrido (Codeseda, A Estrada, 1887-1967)

José Javier Ramos Pérez

A tódalas persoas que contribuíron a facer posible este traballo, especialmente a don Manuel Antonio Rodríguez Barreiro e dona Xosefina Pereira.

Polos cumes dos montes de Codeseda aparecían paseniñamente uns raios de sol que semellaban espertar do sono da noite anunciando un novo día, outra xornada máis.

Pero na aldea de Barro, na parroquia de San Xurxo de Codeseda, na casa grande, oíanse os choros dun meniño recién nado e víase correr ás mulleres na procura de panos e auga quente para darlle os coidados tradicionais á nai que o trouxera ó mundo. Era o 9 de decembro do ano 1887 e a mañanciña de xiada blanqueara as leiras e os prados que había ó carón da casa do neno. Seu pai, Anxo Ramos, andaba na procura de leña para acender o lume, namentres a súa dona, nai da criatura, tapábase ben coas mantas para quecer e dar calor ó seu fillo.

Tiña o meniño catro irmáns que case non lle facían caso porque xa parecía moi normal o nacemento dun neno, pero así e todo subiron ó estrado para velo. Un deles dixo:

-éche ben pequeniño-.

Paseniñamente o neno foi medrando e xa facía algúns pequenos traballos para a casa e para seus irmáns como ir por leña para manter quente a casa, con aquela lareira acesa todo o día, ou axudaría ós seus irmáns en calquera cousa que fixera falla, como facer algúns recados.

Xa pasaran uns anos, e Xosé, que era o nome do cativo, quería aprender máis e máis, e pola súa conta intentaba ler os libros que había na casa. Seu pai, vendo as ansias de aprender do seu fillo, levouno a Codeseda –á feira, que era como se chamaba o núcleo do pobo por haber feira varios días ó mes–. Falaron cun mestre e quedaron en que Xosé fose á escola tódolos días. Estaba ledado, e máis se puxo cando aprendeu a ler; daquela a súa ilusión era buscar libros para enterarse de todo.

Pouco a pouco, Xosé medraba, xa non lle servían os pantalóns aqueles curtos que lle fixera súa nai. Tomoulle gusto tamén a achegarse ata a feira para charlar cos amigos, pero... faltaba algo: ¡non tiña cartos!

Hoxe é moi doado pedirlos a teu pai, pero naqueles tempos, non había diñeiro para gastar alegremente, e iso pesaba moito no xeito deste mozo que, vendo a necesidade que pasaba, decidiu buscar remedio a aquela mágoa.

Unha tarde que estaba en Codeseda oiu que uns homes, os cereiros, precisaban de xente para o seu traballo, e que recorrían moitos pobos na procura deste produto. A el interesoulle ese choio, e despois de consultar o tema na casa, foron tratar cos cereiros, que eran de Forcarei, e Xosé quedou daquela integrado na cuadrilla.

Efectivamente, o traballo de cereiro non era doado. Había que recorrer moitas aldeas andando; pouca mantenza e, por se fose pouco, un xornal pequeno que malamente cubría os gastos, aínda que Xosé era moi sobrio, e con pouca cousa se conformaba.

Pasaron uns anos e non atopaba acougo; o traballo era moito e os cartos que podía aforrar eran escasos. Nunha conversa cos amigos enterouse de alguén que marchara para Arxentina, alá na lonxana América, e cando escribiu dixo que alí había traballo a feixes, e

pagaban ben e ademais a vida era doutro xeito, e que non había aldeas, pois vivían nuns pobos que eran amplos e bonitos. De regreso para a casa no miolo de Xosé foi agromando aquela idea: ¿Por que el non? Con esa teima, sentado ó carón do lume, aquela noite explicoulle a seus pais e irmáns esa posibilidade, e tamén cal era o principal atranco para marchar: “os cartos”.

Deitáronse todos, pero este mozo quedara engaiolado pola viaxe que faría. Non tiña data, pero faríaa. Por fin, solucionado o tema económico, colleu rumbo ás soñadas terras americanas, concretamente chegou a Buenos Aires, a capital da Arxentina. Tería aproximadamente 24 anos e agora estaba disposto a comer o mundo.

Como tiña un coñecido na grande cidade, foi cabo del e perante uns días tivo cama de balde, por mor desa amizade. Aproveitou o tempo para dar unhas voltas polas rúas que lle pareceron enormes, cousa nunca vista polas terras de España. Había uns grandes cristais que cubrían uns cachos da fachada das casas, e dentro víanse cousas de todo tipo: vestidos, ferramentas, revistas, alimentos, etc. Toleaba co que se podía ver dende a rúa.

Pero a boa vida ten un remate, así que se puxo a traballar, primeiro cun xastre italiano, logo cun panadeiro e... sabe Deus cantos traballos faría.

Nas horas de descanso, adoitaba ler ou pasear por esa grande urbe. Precisamente nun deses paseos veu nun escaparate unha cámara escura para sacar fotos ¡Era o que buscaba! Non sabía usala nin posuía coñecementos de fotografía, de modo que axiña trabou amizade co dono da tenda quen, moi amablemente, lle ensinou a cámara e ademais deulle as instrucións. Mesmo lle ofreceu traballo, que Xosé aceptou no mesmo intre.

¡Qué ledicia! Apareceulle o que andaba buscando. Podo asegurar que estaba coma un neno cos zapatos novos. Así aprendería un oficio que en Codeseda ó menos non tiña competencia. Pero tendo tanto contento, chégalle da súa terra, unha mala nova “Morreu teu cuñado, o esposo da túa irmá María”.

Querer quereselle a todos, pero sempre hai un cariño especial para algunha persoa e eso era o que Xosé sentía por súa irmá. Pensaría “agora queda soa, e non ten quen mire por ela”, e esta pena roíalle as entranas e non lle daba acougo, así que tomou a determinación de voltar á súa terra e estar ó carón da súa irmá para o que precisase. E así o fixo.

De volta na súa aldea, o barro da aldea de Barro luxáballe os zapatos e o traxe, pero el quixo seguir vivindo na casa paterna ó carón da súa querida irmá. Os días van pasando e as bágoas xa se murcharan nas meixelas dos dous irmáns. A vida había que seguir vivíndoa, e entón aparece Xosé facendo fotos coa súa cámara de madeira e fuelle negro de tela.

Aproveitando os días de feira en Codeseda, Xosé colocaba un pano na parede dunha casa, para que lle servise de fondo nas fotos. Despois de sacar unhas cuantas, ó remate da feira, marchaba para a aldea, levando todo, e perante a semana tiña que facer a fartar. Estaba moi tranquilo para facer o que quixese. Co tempo, unha vez que a xente vía a calidade das fotografías, viñan máis e máis clientes e o fotógrafo cáseque non podía descansar nin para xantar. Por certo que tomaba o seu cafeciño nun bar que había no lugar da Sagrada, preto da fonte. Nese café unha moza xeitosa, algo nova de máis, á que lle botaba o ollo facíase ver e pouco a pouco fóronse coñecendo e en pouco tempo chegaron a un acordo para casar. A cerimonia celebrouse o 18 de Xaneiro do ano 1926 na parroquial de Codeseda.

Despois da consabida lúa de mel, Xosé e Xosefa, a súa dona, viviron na casa do café no lugar da Sagrada, onde el fixo o seu estudio permanente.

Na vida do novo matrimonio cada un tiña un cometido distinto; Xosefa adicábase ó traballo da labranza e Xosé ó de fotógrafo ou retratista, nome polo que tamén se coñecía daquela o oficio. A xornada de Xosé escomenzaba bastante cedo, preto das sete da mañán no tempo de inverno e se era polo verán aínda máis cedo. No domingo, que era o día no que viña a xente, primeiro cum-



O retratista de Codeseda don Xosé Ramos e a súa esposa Xosefa Pérez.

plía con Deus indo á primeira misa da parroquia e á volta, dende lonxe, xa vía o traballo que tería pola cantidade de xente que estaba ó carón da súa casa.

Había mozas, moitas mozas, e xente maior con nenos, algúns bebés, esperando. Dentro da casa, unha pequena sá servía para peitearse as mozas para saliren guapas nas fotos. Este cuarto, como era empregado en grande maneira polas mozas, para sempre levou ese nome “cuarto das mozas” que así era chamado por nós moito tempo despois de deixar de facer fotografías.

Xosé, pola semana, adiantara o traballo. Unha vez ó mes preparaba os ácidos que empregaría para o revelado das placas e dos papeis fotográficos. Mercaba a hidroquinona e outros produtos, primeiro nunha tenda de Vigo e finalmente en Santiago. Logo cunha pequena balanza, preparaba eses líquidos coas súas propias mans, que por certo tiñan os dedos de cor marrón por andar con eles nos ácidos e tamén por fumar. Antes de sacar as fotos tiña que poñer a placa no cliché, e isto leváballe un tempo sobre todo cando tiña que cortar os vidros dentro do cuarto escuro e sen apenas luz, para que non se velasen os negativos.

Estes clichés metíaos nunha maleta de coiro de cor negra, e con ela baixaba as escaleiras para dirixirse á sá. Esta comprendía un espacio de aproximadamente 12 metros de longo por 6 de ancho, cuberta con cristais.

Nunha parede do fondo había unha pintura que semellaba o escenario dun teatro, con cortinas e flecos, e precisamente ese era o fondo que saía nas fotos. Un armazón de madeira e ferro sostíña a máquina de retratar que mercara en Bos Aires, e enriba dela, un pano negro. Xosé dicíalle ó cliente como se tiña que por, un pouco ladeado, a cabeza erguida e un leve sorriso, dependendo da finalidade da foto.

Cubríase co pano negro e miraba dentro desa escuridade a figura da persoa que estaba alí diante. Cando todo estaba do seu gusto, dicíalle un pouco mais alto ¡Agora estéase quieto! e axiña se escoitaba un “clic” cando o fotógrafo premía o disparador e así remataba a primeira fase deste traballo.

Con cada persoa tiña que repetir a operación, e non é de extrañar que ás veces o fotógrafo xantase á hora de merendar, pero iso non lle causaba trastorno. Primeiro era o traballo e despois o lecer, e digo isto porque, axiña que xantaba, adoitaba xogar a partida ó dominó no bar de Ignacio en Codeseda, tendo de compañía sempre a seu cuñado, o barbeiro Benigno e a dous amigos máis. De vez en cando, esa partida era interrompida polo fillo máis novo do fotógrafo que lle ía pedir unha peseta para caramelos.

De volta á casa, despois de cear escoitando o parte da radio, metíase na cama lembrándolle á muller o plan de traballo do día seguinte, que coma sempre escomenzaría a primeiras horas da mañá cando o espertaba a sinfonía desafinada de tres ou catro reloxos que el mesmo arranxara pois tamén era aficionado a iso.

Na sá de arriba había unha pequena habitación de aproximadamente catro metros cadrados á que se lle chamaba o “cuarto escuro” e realmente era así. Formada por tres paredes de madeira e unha parede propia da casa, era efectivamente, unha sá escura porque non tiña luz eléctrica, só un pequeno candil. Entrando nese “cuartucho” por unha



porta de madeira, enfrente estaba unha parede de pedra, e á nosa dereita unha de madeira cun estante alto onde Xosé tiña placas e papel fotográfico virxe. Á nosa esquerda, unhas cubetas tamaño folio colocadas enriba dun estante e a continuación un candil. Era un queixonciño de madeira cun pequeno cristal vermello ou verde que tiña dentro unha botelliña con gas e unha pequena mecha que estaba acesa.

Mesmo detrás dela, colgado dun craviño, había un reloxo coma os de bolsillo, que só tiña a agulla dos segundos.

Por suposto que tamén hai unha cadeira de madeira, moi pesada, que lle servía ó fotógrafo para facer o seu traballo sentado. Neste “cuarto escuro” cortábanse as placas, que eran de cristal, cun diamante, e con moi pouca luz, como xa dixeran. O seguinte proceso paso a relatalo: collendo os clichés que estaban na maleta negra, sacáballes con coidado a placa xa impresionada que axiña metía no ácido de revelar situado na primeira cubeta ó carón do candil. Cando era verán non había problema, pero no inverno tiña que quentar o ácido cun pequeno papel. Axiña xurdía a figura da persoa en negativo, e contando o tempo, collía a placa, lavábaa na auga da segunda cubeta, e de seguido introducíaa na terceira cubeta onde estaba o líquido fixador, e alí botaba uns minutos. Con cada placa positivada tiña que facer a mesma función ata rematalas todas.

Despois de pasalas outra vez pola auga, collía unhas pinzas da roupa preparadas cun ganchiño de aramio e colgaba cada placa a secar dentro da casa durante toda a noite. Pola mañán, tamén con coidado, recollía as placas e metíaas nunhas caixas de cartón para levar a cabo o seguinte proceso: o retoque. As emulsions das placas adoitaban ter defectos que logo ó revelalas daban en puntinhos brancos. Tapar eses “desperfectos” era o labor do proceso de retoque.

Para facer posible iso, o fotógrafo construíra un aparello de madeira coma unha caixiña dos puros, cun queixonciño dentro onde se gardaban os instrumentos do retoque. Enriba dela, fixera unhas patas e un cadro de madeira cun cristal no que tiña un oco polo que pasaba a luz, que previamente era reflexada nun espello colocado

debaixo. Ó pasar a luz, os defectos aparecían en manchiñas brancas que habia que “reparar” para que a foto saíse ben. Botándolle á placa unha capiña de resina onde o precisase, o fotógrafo, cuns lápices especiais, moi afiados e tinta procuraba tapar esos defectos. Como era labor de moitas horas, a radio era a súa compañeira xunto cos pitillos de picadura que él mesmo liaba.

Dependendo da cantidade de placas, eran moitas horas adicadas a este traballo de “pintura” pero todo era feito para que as fotos saísen perfectas, e o cliente quedase satisfeito.

Rematada a sesión de retoque, as placas voltaban ás caixas con moito coidado de non producirlles raiaduras coas unllas ou con calquera cousa ata o seguinte proceso que é o de facer a foto final.

E de novo ó cuarto escuro e veña traballar. Nos negativos –nome que se lle dá á placa–, está impresa a imaxe e agora hai que positiva-la, –pasala a papel–. Para iso o fotógrafo de Codeseda ideara un cadriño de madeira adaptable a varios tamaños, cunha tapa por detrás. Nese cadro colocaba a placa e pegada a ela un pedazo de papel fotográfico. Pecha o cadro, mira o candil e o segundeiro, e expón ese cadriño coa placa e co papel á luz do candil, tan só uns cinco ou seis segundos. Co cristal vermello tapa despois o candil e bota o papel no ácido de revelado na primeira cubeta, igual que coas placas. Pasan uns segundos e... aparece a figura, a que chamamos foto. O fotógrafo fai primeiro unha proba para medir os segundos que lle ten que dar de luz, porque se son poucos non sae e se son moitos quéimase a foto. Se á primeira o resultado é satisfactorio, xa vai facendo o resto, e se non, ten que experimentar con outro papel e outro tempo de exposición á luz.

Este proceso había que repetilo tantas veces coma fotos faría, e dependendo da dureza da placa, así tiña que modificar os segundos de luz.

Nun domingo normal de traballo tiña encargos para facer 40 ou 70 fotos para entregar nos seguintes quince días, o que dá idea da súa capacidade de traballo con medios moi rudimentarios se o queremos

comparar cos de hoxe. Unha vez feitas tódalas fotos e sacadas do fixador, eran metidas nun caixón moi semellante a un dos das botellas das cervexas de hoxe, “made in feito na casa”. Collía o “moble” cheo de fotos, e leváboo á fonte, unhas veces á que está no medio da Sagrada e outras á que está máis abaixo e incluso á fonte da Devesa ou a das Hortas, con tal de que lle caese moita auga enriba calquera era boa. Deste modo sacáballe ás fotos calquera resto de ácido que puidese quedar deteriorando a fotografía co paso do tempo. Na fonte estarían unhas catro ou cinco horas. Por certo que cando había unha voda de coñecidos, ás veces a xente abría o caixón por curiosidade e miraba, e mesmo algún “caradura” levou algunha foto.

Recollido o caixón coas fotos ben enxaugadas, secábanse na mesma sá na que se secaban as placas, semellaba aquilo un tendedeiro con moitos panos brancos pequeniños. No decurso da noite tiñan tempo de secar, así que pola mañanciña seguinte, o fotógrafo collía a banquetiña para chegarlle e retiraba unha a unha as fotos, que, xa ben enxoiatas, colocaba en caixas para o procedo de retoque.

O retoque das placas era traballo meticuloso, non o era menos o “perfilado” de cada fotografía. Nas fotos adoitaban sair defectos; unhas veces eran coma manchiñas redondas brancas que podían atoparse na cara ou na vestimenta do fotografado e outras xurdían pola falta de elementos, por exemplo cando lle sacaba a foto a un calvo non aparecía o límite da cabeza. Estas dúas mágoas eran as que lle daban traballo ó fotógrafo, que coa radio acesa e o seu pitillo nos beizos procuraba, coas tintas e plumas, refacer eses “entornos” para que o cliente estivese satisfeito e aínda mellorado se cabía.

Empregando plumas de galo cortadas, e mollándoas nas diferentes tintas conseguía unha uniformidade de cor xa daquela, cando aínda non coñecían o “photoshop”. Retocadas e ben rematadas, poñíalle o cuño. Cando empezou a traballar empregaba un selo, pero máis tarde inventou unha pequena prensa na que tiña gravado *J. Ramos*. No lado esquerdo e abaixo aparece ese nome, troquelado na foto ó metela nesta pequena prensa.

O fotógrafo tiña dúas guillotinas, unha de borde liso e outra máis grande de corte de serra. Precisamente con esta, que era a máis grande, facíalle os bordes ás fotos, que lle daban un aire moi particular, xa que outros fotógrafos cortaban as fotos en liso. Despois de cortadas e recortadas había que mandalas ós seus donos. Ás veces, se non podían vir eles, mandaban a un veciño que viñese á feira pero o máis habitual era envialas por correo ou polo coche do leite. Para iso había que estar á espera de cando pasaba e dándolle unha pequena propina non había problema algún.

Xosé Ramos, cando sacara a foto, escribía nunha libreta o nome e a dirección da persoa, para mandarllelas, pero ás veces, por erros no enderezo ou porque non pasaran a recollelas, moitas fotos nunca chegaron ó seu destino, e quedaban na casa esquencidas. Ás veces, aparecíalle un traballo extra. Resulta que na casa de Menganito ou de Fulanito había unha fotografía dos avós, que estaba desfeita e traíanlla a Xosé a ver se podía facer algo por ela. Eran as famosas “ampliacións”. Collendo a foto coa cabeza para abaixo, colocábaa nunha taboíña que tiña no estudio, e sacáballe deste xeito, unha nova foto. Así, tendo a placa, despois de revelala e retocala, comenzaba o proceso da “ampliación”.

As ventás da casa tiñan contras e preparara unha abríndolle un orificio para poder colocar alí unha máquina de fotos, pero posta ó revés, de tal xeito, que a luz entraba por detrás, e ó poñer a placa dentro, saía a imaxe por diante, polo obxectivo. Enriba dunha mesa grande, outra mesiña de noite pola traseira e alí clavado un cartón branco. A imaxe, ó xeito do cine actual, proxectábase naquel cartón. Dáballe para adiante, ou para atrás ata lograr o enfoque perfecto, o que ás veces era imposible porque a luz natural non era a axeitada e debía deixar o traballo para outro día. Pero se todo ía ben, collendo un papel virxe fotográfico colocábao enriba do cartón branco, e dándolle uns segundos de luz, metíao no ácido a ver se saía ben. Se así era, craváballe unhas puntñas nos lados para colocar mellor o papel no que se faría a foto ampliada que adoitaba ser de 30x40 cms. ou máis.

Unha vez que o papel estaba no seu sitio, a escuras, abríalle o obxectivo e a luz o traveso da placa, impresionaba o enorme papel fotográfico, que logo o fotógrafo gardaba nun sobre moi grande, para cando tivese tempo de facerlle o revelado, que podía tardar uns días ou algúns meses.

Para este mester as cubetas de latón, de case un metro cadrado cada unha, estaban mediadas de ácido, auga e fixador, seguindo o mesmo xeito que coas fotos pequenas, tanto na estancia na fonte coma no retoque que aínda era moito máis complicado, porque as fotos orixinais ás veces estaban estragadas polo paso do tempo ou o mal coidado. Estes traballos levábanlle moito tempo pero ó rematalos víaselle a satisfacción polo traballo ben feito.

Nos derradeiros anos de fotógrafo, foise extendendo facer as fotografías de color pero non coma as de hoxe, senon as chamadas “iluminadas”. Eran as mesmas fotos, que levaban unhas cores pintadas. Xosé non quixo quedarse atrás, e mercou en Vigo un estuche con botelliñas que tiñan tintas de moitas cores. Levoulle tempo idear un método axeitado, ata que atopou unha herba que nace nos sitios húmidos de cor moi verde, e con esa herba, cortándoa, conseguiu “iluminar” fotos, que parecían de color, pero non tan ben logradas coma as de hoxe.

Non sabemos a cantidade de fotografías que sairon do estudio do Fotógrafo de Codeseda ó longo da súa vida profesional, pero sí pode aportar un dato; cando se lle fixo unha reforma á casa, había unha habitación chea ata o teito, de placas do traballo diario. Como non había espacio para tanto “cristal”, colleron o carro e leváronas todas para unha leira en Custiód, preto da aldea de Fontenlo, e alí quedou desparramado o traballo de moitas horas, feito coa ilusión da perfección e de contentar ós clientes.

Unha doenza foi minando a saúde do fotógrafo, que pouco a pouco foi deixando o traballo, esmorecendo a súa lectura do xornal e das revistas e albiscando a modernidade do aparato da televisión, en branco e negro, coas imaxes en movemento que tanto lle atraían.

O día 10 de Xuño do 1967, finou Xosé Ramos Garrido, máis coñecido como Fotógrafo de Codeseda, e ese día rematou a vida dun home que soubo traballar honradamente, que gostaba de complacer a todos coas súas fotos, e que adicaba horas e horas a perfeccionar os seus coñecementos e mañas, coma as de arranxar reloxos, ou traballar de carpinteiro facéndolle as caixas ós reloxos de parede.

Como pai de familia, lembro sempre a súa disposición a atender ós fillos, e mesmo a facerlles xoguetes, coma aquela bicicleta de madeira que foi toda unha atracción en Codeseda, fronte a outro “triciclo” de ferro dunha nena veciña. A lectura do xornal “El Pueblo Gallego” ó que estaba suscrito, e tamén de multitude de revistas e libros, conformaban a vida desta persoa que tiña que escoitar “O parte das dez da noite” na radio nacional, como punto de arranque para facer plans para o día seguinte.

## Escolma fotográfica de Xosé Ramos



Tres irmáns. Apréciase no ángulo inferior esquerdo, troquelado na foto, o nome do autor: J. Ramos.



Sacerdote o día da súa primeira misa.



Mestres e alumnos coa bandeira española.



Neno seminarista coa sotana  
moi ben abotoada.





Dúas fermosas labregas de Codedesa retradas no estudio de Ramos.



Elenco de actores do grupo de teatro parroquial de Codedesa mostrando un retrato do Papa Pío XII.

A Virxe da Guadalupe do Santuario da Grela (Codeseda), coloreada no retrato orixinal.



Mestre de Codeseda cos seus alumnos no estudio fotográfico de Ramos. Escoltan ó profesor algúns “nenos soldado” cos seus fusís de pau.



O batallón infantil, co seu capitán ó fronte, en plena parada militar.



¡Inaudito! Unha marela no estudio do fotógrafo.

Simpático grupo de curmáns.



Aprendiz de conductor.



Primeira comunión.



PO-3358... xa pasaron anos. Fachendoso conductor en Codeseda.





Peregrinación parroquial saíndo da Alameda de Santiago co seu párroco ó fronte.



De maior a menor: tres irmanciños excelentemente retratados.



Xuntanza de nenos e catequistas no adral de Codeseda.



Familia con neno en bici ... de pau.



Foto familiar do retratista de Codeseda.



Reunión de Acción Católica de Codeseda.





Fregueses co seu párroco.



Tres amigas en formato elíptico.



Xantar campestre na romaría da Guadalupe no campo da Grela.



Retrato dun matrimonio de Castrelo (Forcarei).



... e a cabra tivo cabritos. Foto no estudio de Ramos.



Unha anciá.



Panorámica dun sepelio en Fontenlo (Codeseda).



Saíndo de excursión.



Un anxiño ben miúdo...

Fotografía dos alumnos da escola de Arca fronte ó Palacio de Oca. Segundo relata o diario *El Emigrado* do 7-7-1927, exemplar cedido ó Museo por don Manuel Antonio Rodríguez Barreiro, de Arca (A Estrada): *dispuestos en filas de a dos yendo al frente la bandera nacional conducida por el niño José Pereira, partieron hacia Codeseda en donde esperaba un coche de la Empresa "El Comercio". Ya allí, y después de que los niños habían ocupado su respectivo lugar, se unió a los excursionistas el fotógrafo José Ramos de Codeseda ...*









## Primeira catalogación dos documentos do fondo de Miguel Nine Novais

Damián Porto Rico

O fondo do político estradense Miguel Nine, eminentemente epistolar, foi recuperado para a historia e para a memoria da nosa comarca en virtude de loubable doazón de Dores Araúxo Arias ao Museo Reimóndez Portela, onde se custodia na actualidade xunto cos seus instrumentos de descrición, sen desbotarse a súa futura dixitalización en aras dun mellor servizo aos investigadores que o soliciten. Vaia por diante o noso agradecemento a persoas que, como “Noni” (alcume agarimoso co que é coñecida na vila), son partidarias de ceder os vellos papeis a institucións que os poñan en valor antes de que esmorezan nos faiados e adegas a mans dos fungos.

O volume da documentación é modesto e o seu estado de conservación bastante bo, polo que non foi preciso actuar sobre ela nada máis que no tendente á súa instalación axeitada, distribuíndoa en 7 unidades de instalación e as súas correspondentes carpetiñas. Deixamos para un futuro a súa ordeación, tarefa que non nos parece urxente polo momento dado o seu carácter máis próximo a unha colección que a un fondo no sentido arquivístico.

A finais do século XIX e principios do XX detentaban o poder político estradense os membros do denominado partido liberal. O distrito electoral de Lalín-A Estrada mantíñase baixo o dominio

caciquil de Antón Aguiar Correa (vulgo marqués de la Vega de Armijo) e de Xosé Riestra actuando o primeiro como deputado nas cortes españolas e manifesto rival de Uxío Montero Ríos de cara a acadar a xefatura do partido. No eido municipal estradense estaba a vivirse unha forte pugna interna entre dúas faccións deste partido de sistema, unha encabezada por Miguel Nine e Faustino Ulloa e a outra por Laurentino Espinosa<sup>1</sup>. A facción deste último, a decir de Xoán Carlos Garrido<sup>2</sup>, establecerá unha alianza cos carlistas e cos socialcatólicos co obxectivo de desprazar a Ulloa e Nine. Do grupo de deputados provinciais elexidos no distrito, salientan Miguel Nine e Gumersindo Outeiro. O primeiro desempeñou o oficio de procurador dos tribunais entre 1869 e 1916 e o segundo o de “propietario” (era dono da fábrica de papel da Barreira e señor do próximo Pazo da Mota, en San Martiño de Riobó), acadando a presidencia da Deputación provincial e o cargo de gobernador civil de Ourense.

Mentras que a facción de Laurentino Espinosa tiña no xornal “El Estradense” o seu órgano de publicidade, a de Miguel Nine manexaba os fíos doutro periódico, “La Voz del Pueblo”. Curiosamente ambos comenzaron a publicarse en 1906, sen dúbida co afán de captar as vontades e os votos da incipiente burguesía letrada estradense<sup>3</sup>, emulando o que levaba anos facéndose noutros países europeos e mesmo en España.

Non é este artigo lugar para efectuar ningunha análise das motivacións políticas ou ideolóxicas destes grupos de poder ou camarillas

1 Alcalde do concello entre 1895 e 1901.

2 Garrido Couceiro, X. C., Lago Peñas, P. e Martínez Barreiro, M. “Entre el clientelismo y la movilización. El municipio pontevedrés de A Estrada en la primera década del siglo XX”. En Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas (RIPS), vol. I nº 2. Santiago de Compostela 1999. Páxs. 103-108.

3 No primeiro número de “El Estradense”, o 15 de decembro de 1906, recoñeciase explícitamente ao marqués de la Vega de Armijo como “único jefe político” e a Riestra como benfeitor e mecenas ao que se lle debía a nova igrexa ou a estrada da Ulla. Desde este mesmo xornal se publicitou a compra da illa de Cortegada para regalarlla á Casa Real española como residencia estival, co nada velado obxectivo de acadar para A Estrada un tramo de vía no tramo de ferrocarril Monforte – Vilagarcía.



nin somos nós quen de efectualas nin de procurar respostas que deberán dar os historiadores. Unicamente pretendemos poñer á súa disposición un instrumento máis que, xunto a outros como o Fondo Solla do Museo de Pontevedra (tamén en gran medida formado por correspondencia) ou as hemerotecas, contribúa a aclarar un dos períodos máis interesantes da vila estradense.

Aínda así, da lectura completa que tivemos que facer para inventariar o fondo, non podemos menos que sacar algunhas conclusións sucintas. E sen dúbida a de maior actualidade e concordancia cos tempos presentes non pode ser outra que a principal motivación destes individuos, asociados en forma de rede clientelar, non era senón o que G. Sartori denomina reparto dos despozos do poder: así, mediante o control dos mecanismos de poder locais, a facción de Nine e Ulloa conseguíu colocar a este último ao fronte da recadación de arbitrios municipais (posto no que se mantivo 30 anos sendo acusado reiteradas veces de enriquecerse a costa de repartos fraudulentos de impostos<sup>4</sup>), ao seu fillo ao fronte da dos concellos de Forcarei e Cerdedo, ao seu sogro Maximino Araújo como secretario do concello estradense, ao seu cuñado Xosé Penas como concelleiro municipal, ao seu xenro Xenaro Outeiro na Alcaldía entre 1904 e 1906, ao cuñado deste como presidente do Casino, ao seu consogro como contratista municipal e logo como alcalde entre 1906 e 1914...

Infírese pois do estudo dos papeis o uso discrecional e fraudulento dos mecanismos de poder por esta pseudoelite local, que sabemos non tivo reparos en recorrer ao fraude electoral actuando sobre a Xunta Electoral do Censo, boicotear mesmo a política sobre montes do goberno central ou flirtear ca ilegalidade para conseguir unha rede clientelar mellor que a do partido rival.

Sobran exemplos: unha nota de agradecemento a Miguel Nine do Xefe da Sección de Contas Municipais do Goberno Civil de Pontevedra, agradecéndolle o voto que fixo posible o seu novo

---

4 Vid. nº 98 de "El Estradense".

destino<sup>5</sup>; Ramón Paseiro non deixa pasar a ocasión de recordarlle “que en unión de Dn. Gumersindo y Dn. Faustino escribiesen al Sr. Marqués para que me recomendase al Presidente de la Territorial, para ser nombrado Juez Municipal de Gomesende”<sup>6</sup>; Teodosio Rodríguez lle solicita a asistencia á reunión da Deputación Provincial e o seu voto para acadar o nomeamento de Director de Camiños<sup>7</sup>; o rector da Universidade de Santiago, señor Troncoso –ao que Nine promocionara anteriormente–, remítelle noticias “de su recomendado D. Manuel Pena para la sustitución de la escuela de S. Jorge de Veá, como deseaba”<sup>8</sup>... Cadeas de favores que se perpetuaron na figura da súa filla, Melania Nine Fraga: véxase a tarxeta informando que “su recomendado Daniel Rodríguez fue aprobado con la nota máxima. Su contrincante aprobó con nota inferior, por lo que se propone el de V. a Madrid, y creo será el nombrado”<sup>9</sup>.

Á intervención desta ralea de políticos tamén semella deberse boa parte da xénese urbanística do concello. Veláí exemplos como a carta que lle dirixiu a Nine o secretario do concello: “Querido Miguel: Me parece que no tenemos dinero para pagar á D. Pedro, por lo que verás de la adjunta nota. Las 3.000 pesetas de la huerta nos parten, y hemos de ver si se va pagando a los otros, para poder abrir hasta Bedelle, y si (como dice Otero), hallamos quien preste el dinero para D. Pedro”. Na que se amosa ademais preocupado pola influencia da prensa opositora ante os seus manexos: “por que nos dejaría destartalados ante la opinión, y el “Estradense” tocaría la alborada por todas las aldeas, con su correspondiente punto de Muiñeira”<sup>10</sup>.

E as súas actuacións estendíanse polo rural, tentando meter baza no incipiente agrarismo (movemento no que A Estrada foi pioneira)

5 Signatura 172.

6 Signatura 176.

7 Signatura 204.

8 Signatura 201.

9 Signatura 245.

10 Signatura 193.

e mesmo, se podían, socavar as bases económicas dos seus rivais. Neste senso resulta relevante a carta de 15 de abril de 1907 dirixida a Miguel Nino por Faustino Ulloa referida á presa de Pina, en Paradela: “Mi querido amigo: el día pasado 13 estuvieron aquí el Ingeniero Picó y un ayudante quienes en unión de Pardo y el Notario fueron a reconocer la Presa o aqueducto de Paradela, y aunque el Gobernador mandaba al Alcalde citase a los interesados para que concurriesen allí no hubo tiempo para citar a los de Paradela ni la Alcaldía sabía quiénes son los interesados [...]. Estos amigos ya querían que fuese junto a V. una comisión no sólo para que V. hable y entere al Gobernador, sino también para presentarse con V. al Sr. Marqués para que también se entere de la justicia que asiste a las parroquias de Paradela y Barbud para no dejar llebar el agua conque siempre regaron y riegan sus fincas, y que sin dicha agua quedarían todos en la miseria; pero yo aprovechando la ocasión de hallarse V. ahí les dije que por ahora bastaría escribirle ésta. Dicen que Pardo no perdona medio para impedir que compongan la presa los de Paradela y a evitar que tanto el Gobernador como el Marqués se comprometan, le enteramos a V. para que hable y entere también de todo a dichos señores. [...] P. D. Nuestro comité electoral va a publicar una hoja a los lectores para neutralizar la propaganda del Estradense, en ella se prescinde de injurias personales [...]. Si V. leyó el último número del Estradense ya vería como nos ponen sobre todo a V y a mi”<sup>11</sup>. Non é ocioso lembrar que Camilo Pardo, promotor da protoindustrialización dos ríos estradenses e da primeira electrificación da vila baseada na forza hidráulica pertencía á camarilla rival.

Tampouco faltan referencias á vida familiar e persoal, das que se poden entresacar opinións ou deducir a marcha da política española. Algunhas delas poden resultan cando menos raianas na xenofobia desde unha perspectiva actual, como o caso da carta que lle dirixiu a Nino en 1907 o Administrador especial de Rendas Arrendadas

---

11 Signatura 175.

de Barcelona: “Amigo mío la población es hermosa y la gente cada día más antipática, pareciendo no vive como en España sino en el extranjero pues apenas se oye hablar castellano, pues aún estos para no adquirir su odiosidad, principalmente si se dedican al comercio, hablan todo catalán. Yo no les entiendo ni quiero [...] Sigo aquí como sabe Justo por complacer al Director General que dijo vería con disgusto pidiese otro cargo y si continuo teniéndolo contento puede serme bueno para ascender al cumplir los dos años, por lo demás es destino de trabajo [...] y población cara para todo y en otra capital tendría vida de canónigo por menos gasto. Cuando fue la reunión de las Diputaciones (para comer y divertirse) esperaba ver a V. por esta, pero ustedes tuvieron pudor para no hacer a la provincia ese gasto tonto y sólo de recreo para los agraciados con la Comisión”<sup>12</sup>. Otras aluden en termos pouco respetuosos a Maura ou a Montero Ríos.

Tamén é doado rastrexar a praxe procesal da época mediante os numerosos borradores e copias de preitos conservados no fondo, adquirir noticias de persoeiros estradenses e foráneos ou coñecer os nomes doutros letrados e procuradores (Anxo Vilar Carreira, Xesús Durán Taboada, Bieito Barcala Rodríguez, Cándido Barros Villorado...).

Como vimos de ver son numerosas as posibilidades de investigación que ofrece este fondo. Cómpre sulñar, como colofón aclaratorio, que o devir desta documentación e o seu almacenamento fixo que se acumulasen ao fondo papeis que non pertenceron en orixe a Miguel Nine Novais. Nin tan sequera á súa familia. Porén é posible atopar documentos desde o ano 1694, pasando por correspondencia da súa filla Melania, ata fotocopias de 1988, que se conservaron e describiron por descoñecer o paradoiro e estado dos orixinais. Nun futuro, comprobados estes extremos, será posible proceder á súa eliminación ou expurgo.

Tamén podemos vaticinar que o fondo Miguel Nine podería incorporar nun futuro –mesmo sería desexable– máis documentación encol

---

12 Signatura 167.

desta persoaxe. Por exemplo, cóstanos que nos anos setenta aínda se convocaron bolsas para estudantes no Seminario Conciliar de Santiago. En concreto a denominada bolsa “Nine Novais” para descendentes lexítimos de Miguel Nine ata cuarto grado e para “todos los descendientes del Notario que fue de La Estrada, D. Manuel Santamarina, en turno alterno con el primero”<sup>13</sup>.

## **Primeira catalogación do Fondo Nine Novais**

### *U. I. nº 1*

#### **001. 5 de maio de 1855**

Atado de 22 follas ca partilla de bens de María Docampo.

Comparecen don Francisco Fraga, Xosé Fraga, Vincenzo Fraga e outros da súa familia para facer partilla de bens e efectos que fincaran despois do pasamento de María Docampo. Comenza co nomeamento amigable de perito na persoa de Domingo Antón de Noboa, veciño de Santiago de Tabeirós e seguen os memoriais de bens (labradío, carballeiras, toxeias...) e de bens gananciais, a distribución e pago aos diversos herdeiros e a aprobación das partillas.

#### **002. 1873**

Atado de 48 follas, contendo “Yndice de las escrituras matrices que en el año de 1873 dió fé el Notario del distrito de Estrada Dn. Manuel Santamarina”.

#### **003. 1877**

Atado de 73 follas contendo documentos entregados por don Antón María Paseiro e relacionados cos bens litixiados e partidos ao falecemento de don Manuel Luces Reloba: inventario de capital de

13 Boletín Oficial do Arcebispado de Santiago, nº 3250, de 20 de xullo de 1974. Edicto de bolsas no Seminario para o curso 1974-1975.

dona Carme Miranda Xil, inventario de bens gananciais devengados do seu matrimonio, borradores de contas...

Hai tamén acta do 1º de novembro de 1877 motivada pola morte de dona Carme Miranda (acaecida o 21 de outubro de 1870), con comparecencia dunha parte do seu viúvo don Manuel Luces e Gómez de Reloba, rexistrador da propiedade do partido da cidade de Chiclana residente na Estrada; e doutra os seus fillos: don Ricardo (notario no partido de Montes), dona Laura (asistida e autorizada polo seu marido don Masimimo Araújo, Secretario do concello estradense), don Xosé e dona Beatriz Luces Miranda. Don Miguel Nine, procurador no xulgado compareceu na acta “en representación y como curador ad litem del incapacitado Don Antonio Luces Miranda que reside en el Manicomio provincial de Valladolid”, para facer partilla dos bens que fincaron da defunta mediante o perito don Xosé Insua.

Os bens estaban sitos en Trasmonte (77 partidas), nos Cebados de Aguións, na Estrada (na extinta rúa Ulla), en Toedo, en Matalobos, en Portela...

Contén timbres soltos.

#### 004. Febreiro de 1880

Pagaré de compra de bens nacionais do clero na provincia de Pontevedra a favor de Xosé Graña. Corresponde ao 13º prazo do pago da cantidade en que foi rematado ao seu favor un terreo “llamado Rivas sito y procedente de las Animas de Folgoso y de la cual tomaré posesión mediante haber entregado en Tesorería la parte en metálico, según carta de pago de esta fecha núm. 546 que obra en mi poder; quedando hipotecada la misma finca, como previene el artículo 154 de la Real Instrucción de 31 de Mayo de 1855, al puntual pago del presente pagaré, que suscribo [...] en Pontevedra á diez y siete de Febrero de mil ochocientos sesenta y ocho”. Do 17 de febreiro. No reverso nota da toma de razón do pago do pagaré en Pontevedra a 21 de febreiro.

**005. 18 de xullo de 1884**

Plego de papel selado contendo copia do poder outorgado en Valladolid ante o notario público “Especial de Hacienda de su Provincia” Víctor García, por dona “Elvira Nieto Vallesteros” e o seu marido don Xoán García (“Oficial de Infantería del Batallón Cazadores de la Habana”) veciños ambos desa capital, a don Miguel Nine, Procurador do xulgado da Estrada para que os represente nas labores de inventario e partición de bens do pai de dona Elvira, don Xosé María. Remata con legalización da firma do notario o mesmo día.

**006. 15 de setembro de 1885**

Atado de tres plegos (seis follas en total) no que don Xosé Ciorraga, secretario do xulgado da Estrada, certifica copia literal de conciliación atendida no xulgado o 5 de setembro de 1885. Nesa data comparecera como demandante Ramón González Collazo, labrador veciño de Santo Estevo de Oca e o seu home bo Xosé Fernández; e como demandados Xoán González Remesar (e na súa representación o procurador don Camilo Pereira por poder outorgado ante o notario da vila León Tornadizo), Xosé Araúxo Batallán, André Barcala Quintela, Fidel Araúxo Batallán, Francisco Araúxo Batallán, María González Collazo, Manuel García Barcala, Manuel Reimóndez Batallán (como marido de Pilar Collazo Remesar), Gabriel Collazo Silva, Manuela Collazo Silva, Manuel Reimóndez Barcala, Xoán Collazo, Vincenzo Mesía Vincenzo, Xosefa da Fonte, Melchor Rilo Cabanas, María Xoana Batallán, Carme Brei Barcala, Antón Barcala Gómez, Xoana Maceira Gambino, Dionisio Ruibal, don Xosé María Ferreiro Caamaño, Xoán Batallán Castro, Felipe González Quinteiro, Xoán Pereiras Barcala, Manuel Gondar Igrexas, Estrela Pardo, don Manuel Brei Barcala, Xosé Brei Barcala, Tareixa Brei Barcala, Rosendo López, Xoán Porto Collazo, Xosé Taboada Porto, Tareixa Isla Servide –todos veciños de Oca–, Tareixa Pedrouzo Cuiña –de San Xiao de Arnois–, Manuel Porto Collazo, Manuel Ribadulla Xestoso –de San Martiño de Riobó– e Segundo Martínez Vilaverde

—de San Cristovo de Remesar. O demandante solicita que os demandados se avenían a nomear perito que revise o prorratado da metade das augas de Figueiras e mananciais que se lle unen. O prorratado fixerá en 1859 o perito don Ramón Barreiro, mais pretendían algúns dos citados alterar a distribución. Tratábase de 84 horas de rego, xa que outras tantas pertencían a outro prorratado.

A maioría dos demandados están dacordo en facelo e en que se encargue do asunto o perito de San Pedro de Orazo, don Xosé María Pereiras. Mais, algúns, como Manuel Ribadulla Xestoso, din que a demanda tropeza con inconvinientes: “En primer lugar deben hacer presentes que María Juana Batallán, demandada, es menor de edad; que no se cuenta con varios terratenientes ó dueños de fincas regadías, entre los que figuran los hijos de Manuel Vilouta, también menores, los de Timoteo Reimóndez igualmente menores y los de Don Ramón Brey, que están en el mismo caso”. “En resumen: los que hablan admiten la práctica del nuevo prorratado, en el orden amigable, siempre que se allanen los inconvenientes advertidos, concurren a la operación todos los interesados, se prescinda de los llamados prorratados antiguos”.

O xuíz declara por avenidos e conformes a demandante e demandados.

#### 007. 11 de febreiro de 1915

Recibo do pago por Xenaro Pena de 34 pesetas por unha casulla de mortalla para don Xoán Eirín. Na xastrería de Evaristo Barcia, de Santiago.

#### 008. 7 de marzo de 1915

Recibo expedido polo xastre Manuel Varela, da Estrada, de ter recibido de Xenaro Pena Eirín “en concepto de apoderado de su madre Manuela Eirín Rodríguez tutora del incapacitado Dn Juan Eirín Rodríguez cura de Sofán (Carballo) y residente en su casa de Sn Miguel de Arca [...] trescientas pesetas; por un traje sarga negra



[...], una sotana [...] y un bonete todo de clase superior [...] para mortaja de Don Juan Eirín”.

**009. 12 de marzo de 1915**

Un folio con certificación de ter mercado o 9 de xullo de 1914 a don Xenaro Pena Eirín 15000 pesetas, expedido a petición súa polo banqueiro de Pontevedra Xosé.

*U. I. nº 2*

**010. 15 de decembro de 1906**

Exemplar nº 1 de “El Estradense”.

**011. S. D.**

Fotocopias de artigo publicado en recordo de Xosé Manuel Mosquera Carbón en “La Voz de Galicia” o 26 de abril de 1984 e diversas composicións adxuntas firmadas co pseudónimo Davide Ovidio e datadas entre 1963 e 1988.

**012. S. D.**

Fotocopias de discurso inédito en homenaxe a Manuel García Barros, firmado en 1976 por Davide O. García.

**013. S. D.**

Fotocopias de obra poética titulada “Cada cousa no seu tempo” manuscrita.

**014. S. D.**

Fotocopias de “Lembranzas do Pico Sagro”, por Ken Keirades (Manuel García Barros), mecanografadas. Ao remate figura a data febreiro do 1955.

**015. S. D.**

Fotocopias de obra poética manuscrita “Amañecida no vran”, firmada por Manuel García Barros no 1901.

**016. S. D.**

Fotocopia de obra poética da nena María Tareixa López Neira, primeiro premio de canto no concurso de teatro da Estrada en xaneiro de 1962.

**017. S. D.**

Fotocopia de obra poética manuscrita titulada “Maruxiña”, firmada por Manuel García Barros en 1950.

**018. S. D.**

Fotocopia de obra poética mecanografada titulada “Orazón da meia noite”, con anotacións das que se deduce a autoría de Manuel García Barros no 1934 e a existencia dun arranxo musical de Bernardo del Río.

**019. S. D.**

Fotocopia de obra poética mecanografada que leva por título “Alala”.

**020. S. D.**

Fotocopia de carta manuscrita enviada por Otero Pedraio a Manuel García Barros o 26 de abril de 1950.

**021. S. D.**

Fotocopias de artigos e dunha composición musical de Xosé Figueiras Baltar, datados entre 1976 e 1985.

*U. I. nº 3***022. 22 de febreiro de 1849**

Plego de papel co reparto da auga que baixaba ás casas e prados de Codeseda.

**023. 2 de setembro de 1826**

Recibo de 160 reais do pesillo do liño da Estrada, pagados por Xoán da Graña.

**024. 26 de marzo de 1862**

Recibo do pago por Xosé Graña (de Ouzande) da traslación de dominio dunha propiedade en Matalobos adquirida a Rosa García (de Santa Cristina de Veá) en 7 de setembro de 1861 por escritura ante Manuel Santamarina.

**025. Xullo-outubro de 1849**

Atado de 7 follas de papel de selo de 1849.

Comenza coa copia do poder outorgado o 31 de xullo de 1849 por Xosé Vicenzo a Francisco Ribas (ambos de Ouzande, o primeiro deles ausente na cidade de Cádiz) para que proceda á venda de propiedades na súa parroquia.


Segue copia da venda efectuada en Guimarei o 6 de outubro de 1849 por Francisco Ribas a Xosé Graña (veciño de Ouzande) dunha casa e terreo no lugar de Castro por 800 reais. Copia emitida por Xosé María Paseiro o 9 de outubro.

A continuación a toma de razón na contaduría de hipotecas do partido de Tabeirós o 13 de outubro.

Continúa a presentación por Xosé Graña para proceder á toma de posesión dos bens, os autos, a propia toma de posesión o 23 de outubro e a declaración do perito Xosé Barros do 27 de outubro.

**026. S. D.**

Nota sen datar coa contribución territorial de Xosé Graña.



doc. 022

**027. 1894**

Atado de 4 follas co “Retracto contra Don Manuel Nogueira Brea, de la Habana”.

Maximino Araújo, substituíndo ao procurador Miguel Nine en representación de Manuel Nogueira Brea, contesta á demanda de retracto de adquisición de bens que contra Manuel interpuxera o veciño de Cereixo Antón Pena Brea.

**028. 22 de abril de 1885**

Declaración de baixa por peche de comercio de comestibles presentada por Xosé Mata ao alcalde da Estrada para que se lle dese curso á Administración de Contribucións e Rendas.

**029. 28 de novembro de 1856**

Papel de selo de 1856 no que se contén a venda efectuada por Xosé Goldar (veciño do Viso, freguesía de San Xurxo de Cereixo) a Xosé Durán.

**030. 13 de marzo de 1860**

Plego no que figura copia da escritura de venda efectuada por Xosé Ramón Couceiro e a súa esposa Antía Díaz Saavedra (veciños de Santa Baia de Mariz) a favor de Salvador Peleteiro (veciño de San Sidre de Montes) de tres pezas de labradío no lugar de Bugarín da parroquia de Montes.

**031. 1878-1880**

Atado de 8 páxinas contendo a conta entre o procurador Miguel Nine e os herdeiros de don Manuel Luces. De 1878 ata 1880.

**032. 5 de febreiro de 1896**

Atado de 6 follas contendo borradores da proba proposta para o xuízo encol do embargo de bens da tercería e granxa de dona Carolina Igrexas Amor, sita no concello de Barro. Miguel Nine actuaba como procurador de Carolina.

### 033. Novembro de 1900-abril 1901

Atado de 21 follas contendo o preito entre María Rosa Gutiérrez Fernández, viúva, e o seu fillo André Míguez.

Principia con petición ao xuíz de Rianxo o 27 de novembro de 1900 de celebración de acto conciliatorio entre o labrador André Míguez e a súa nai (veciña de Dúas Igrexas, Forcarei). Previamente mediara contrato entre ambos no que a nai recoñecera deberlle 3000 pesetas.

Segue copia de certificado do médico forense Serafín Pazo Cumbraos conforme ao que sabemos que María Rosa Gutiérrez debía gardar cama por bronconeumonía.

Contén tamén o preito copia literal de escritura notarial de 23 de agosto de 1898 das últimas vontades de Antón Gutiérrez Fernández.

Certificación de 23 de setembro de 1900 da acta de enterramento de Tomé Gutiérrez o 3 de decembro de 1868.

Certificacións do recadador de cédulas persoais do distrito de 23 e 25 de abril de 1901.

Exposición de feitos ao xulgado de 1ª instancia efectuada por Bieito Barcala, substituto do procurador Miguel Nine de 20 de abril de 1901.

Remata o atado co exame xudicial do incapacitado Antón Gutiérrez Fernández o 19 de novembro de 1900 e o informe dos médicos de 20 de novembro do mesmo ano.

### 034. Xaneiro de 1902

Plego de papel de selo coa conta de Bieito Barcala, substituto do procurador Miguel Nine, na representación de María Rosa Gutiérrez Fernández para os autos de declaración de incapacidade mental do seu irmán Antón Gutiérrez Fernández que foi elevado ao xuíz o 9 de xaneiro de 1902 para requerir a Rosa ao seu pago.

Acompaña ao remate providencia do xuíz interino para que se requira á morosa, de 10 de xaneiro.

**035. 12 de decembro de 1858**

Plego de papel de selo de 1858 no que se contén copia escritura de poder a favor de Manuel Santamarina (veciño da cidade da Coruña) para que xestione un préstamo de 10000 reais para María Duque (viúva de Xaquín Martínez), da vila de Muros.

**036. 1887-1890**

Atado de 22 páxinas que comenza coa copia da comparecencia o 23 de xuño de 1887, ante o avogado e notario público de Santa María de Folgozo Ricardo Luces Miranda, de María Manuel Porto Rei, Xosé Bieito Freire Basanta, Ramón Freire Gómez, Ricardo Fernández Rodríguez, Hixinio Pérez Álvarez e Emilia Porto Rei. Manifestan que o 22 de decembro de 1886 fixeran partillas e procederan á aprobación da liquidación efectuada e ao compartido de gastos e créditos que gravitaban sobre a herdanza de Rosa Rei Igrexa e Xosé Porto Piñeiro mediante contrato, do que segue copia. Seguen outras dilixencias e a conta de 5 de novembro de 1820.

A documentación anterior acumulouse co obxecto de proceder a xuízo de menor cuantía por parte de Xosé Bieito Freire Basanta, no que actuou como procurador Miguel Nine Novais. Os feitos por el expostos e fundamentos de dereito van ao remate do atado, con data de 31 de maio de 1890.

**037. 1899-1914**

Carpetiña contendo papeis diversos referidos á herdanza de Rosa Gutiérrez. Na portada figura unha “Nota de interés” que informa que por escritura de 5 de setembro 1910 Rosa Gutiérrez vendeu á súa filla María Xosefa Míguez a casa situada no lugar da Igrexa da freguesía de Dúas Igrexas, por 3000 reais. María Xosefa recolleu a copia do contrato, que estaba en poder de Miguel Nine, o 21 de abril de 1919.

Hai un plego de papel de selo de 1902 con requerimento a Rosa Gutiérrez de data 14 de xaneiro de 1902 para que proceda a liquidar a conta xurada na súa calidade de titora do incapacitado Antón Gutiérrez.

Segue a conta e nota do que resultou das dilixencias contra André Míguez polo asasinato de Pascua Rozados, con data de 14 de xaneiro de 1901, firmadas por Manuel Ferreirós. Semella que o proceso comenzo en novembro de 1894 e prorrogouse ata o ano seguinte.

Recibo de 22 de xaneiro de 1896 do pago por parte de Miguel Nine das 3115 pesetas adebedadas da defensa de André Míguez Gutiérrez a Manuel Ferreirós e a Eduardo Garrido.

Recibo do pago efectuado polo procurador Manuel Ferrirós o 11 de febreiro de 1896 a Eduardo Garrido pola defensa de André Míguez.

Recibo do pago por María Rosa Gutiérrez de 540 reais o 2 de xullo de 1907.

Nota dirixida a Miguel Nine por Francisco Gutiérrez o 3 de agosto de 1902 conforme lle remitía documentación despachada.

Carta dirixida a Miguel Nine por André Míguez Gutiérrez o 8 de xullo de 1914, desde Araño.

Atado de tres páxinas con copia ou borrador (sen firmas) do contrato de cesión de dereitos hereditarios redactado en Padrón o 25 de marzo de 1908. Nel, André Míguez Gutiérrez cede e renuncia en favor da súa nai María Rosa Gutiérrez todos cantos dereitos e bens lle poideran corresponder por derivación do seu pai Francisco Míguez Barreiro, pola cantidade de 2750 pesetas.

Plego con certificado de Manuel Gutiérrez Cavada, presidente do Consello de Familia do incapacitado Antón Gutiérrez, conforme o 6 de febreiro de 1901, reunido o Consello, douse conta de auto declarando a incapacidade de Antón Gutiérrez para administrar os seus bens. Nomeouse titora á súa irmán María Rosa Gutiérrez Fernández. Está datado a primeiros de marzo de 1908.

Atado de seis follas tamén de 25 de marzo de 1908, redactado na vila de Padrón, e encabezado por copia de escrito do Consello de Familia, polo que André Míguez Gutiérrez queda relevado de satisfacer calquera cantidade devengada da doazón de fincas precedente efectuada por María Rosa Gutiérrez.

Atado de dous plegos (catro páxinas en total) con copia do informe dos médicos Serafín Pazo Cumbras e Sebastián Couceiro Fariña, que se fixo de orde do xulgado da Estrada, con data de 20 de novembro de 1900, sobre a capacidade mental de Antón Gutiérrez Fernández. Segue copia do recoñecemento xudicial o 19 de novembro e remata con copia de auto declarándoo incapaz o 7 de decembro de 1900.

Plego de papel de selo de 1902 no que o xuíz de primeira instancia da Estrada, Gonzalo Pintos Reino, manda que un dos alguacís proceda ao embargo de bens de Antón Gutiérrez Fernández en Dúas Igrexas ata asegurar as costas causadas según conta de Bieito Barcala, sustituto de Miguel Nine. Do 7 de xullo de 1902. Segue citación a María Rosa Gutiérrez e dilixencias de embargo de 8 de outubro de 1902.

Copia do anterior en plego de papel de selo pero coa firma tachada.

Plego de papel de selo de 1905 con certificación de Eliseo Silva Espinosa, escribán do xulgado da Estrada, de que por xuízo voluntario de testamentaría promovido no xulgado, María Rosa Gutiérrez foi nomeada administradora do caudal hereditario do seu defunto marido. Segue a toma de posesión con data de 8 de xuño de 1905, a mesma da certificación.

Plego de papel de selo de 1907 no que Manuel Míguez Gutiérrez, en calidade de apoderado da súa nai María Rosa Gutiérrez, require a André Míguez Barreiro para que se absteña de cultivar as fincas inventariadas como da pertenza de Francisco Míguez Barreiro, das que era administradora María Rosa Gutiérrez. De 14 de maio de 1907.

Atado de dous plegos (catro follas) no que figura copia do testamento de Francisco Míguez Barreiro expedida en Cerdedo o 18 de decembro de 1899.

### **038. 10 de outubro de 1903**

Plego impreso que Miguel Nine enviou ao xuíz municipal de Cerdedo en nome de Francisco Saunier Goubard, enxeñeiro e direc-



tor xerente da sociedade anónima de alumeado, calefacción e forza motriz da Coruña e Vigo (aínda que domiciliada en Lyon). Nel promóvese acto conciliatorio contra diversos veciños dos lugares de Barro, Arén e Meilide de San Xoán de Cerdedo (en total 82 persoas) damnificados por unha presa hidroeléctrica.

**039. S. D. [1924]**

Cinco páxinas manuscritas con resume do testamento de Laura Luces Miranda (falecida o 24 de abril de 1924) e memorial de bens da finada.

**040. 8 de xullo de 1933**

Carta dirixida a Melania Nine desde o Grande Hotel do Parque, no Xurés (Portugal).

*U. I. nº 4*

**041. Febreiro-marzo de 1845**

Atado de tres follas de papel de selo de 1845 contendo copia do contrato de venda de bens a Xosé Graña efectuada en Guimarei o 24 de febreiro do ano do selo e emitida o 26 do mesmo. Figura como instrumento previo adxunto certificado do escribán do número do xulgado de primeira instancia de Tabeirós, Xosé María Paseiro, que certifica que entre Gregorio de Souto e o seu fillo Xosé (veciños de Ouzande e vendedores) tivo lugar recurso, manifestando que o ánimo de Xosé era emigrar a Cuba e empregarse nunha casa de comercio. Ao efecto precisaba algúns cartos e pediu licenza para vender bens herdados da súa nai. Por medio dun auto xudicial foi habilitado para facelo con consentimento do seu pai. Remata coa toma de razón da transacción na Contaduría de Hipotecas do Partido o 15 de marzo de 1845.

**042. 7 de febreiro de 1852**

Folla de papel do selo de 1852 con escritura de permuta entre os veciños de Ouzande María Rodríguez e Xosé Graña.

**043. Outubro de 1881**

Pagaré de compra de bens nacionais do clero na provincia de Pontevedra a favor de Xosé Graña. Corresponde ao 15º prazo do pago da cantidade en que foi rematado ao seu favor un terreo “llamado Seigis” procedente polo que parece da cofradía do Rosario de Figueroa. Do 3 de outubro de 1881. No reverso nota da toma de razón do pago do pagaré en Pontevedra a 16 de outubro de 1881.

**044. Outubro de 1881**

Pagaré de compra de bens nacionais do clero na provincia de Pontevedra a favor de Xosé Graña. Corresponde ao 15º prazo do pago da cantidade en que foi rematado ao seu favor un terreo “llamado Corpiños” procedente de bens desamortizados. Do 3 de outubro de 1881. No reverso nota da toma de razón do pago do pagaré en Pontevedra a 16 de outubro de 1881.

**045. Abril de 1887**

Plego de papel contendo o poderes outorgados o 9 e o 15 de abril de 1887 a Xosé Bieito Freire polos herdeiros de Rosa Rei para que negociase a venda ou renuncia da parte de herdanza que lle correspondía a Perfecta Porto.

**046. 21 de xuño de 1887**

Plego de papel contendo contrato de alleamento de cantos dereitos poidesen corresponderlle pola súa defunta nai Rosa Rei Igrexa a Perfecta Porto outorgado a favor dos outros herdeiros de Rosa Rei Igrexa e Xosé Porto Piñeiro, mediante facultades que estes deran a Xosé Bieito Freire Basanta.

**047. Maio de 1855**

Plego de papel de selo de 1855 con certificación emitida en 21 de maio de 1855 polo escribán Mariano Paseiro da providencia dictada polo tenente alcalde da Estrada no xuízo verbal que tivera lugar por discrepancias entre os veciños de Ouzande Xosé Graña e María Fernández en audiencia de 4 de maio de 1855, pedindo o primeiro o amolloamento de certas herdades e opoñéndose a segunda.

**048. 6 de xuño de 1888**

Recibo do pago por Miguel Nine a Xosé Bieito Freire de 11 pesetas por dereitos e papel no cumprimento de dous exhortos dirixidos ao xulgado municipal de Outeiro de Rei (Lugo).

**049. 18 de maio de 1880**

Primeira copia de escritura de venda notarial ante Ricardo Lucas Miranda (do distrito de Tabeirós aveciñado e residente en Santa María de Folgoso) outorgada en Cerdedo o 16 de maio de 1880 por Rosa Rei Igrexa a favor de Hixinio Pérez Álvarez, dunha casa por xuro de heredade.

**050. 14 de xuño de 1852**

Recibo da escribanía de Mariano Paseiro de 32 reais pagados por Xosé Graña.

**051. 15 de febreiro de 1849**

Recibo emitido por Estevo Rodríguez de terlle pagado o seu cuñado Xosé Graña 600 reais.

**052. 9 de decembro de 1865**

Plego de papel de selo de 1865 que contén a escritura de venda a favor de Xosé Graña Tato. Felipe Trigo Rodríguez vendeulle a herdade chamada Cortiña da Vila, sita en Ouzande.

**053. Decembro de 1888**

Plego de papel de selo de 1888 no que o escribán de actuacións do xulgado de primeira instancia de Compostela Luís Nevía Lanza, certifica a día 20 de decembro de 1888 as actuacións executivas seguidas a nome de Perfecta Porto Rei contra Xosé Bieito Freire Basanta sobre pago de 1000 pesetas que este se obrigara a darlle pola venda dos bens que lle correspondían por herdanza de Rosa Rei Igrexa. Comprende consignación que fixo o executado Freire o 19 de decembro de 1888 e providencia de 20 de decembro co importe das costas.

**054. 22 de abril de 1887**

Escritura notarial de venda ante Xesús Fernández Suárez (de Santiago de Compostela) outorgada por Perfecta Porto Rei a favor de Xosé Bieito Freire Basanta dos dereitos e accións que poidera ter sobre a herdanza de súa defunta nai Rosa Rei Igrexa e as dos seus finados irmáns por 1000 pesetas (4000 reais).

**055. 1903**

Impreso que leva por título “Venganzas del Caciquismo” dirixido ao procurador Miguel Nive. Procede da imprenta de A. Fariña e firma o escrito André Canabal, en Forcarei con data de agosto de 1903. Conserva selo de correos de  $\frac{1}{4}$  de peseta.

**056. 1 de abril de 1873**

Plego de papel de selo de 1873 que contén primeira copia da escritura ante o notario Manuel Santamarina pola que o 27 de marzo de 1873 Tareixa Torres Prieto (veciña de Lagartóns) outorgara poderes aos procuradores do xulgado da Estrada Miguel Nive, Estanislao Ramos e Xosé Graña e a outros de tribunais superiores para que asistisen a actos de conciliación, demandas e xuízos de toda caste no seu nome.

**057. 13 de maio de 1861**

Folla de papel de selo de 1861 con escritura de venda outorgada por Manuel Constenla (veciño de Ouzande) a favor de Xosé

Graña de carballeira e toxeira no lugar chamado Montinho da parroquia de Ouzande.

**058. Setembro de 1861-marzo de 1862**

Plego de papel de selo de 1861 contendo primeira copia de escritura de venda de 7 de setembro de 1861 efectuada por Rosa García (esposa de Adrián Chedas e con poder del) a favor de Xosé Graña unha veiga en Río de Sapos (Matalobos) por 400 reais. Acompaña ao pé dilixencias de liquidación de dereitos do 19 de setembro de 1861 e de 26 de marzo de 1862.

**059. Febreiro de 1914-marzo de 1915**

Atado con contas da tutela de Xoán Eirín Rodríguez, rector que foi de Sofán (partido de Carballo), contendo recibos de datas comprendidas entre o 18 de febreiro de 1914 e o 5 de marzo de 1915. Contén selos e timbres. Acompaña actas notariais de 23 de maio e de 25 de setembro de 1914.

**060. Marzo de 1887-xuño de 1888**

Carpetiña con “Documentos pertencientes á Dn. José Bt<sup>o</sup> Freire y cuñados”, contendo declaración de Xosé Bieito Freire Basanta (veciño de Outeiro de Rei) da entrega por parte de Miguel Nine de 3570 reais dos 4000 que adebedaban os cuñados de Freire a Perfecta Porto. De 6 de xuño de 1888.

Tamén contén escritura de convenio dos herdeiros de Rosa Rei Igrexa, de 5 de marzo de 1887.

**061. 22 de abril de 1887**

Liquidación de costas do preito de Manuel Reigosa.

**062. 18 de setembro de 1847**

Papel de selo de 1847 no que Bieito Xosé Paseiro, escribán do xulgado de primeira instancia de Tabeirós, emite certificado sobre remate de gando en subasta dos debedores de Gregorio e Manuel García Pan, comerciantes de Compostela.



**063. 2 de decembro de 1892**

Plego de papel con escritura de arrendo de dúas herbeiras cunha duración de catro anos: Dores Vaamonde Rodríguez arréndallas a Bieito Suárez Louzao por 120 reais cada ano, con dereito a dúas horas de auga de rego semanais. Miguel Nine actuou de testemuña neste acto.

**064. S. D.**

Plego sen datar con borrador de contas referidas a honorarios por causas xudiciais.

**065. 5 de novembro de 1888**

Nota dirixida a Melania Nine polo inspector de primeiro ensino da provincia de Pontevedra, Darío Caramés.

**220. 25 de novembro de 1912**

Carta dirixida a Melania Nine por “María y Paco”.

**221. 20 de xuño de 1913**

Carta dirixida a Miguel Nine por Pedro Martínez.

**222. 1 de abril de 1914**

Carta dirixida a Miguel Nine.

**223. 2 de abril de 1914**

Nota de agradecemento dirixida a Miguel Nine por Bonifacio Vázquez.

**224. Maio de 1914**

Carta dirixida a Miguel Nine desde Aldán.

**225. 16 de xuño de 1914**

Carta dirixida a Miguel Nine polo procurador Xiao Lago Cordeiro.

**226. 19 de xuño de 1914**

Carta dirixida a Miguel Nine polo xefe da prisión preventiva celular de Vigo, Manuel Rodrigo: “Mi querido amigo: Ya terminaron las oposiciones de maestras en Santiago; mi hija en el último ejercicio obtuvo el nº 35 [...], pero empató con otra opositora [...], quedando por consiguiente mi hija sin plaza [...]. De todos modos le doy a V. las más expresivas gracias por el mucho interés que se tomó”.

**227. 18 de xullo de 1914**

Nota dirixida a Miguel Nine por “Avelina”, desde Madrid.

**228. 3 de setembro de 1914**

Carta dirixida a Miguel Nine por “Natalia”, desde Vilagarcía: “Mi amigo Nine: Deseando colocar a mi hijo y enterada por Obdulia que habló con Melania [...] para que V. hiciese en su favor lo que fuese posible a fin de meterle en las oficinas del tren”.

**229. 13 de febreiro de 1915**

Nota dirixida a Miguel Nine con membrete da Comisión Provincial de Pontevedra.

**230. 10 de febreiro de 1933**

Nota dirixida a Melania Nine polo avogado Xosé García Vidal, da vila de Pontevedra.

**231. 17 de febreiro de 1933**

Carta dirixida a Melania Nine agradecéndolle un obsequio.

**232. 14 de xullo de 1933**

Carta dirixida a Melania Nine desde a vila de Pontevedra.

**233. 21 de xullo de 1933**

Carta dirixida a Salustiano Portela Pazos polo avogado César Lois Vidal.

**234. 9 de xaneiro de 1947**

Tarxeta dirixida a Escravitude Nine por frei Serafín García.

**235. 7 de febreiro de 1948**

Carta con membrete de Ramón Martínez e Compañía, dirixida por Aureliano ás súas curmáns desde Bos Aires.

**236. 21 de marzo de 1948**

Carta dirixida a Melania Nine polo seu sobriño Miguel, con membrete de “Hijo de Alejandro Nine exportador de vinos y coñacs”, de Xerez.

**237. 22 de marzo de 1948**

Tarxeta de agradecemento do bispo auxiliar, o cabido catedralicio e a familia de Tomé Muniz Pablos, arcebispo defunto de Compostela, polos sufraxios e rogos.

**238. 13 de abril de 1948**

Carta en dúas follas dirixida a Escravitude Nine pola súa sobriña Moira desde O Salvador.

**239. 22 de abril de 1948**

Carta dirixida a Melania Nine por Tareixa Andúxar desde Santiago de Compostela.

**240. 9 de xullo de 1948**

Carta en tres follas dirixida desde O Salvador.

**241. 12 de xullo de 1948**

Carta con membrete de Ramón Martínez e Compañía, dirixida por Aureliano ás súas curmáns desde Bos Aires.

**242. 12 de xullo de 1948**

Tarxeta de visita de Ciprián Braña e Agustina Pló (con residencia en Vigo), agradecendo a Melania Nine “las atenciones y molestias que ha tenido para y por nuestro hijo”.

**243. 12 de xullo de 1948**

Tarxeta de visita de Ciprián Braña con nota de saludo.

**244. 16 de xullo de 1948**

Carta dirixida a Melania Nine polo párroco de Vinseiro e cereixo, Lisardino Moldes Rivas.

**245. 16 de setembro de 1948**

Tarxeta de visita de Benigno Baltuille Ruíz, informando a Melania Nine que “su recomendado Daniel Rodríguez fue aprobado

con la nota máxima. Su contrincante aprobó con nota inferior, por lo que se propone el de V. a Madrid, y creo será el nombrado”.

**246. 20 de outubro de 1948**

Carta en tres follas dirixida desde O Salvador.

**247. 22 de novembro de 1948**

Carta dirixida a Melania e Escravitude Nino desde Bos Aires.

**248. S. D.**

Carta dirixida a Melania Nino por unha súa amiga de nome Visitación.

**249. S. D. [1890]**

Nota con petición de datos do falecemento de Carme González Pérez e outros particulares.

**250. S. D. [14 de xuño de 1907]**

Carta dirixida a Miguel Nino por Xulio Álvarez Builla.

**251. S. D.**

Fragmento de carta.

**252. S. D.**

Tarxeta postal ilexible.

**253. S. D.**

Tarxeta de visita de Enrique Martínez Cepa, de Santiago, con nota de presentación.

**254. S. D.**

Tarxeta de visita de Conchita Martínez Iglesias, mestra nacional.

**255. S. D.**

Tarxeta de visita do avogado Fiz Esquete, de Compostela.



**256. S. D.**

Tarxeta de presentación de Amalia Ulloa Martínez.

**257. S. D.**

Tarxeta de visita de Manuel López de Súa, tenente de infantaría.

**258. S. D.**

Tarxeta de visita de Luís del Amo, capelán da prisión provincial de Pontevedra.

**259. 17 de maio de 1931**

Recordatorio da primeira comunión de Maruxiña Vizoso Durán na Estrada.

**260. 15 de maio de 1947**

Recordatorio da primeira comunión de Antoniño Carreiro Santos en San Xiao de Arousa.

**261. Decembro de 1947**

Recordatorio do falecemento do médico Manuel Leis Pose.

**262. 15 de marzo de 1948**

Recordatorio do falecemento de Tomé Muniz de Pablos, arcebispo que foi de Santiago de Compostela.

**263. 27 de maio de 1948**

Recordatorio do falecemento de Manuel Sanmartín Constenla.

**264. 5 de xullo de 1948**

Recordatorio do falecemento de Gonzalo Fraga Sánchez.

**265. 9 de decembro de 1948**

Tarxeta con vista de Macuto (Venezuela).

**266. Decembro de 1951**

Do 21 e 22 de decembro de 1951, recordatorio da prima tonsura e menores ordes de Manuel Rozados Taboada, en Salamanca.

## Bibliografía

- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (Coord.). *Parlamentarios de Galicia: biografías de deputados e senadores (1810-2003)*. Santiago de Compostela, 2003.
- Boletín Oficial do Arcebispado de Santiago* n° 3250, do 20 de xullo de 1974.
- GARRIDO COUCEIRO, X. C., LAGO PEÑAS, P. e MARTÍNEZ BARREIRO, M. “Entre el clientelismo y la movilización. El municipio pontevedrés de A Estrada en la primera década del siglo XX”. En *Revista de Investigaciones Políticas y Sociológicas* (RIPS), vol. I n° 2. Santiago de Compostela 1999.
- ISAD (G) *Norma Internacional General de Descripción Archivística*. Madrid, 2002.
- SARTORI, G. *Partidos y sistemas de partidos*. Madrid, 1987.
- VEIGA ALONSO, Xosé Ramón. *Parentes, amigos e favores, as redes informais do caciquismo*. Santiago de Compostela, 1997.



## Carlistas e liberais en terras estradenses. A derradeira batalla do caudillo Gorostidi

María Jesusa Fernández Bascuas

Na segunda e terceira décadas do século XIX España aparecía dividida en dous bandos intimamente convencidos de defenderen intereses lexítimos.

Por un lado os monárquicos, adeptos á causa da herdeira ao Trono, D<sup>a</sup> Isabel, filla de Fernando VII; por outro, os carlistas, que sostiñan que a Coroa correspondíalle ao Infante Carlos, irmán do Rei, considerando que a Pragmática Sanción –pola que se establecía que se o Rei non deixaba sucesor varón, herdaría a filla máis vella, abolindo así a Lei Sálica–, rompía coa tradición da Monarquía Española.

En marzo de 1833, Carlos María Isidro exíliase en Portugal, negándose a xurar a Isabel como Princesa de Asturias, aducindo que o Rei non tiña potestade para promulgar a Pragmática Sanción e que, polo tanto, seguía en vigor a Lei Sálica.

A partir da morte de Fernando VII o 29 de setembro de 1833, o Infante proclamábase rei co nome de Carlos V, ó tempo que fai un chamamento ao exército para rebelarse, obtendo un gran apoio dos voluntarios realistas, clero, e sectores máis tradicionalistas de España.

Os carlistas galegos mostran preocupación polo seu futuro. Os partidarios de D<sup>a</sup> Isabel toman posicións destituíndo ós xenerais

máis radicais como o de Santiago, Nazario Eguía<sup>1</sup>, alma do realismo galego, que someteu a unha férrea persecución ás persoas que non estaban próximas ás súas aspiracións, como é o caso no noso entorno de D. Joaquín Barros, avogado e Promotor Fiscal interino no Partido Xudicial de Tabeirós que nun escrito ó xulgado di

...que a consecuencia de las encarnizadas persecuciones de que fui victima en la aciaga década pasada bajo los auspicios del feroz Eguia y penosos arrestos que sufrí en distintas cárceles principalmente en la de la Corona de Orense, durante la estación mas fria del año pasado de veintiocho...

tamén foron desarticulando ós voluntarios realistas dos que formaban parte persoas que anos despois terían unha relevancia importante na política local como D. Francisco de Oca (que foi alcalde).

Os partidarios de D. Carlos, conscientes de que o tempo corría na súa contra, decidiron pasar á acción, asumindo os curas un papel moi destacado non só na loita de guerrillas, senón no apoio económico e loxístico.

A principios de 1834 o ambiente íase tensando, as acusacións eran frecuentes; en febreiro arrestaron ó cura de Rubín e a un criado seu para pescudar os motivos polos que acollera na súa casa a noite do 29 ao 30 de marzo a un descoñecido e lle facilitou certos auxilios, "...de lo que hay exacto conocimiento en esta comandancia", uns meses máis tarde, en agosto, advírtese ós párrocos de Santa María de Olives, D. Manuel Gómez, de Santa Mariña de Agar, D. José Aparicio, de S. Miguel de Moreira, D. José Ballesteros, ó ecónomo de Sta. María de Paradela, D. Manuel Alfonsín, ó de San Xoán de Cerdedo, D. Francisco de la Cruz y Mourelle, ó de Santa María de Lebozán, D. Pedro Touceda, ó de Santa María de Folgoso,

1 D. Nazario de Eguia, (Durango 1777-Tolosa 1856), militar partidario do absolutismo, combatiu na Guerra da Independencia e participou en diversas accións contra o réxime liberal durante o período 1820–1823, o que lle valeu a enemistade dos liberais nos últimos anos do reinado de Fernando VII. Cando morreu o Rei alineouse coas teses carlistas, foi Tenente Xeneral de los Reales Ejércitos, Gobernador e Capitán Xeneral do Exército e Reino de Galicia, Presidente da Real Audiencia. Pouco antes do Bienio Progresista foi elixido Senador Real e recibiu o título de Conde de Casa Eguía.

D. Pedro Redondo e o de San Martín de Forcarei, D. Cayetano Soto, que deben trasladarse inmediatamente á cidade de Santiago para presentarse ó arcebispo e permanecer á súa disposición mentres non se aclaren as dúbidas fundadas que existen sobre a súa conducta política “.. *en las delicadas circunstancias actuales...*”.

Pídese ó arcebispo que advirta ós sacerdotes os deberes de fidelidade e respecto que teñen contraídos coa raíña D<sup>a</sup> Isabel II, e que indique, tamén, qué curas substituirán ós oito encausados. Un mes despois autorízaselles a regresar ás súas casas.

No principio do ano 1835 algo estábase movendo. En xaneiro outra vez as autoridades civís piden ó arcebispo que chame á súa presenza ós abades de Santiago de Loureiro e San Miguel de Arca,

... de los cuales tengo noticias positivas de que pervierten el espíritu público difundiendo noticias subversivas, y persuadiendo a los sencillos habitantes a faltar a sus principales deberes de sumisión y obediencia al Gobierno...

Non fan desencamiñadas as autoridades porque aqueles relixiosos estaban activamente implicados na loita a favor de D. Carlos.

Con anterioridade a estes feitos xa estivera arrestado o cura de Arca por darlle cartos para armas e municións ao cabecilla D. José Martínez Ponte Andrade, que fora fusilado en Pontevedra.

## **A última expedición de Gorostidi**

Seguindo a Barreiro Fernández no seu libro *El Carlismo en Galicia*, D. Francisco María de Gorostidi, vasco, comandou xa en 1822 o primeiro rexemento de Guipúzcoa, contra os constitucionalistas. O seu realismo estaba suficientemente probado. Na facción tivera o grao de coronel do seu rexemento e, rematada a guerra, foi premiado cunha canonxía na catedral Compostelana e designado capelán dos voluntarios realistas.

Foi acusado de conspirar en favor do Pretendente, e denunciado ante o arcebispo polo Gobernador o 12 de febreiro de 1834, e en vista do cariz que tomaban as cousas fuxiu a Portugal, onde se entre-

vistou con D. Carlos; estivo en Peneda un mes e regresou a Galicia por Tui en 1835 co título de “Comandante Xeral das Tropas de Carlos V en Galicia”. Viviu unha tempada na casa do médico Delgado, outra na do cura de Arca, D. Andrés Rodríguez, na Tenencia da Costa en San Mamede de Rivadulla e na casa do cura de Oca, D. Francisco Tallón Tejo.

Viña disposto a recuperar o trono de España para o que el consideraba lexítimo herdeiro, D. Carlos María Isidro, por aquel tempo fuxido a Portugal, porque o rei luso, Miguel I, recoñeceuno como tal e prestáballe apoio e refuxio. Decide unha estratexia para achegarse a Compostela onde esperaba entrar victorioso e para isto estivo unha tempada escondido en diferentes puntos da zona buscando apoios para a súa causa, tanto económicos como persoais.

O Levantamento planeado contaba, teoricamente, con recursos suficientes, ramificacións en diferentes puntos e unha estratexia ben deseñada por un vello e bregado loitador, Gorostidi, quen pensaba que esta ruta era a máis axeitada, pois nestes montes sentíase a salvo.

Nas datas previas á incursión cara a Santiago envía cartas co pseudónimo de Miguel Lagarto ou Tío Miguel a persoas de Montes, Tabeirós e Deza para non levantar sospeitas. Cando todo estaba a punto, o levantamento da facción carlista parte de Cotobade onde tiña importantes apoios como o cura de Loureiro, o seu segundo, o capitán Zabalza, Reguera, etc., pasan a Tabeirós pola zona de Montes, pero os liberais, que tiñan coñecemento dos seus movementos, perseguen a partida carlista, que foi abatida e derrotada no límite entre a Estrada e Silleda. Unha das comunicacións oficiais di así:

Partida volante de Infantes y Caballería = Tengo la satisfacción de anunciar a VS. Que esta tarde desde las dos de ella en combinación con el Sor. D. Pedro Casanoba y D. Carlos Moure hemos batido completamente la facción en el Monte de la Cabana y capilla llamada de San Sebastián. Los valientes que tenemos el honor de mandar han sobrepujado a nuestras esperanzas y correspondido cumplidamente a las que VS. Concibió de ellos. El caballo del Comandante de la facción, su equipaje, armas y una correspondencia en alto grado importante es el efecto de brillante jornada. No puedo especificar a VS. el número de muertos

y heridos de los facciosos, pues que la noche nos ha impedido hacer este recuento que se practicará mañana con la mayor exactitud y escrupulosidad, pero debo asegurar a Vs. que la dispersión de los facciosos ha sido completa, y los pocos que han salvado sus vidas huyen despavoridos y perseguidos por la partida de Moure. Hemos quedado exhaustos de municiones y necesitamos, sobre manera su reposición = Dios guarde a VS. Muchos años. Estrada diez y media de la noche del día de hoy trece de mayo de 1835 = Ramón Acevedo

Ás Tropas enviadas para combatelo uníronse os urbanos de Vilagarcía, Caldas de Reis e os da comarca, especialmente os de Tabeirós, que buscaron afanosamente ó comandante da facción. Ao remate o cóengo é capturado

...por el bizarro y decidido D. Fernando Lorenzo, 2º Comandante de la Sección de Urbanos de Tabeirós que puesto a la cabeza de algunos de los mismos y andando errante y fugitivo aquel, lo persiguió constantemente después de la acción de antes de ayer hasta lograr su captura...

O monte seguiuse revisando palmo a palmo para seguirle a pista ós dispersos, incluso se manda que os xustizas ordeen saír ós veciños a buscar ofrecéndolles como botín todo aquilo que lles atopen, e unha recompensa pecuniaria para os que capturen algún rebelde, armas, cabalos, papeis interesantes ou calquera outra cousa importante. O obxectivo estaba claro: deter o maior número de facciosos pero tamén as súas pertenzas e, sobre todo, informacións vitais para abortar futuras accións.

Debeu ser unha loita dura, encarnizada por ambas as partes

...Según me informa dicho Acevedo los Soldados de Caballería han hecho prodigios de valor acuchillando denodadamente a los forajidos que han sabido también batirse desesperadamente.... me aseguraron que la noche no le permitió recoger mas despojos, ni saber a punto fijo el número de muertos y heridos que mañana se sabrá... Los pocos que se han librado de nuestras lanzas van perseguidos por la partida de Rivadavia...

Cando os paisanos non tiñan armas loitaban ata con pedras, como sucedeu en Cuntis.

O balance final foi de sete mortos e nove prisioneiros da mesma gavilla, e porción deles ferido entre os que se atopaba o Cura de

Loureiro; colléronse trinta fusís, varias carabinas, sables, pistolas, cabalos e outros efectos.

Nun oficio do Sanjuanena ó Capitán General de Galicia do 15 de maio podemos ler:

Estoy reconociendo la correspondencia tomada al Caudillo Gorostidi que es de toda consideración, para en su vista tomar las disposiciones convenientes y providencias según lo que arroje de sí, y verificado el reconocimiento lo dirigiré original a V.E.

Dentro de dos horas espero aquí al citado caudillo... Luego que llegue se le tomará declaración y será puesto en capilla para ser fusilado el día de mañana con los demás prisioneros cogidos con las armas en la mano, y oportunamente daré a V.E. el parte circunstanciado de tan feliz acontecimiento.

Efectivamente, da Estrada foi conducido o cabecilla Gorostidi a Santiago onde despois de tomarlle declaración na que recoñeceu moitos dos documentos que se lle incautaran o día anterior, tanto os que escribira el coma os que recibira. Había tamén outros do comisionado rexio dirixidos ó arcebispo e os Srs. Deán e Maxistral da Catedral de Santiago, diferentes cartas, plans de conspiración e proclamas. Tamén facilitou o caudillo nomes de colaboradores, lugares onde agochaban as armas, municións coas que contaban e refuxios secretos e por el sabemos que o chamado Comisionado Rexio e Director Xeral das Faccións de Galicia era D. Francisco Losada y Somoza, persoa que posuía unha casa en Trasdeza e procedía de Madrid onde exercía como procurador. Sóubose tamén da adhesión á causa carlista dos tenentes de infantería, D. Antonio García Reguera e D. Manuel Paseiro, este último de Escuadro –Silleda; D. Tomás Zabalza, capitán de Infantería D. Antonio López Falcón nomeado comandante de cabalería, D. Juan Ramón Barreiro, comandante de infantería fugado, D. Antonio Barcelona, de Tui a quen había de acompañar máis xente; Martínez, de Bayona, D. Manuel Puga, subtenente no Partido de Ourense, o cura de Arca en cuxa casa permaneceu algunhas tempadas, pero nin este, nin Barreiro, Falcón, o cura de Masendo, Arcipreste de Tabeirós, párroco de Sta. Cruz de Rivadulla, o de Reyo, o de Meis, D. Antonio



Álvarez, o párroco de Sta. Cristina de Vinseiro e D. Antonio Leira Señor da Casa de Correáns, se presentaron en Santiago, aínda que se esperaba a concurrencia de todos eles. En referencia ás armas di que unha trintena delas deben estar en poder do crego Tallón na súa casa de Oca, (se non as mandara xa a outra parte), tamén confesa ter recibido cento e tantos miles de reais das súas mans, e que algúns oficios datados e asinados por el e polo comisionado rexio foron escritos na reitoral de Oca

Foi fusilado ás seis da tarde do día dezaseis de maio, despois de convicto e confeso do seu delito de rebelión, xunto co médico da banda e outros tres prisioneiros.

Por esta brillante actuación pideselle ó Capitán Xeral de Galicia que solicite para os Urbanos de Tabeirós a Cruz de Isabel Segunda, e unha distinción proporcional para o bizarro e valente comandante, que non é outro de D. Fernando Lorenzo; outra na súa categoría para o Alcalde Maior, D. Cristóbal Sánchez quen exercía de xuíz no Partido de Tabeirós aloxándose no pobo da Estrada na casa de José Vila del Pino

...que después de haber inflamado el animo de los habitantes de su partido al frente de ellos y de los Urbanos que en estos días han recibido las armas a su solicitud, corrió los mayores riesgos y peligros y ha mostrado un celo infatigable y patriotismo ejemplar en la persecución y aniquilamiento de los nuevos vándalos que fueron destruidos.

Da documentación incautada a Gorostidi e da súa confesión derivouse a detención e proceso de todos aqueles que tiveron algunha relación con el. Naquel intre eran moitos os presos que se amontonaban nos cárceres de Pontevedra e Santiago e, como o número se ía incrementando, a medida que aumentaban as pesquisas e non había xa lugar a onde levalos, decidiron deshabilitar o convento de Santo Domingo e meter alí os prisioneiros, mentras os poucos relixiosos que estaban nesa comunidade foron trasladados ó convento de San Francisco da mesma cidade de Santiago.

De seguido imos revisar os interrogatorios de persoas do noso entorno que aparecen no proceso, vexamos:

▮ *Declaración de D. Juan Manuel Carbón.* Cura de Santa Cristina de Vinseiro, foi apreisado o día nove de xuño de 1835 no adro da igrexa parroquial ó saír de dicir misa, e conducido ó cárcere de San Clemente en Santiago de Compostela, interrogado polo Fiscal da causa sobre a correpondencia que o relaciona co cura de Oca e Arca e cos contactos mantidos por estes con Gorostidi. Recoñece unha carta a D. Francisco Tallón, cura de Oca, explicando que este lle pedira que ocultase a un primo seu que “...le habia cabido la suerte de quinto...” o cual daría a contraseña de Tío Miguel para que o admitise na súa casa; o tal Tío Miguel nunca chegou á rectoral escribíndolle o declarante ó mesmo tempo que Tallón lle mandaba a contraseña, máis ou menos nos seguintes termos: Moi Señor meu: espero permanecer na súa casa algúns días, non teño o honor de coñecer a V. nin V. me coñece a min, remito esta por conducto de D. Francisco Tallón para que V. se faga cargo da miña chegada e entónces lle direi a V. quen son B.S.M. = O Tío Miguel. Dita carta foille entregada por un paisano que non coñeceu.

Foi confinado na cidade de Ourense baixo a vixilancia da policía, segundo a sentenza da Comisión Militar Executiva do Reino.

▮ *Declaración de D. Juan Porto,* presbítero, é veciño de Santa María de Nigoi, foi arrestado na súa casa o día nove de xuño de 1835 e levado ó cuartel de San Clemente; no interrogatorio pregúntaselle a relación cos demais encausados e con outra serie de persoas do entorno carlistas, como o cura de Vinseiro e o de Arca. Con este último admite ter unha relación cordial porque ía continuamente ás funcións da súa igrexa e porque ten pernoctado na súa casa para ir xuntos de caza, haberlle remitido unha media ducia de cartas das que unhas viñan con sobre directo para D. Andrés Díaz Rodríguez e outras tamén para el pero co sobre exterior dirixido ó declarante, engadindo que non coñecía o seu contido e que llo facía porque sempre o levaba ás funcións e solía darlle algunha misa. Ademais, cando o

quixeron deter no mes de xaneiro mantívoo oculto na súa casa uns oito ou dez días ata que voltou para Arca, onde permaneceu deica o momento que o levaron preso para Pontevedra.

- ▮ *Declaración de D. José Antonio Peña*, presbítero, veciño de Sta. Cristina de Vinseiro, foi arrestado o día 9 de xuño de 1835, no adro da súa parroquia cando saía de confesar e dicir misa. Conducido á Estrada e desde alí a Santiago, a preguntas do fiscal nega coñecer a D. Francisco Tallón, cura de Oca, e si admite ter amizade con D. Antonio Leira, o Sr. De Correáns, a quen visitaba habitualmente; en canto ó cura de Arca sinala que o coñece de vista.

Móstraselle unha carta que figura no expediente:

S. Dn. Francisco Tallón

Hoy mismo llegamos a esta el Caballero de Correans con la respuesta del Sr. C. De A. la que queda adjunta y nada mas; sino que yo soy el Presbitero que vive con el Sr. Cura de Vinseiro.

José Antonio Peña.

Ó vela di que aunque se imita a súa letra el sempre asina co apelido Pena e non Peña, e que non lembra tal cousa.

- ▮ *Declaración de D. Antonio Leira y Pardo*, señor da Casa de Correáns, Morgado, casado e veciño de Santa Cristina de Vinseiro. Relata que se atopaba na casa da súa sogra no Riveiro, e ó ter noticia de que o buscaban presentouse ó Gobernador Civil de Ourense quen lle comunicou que tiña orde do Gobernador de Pontevedra de arrestalo e mandalo para Santiago, chegando a esta cidade o 23 de xuno de 1835, quedou arrestado na súa casa.

No interrogatorio váiselle preguntando sobre a súa relación cos outros encausados e admite coñecer ó cura de Arca de vista, e a D. Manuel Juan Carbón, cura de Vinseiro, xa que foi o seu curador e párroco, polo que ten con el unha relación de amizade sen ningún outro obxecto máis que a administración dos seus bens. Tamén indica que coñece de vista a D. Antonio Álvarez, de Tabeirós, ó Arcipreste de Tabeirós, que sabe que está preso en

Santiago, a D. Ramón Cobián, que foi Tenente dos Realistas e exerce de oficial na escribanía de Oca, e a D. Francisco de Oca que foi Comandante dos Realistas. Así mesmo coñece ó presbítero D. José Antonio Peña, que é veciño da súa parroquia, e co que fixo algunha viaxe acompañándoo a visitar a súa familia en Santiago de Taboada (Trasdeza) e outra vez foi con el a mercar papel e coiro a fábrica de Silva en Arnois, e que ó regreso pasaron por Oca e preguntaron polo párroco D. Xacobo Señorán e, como non se encontraba na casa, continuaron o camiño de regreso.

En setembro de 1835 foron tamén detidos en relación con esta causa, recoñecidas a súas casas e sucuestrados os bens:

- ▮ O presbítero D. Antonio Álvarez, veciño de Santa Mariña de Rubín, que non localizan, e polo tanto é declarado en rebeldía.
- ▮ D. Francisco de Oca, escribano e ex comandante do exército realista, veciño de Riobó; está detido na Coruña téndose que presentar tódolos días ó Fiscal. Presta declaración o 23 de outubro, na que nega ter relación algunha coa facción indicando que “...sus ideas son públicamente adictas a nuestra inocente Reyna D<sup>a</sup> Isabel segunda...”
- ▮ D. Ramón Cobián, tenente do exército realista, solteiro, oficial na escribanía de D. Francisco de Oca e veciño de San Martiño de Riobó, presta declaración o mesmo día e no mesmo lugar, negando tamén toda implicación coa facción.

A estes dous últimos pregúntaselles ademais se coñecen ó faccioso López, posiblemente porque nesas datas xa fixera a primeira incursións desbastadora na comarca, asaltando a Casa dos Otero na Mota e a de D. José Vila del Pino na Estrada (da que falaremos máis adiante).

- ▮ D. Manuel Lorenzo, Cura ecónomo de S. Xoán de Cerdedo, acusado de colaborar con Gorostidi no seu paso por esta zoa, foi arrestado e conducido ó cuartel de Santa Susana de Santiago a principios de xullo de 1835. Pregúntaselle se coñece a José

González Ramos, ó arriero Platas e a un tal Reguera e se tivera algunha implicación na conspiración; por suposto, nega todo. Por un problema de saúde déixanlle pasar o arresto nunha casa particular tamén en Santiago.

Mentras o proceso segue, os curas están presos, unha serie de persoas da zona encausadas e os fiscais encargados da “causa gorostidiana” tentan atar tódolos cabos. Inícianse daquela as incursións selectivas no partido de Tabeirós para castigar ós liberais que capitanearan a persecución e captura de Gorostidi e o seu grupo.

### **As incursións da banda de López e Ramos. O asalto á casa de José Vila del Pino<sup>2</sup>**

O día 31 de xullo de 1835, a facción de López<sup>3</sup> e Ramos fai unha incursión na Estrada e asalta a casa de D. José Vila del Pino, destacado liberal e compañeiro de batidas de Otero, Fernando Lorenzo e o Xuíz D. Cristóbal Sánchez Gil. Esta casa era unha das máis señoriais do pobo, pois o seu dono estivera en ultramar de onde trouxera un axuar rico e variado; por eses tempos utilizábaa como mesón e nela vivían o xuíz e os mandos militares destacados na Estrada; tamén posuía estanco de tabacos e tenda de comestibles.

Indica o seu propietario, don José Vila que

...hallandome avecindado con casa propia con destino a mesón y parada de toda clase de gentes desde antes del año de treinta y cinco en que empezaron a pulular las facciones en este partido, he sufrido la desgracia de que en varias ocasiones

- 
- 2 D. José Vila del Pino, veciño da Estrada, era procurado síndico do Concello de Bea, Nacional integrante da Milicia Urbana de Tabeirós, con posición económica acomodada; estaba casado con D<sup>a</sup> Josefa Trigo e tivo dúas fillas, D<sup>a</sup> Benigna, casada con D. Benito María de Oca e D<sup>a</sup> María, casada con D. Benigno Losada.
  - 3 D. Antonio López, natural de San Estaban de Campo (A Coruña), ex oficial do Rexemento de Castela visita ao seu rei en Vila Real (Portugal) quen, por un Decreto asinado o 10 de xaneiro de 1834, outórgalle amplos poderes para levantar no seu nome Galicia e Asturias; despois de numerosas acción, a noite do 9 de xullo de 1836 cae morto en Cardeiro (Boimorto) nunha emboscada que lle tendeu o oficial Nicolás Luna; con el caeron outros e foron apresados varios da súa facción. (Barreiro Fernandez: “El Carlismo Gallego).

fuese asaltada y hallanada por la gavilla de los cabecillas López, Ramos y otros a quienes como Pror. Del Ayuntamiento de Bea del Juzgado de Primera Instancia y Nacional he perseguido de orden de las autoridades de la Provincia y del Juez...

Posteriormente, o sete de abril de 1836, regresou a mesma facción e volveu a asaltar a casa de Vila del Pino,

...fue en la que he sido despojado de todo absolutamente sin quedarme otra cosa que el encapillado de la ropa de vestir, pues todo lo demás, incluso lo perteneciente al Juez D. Antero Rubín de Oroña fue arrebatado y destruido teniendo que mendigar el favor ajeno...

Nun documento de 1842 preséntase un inventario detallado de tódolos efectos sustraídos (ver apéndice) e o seu valor económico; consta tamén o relato dunha serie de testigos que nos van deixando pistas para reconstruir os acontecementos daquel día e os comportamentos da banda. O declarante Alejandro Suárez conta que nos últimos días do mes de xullo (1835) cando invadiu por primeira vez este Partido a gavilla do cabecilla López, arrebatou o mellor que había na casa en roupa, alhaxas, mobles e xéneros tanto de comercio coma de tabacos. En sete de abril do trinta e seis, cando tivo lugar a segunda invasión e asesinatos, entón nada quedou que non fose roubado, destruíndo o que non puideron levar e deixando a casa absolutamente despoxada tanto de efectos propios de Vila coma de papeis do xulgado entón situado alí. Opina que este asalto se debía a que D. José Vila era, ademais de procurador, Síndico do Concello de Veá e como tal saíu nalgunha expedición coa Milicia Urbana xunto co Xuíz D. Cristóbal Sánchez e co Comandante D. Manuel Otero en persecución dos facciosos, antes e despois da captura de Gorostidi, na que o propio declarante tomara parte,

...de cuyos acontecimientos resultó el odio y rencor que el López y Ramos tomaron a los vecinos del pueblo de La Estrada y otros de Tabeiros, en donde sacrificaron varias víctimas quemaron y robaron sin consideración..."

Por eso os Carlistas lle tomaran “*hojeriza*” chegando a buscalo polas feiras.

Da casa sairon varias cabalerías cargadas nas dúas invasións, obrigando os facciosos a axudar nesta tarefa a Domingo e Melitón Vilas que daquela vivían na casa.

Pola súa parte María Pereiro conta que o que non puideron levar destrozárono e botárono a perder, orixinándose algunhas controversias entre os invasores polo reparto dos cartos. Na feria da Bandeira do 18 de novembro de 1837 roubáronlle a José Vila un cabalo enselado, e outro no camiño de Santiago. Disque por culpa da captura de Goristidi.

Domingo Vilas atopábase de mancebo na casa de Vila del Pino, di que roubaron cerca de catro mil reais en cobre e tamén a prata e ouro que había nos queixóns reservados, ferraxes de cabalería, chocolate de diferentes crases, carne, bacallao, viño e outros xéneros, que distribuíron entres sí e cargaron en acémilas que el mesmo tivo que axudar a cargar; así mesmo asegura que as expresión que realizaban sobre o seu amo por ser Nacional e sempre decidido á persecución de rebeldes estaban cheas de odio. Deixárono nun estado lastimoso, tan só coa roupa de vestir de modo que tivo que pedir unha camisa para mudarse e un cobertor para durmir ó seu cura párroco, D. Manuel Álvarez Montesión.

Melitón Vila indica que no primeiro dos asaltos só en cartos lle roubaron máis de dez mil reais e viño, azucre, garbanzos, millo e xabrón, tirando todo o que non puideron levar e distribuír comodamente; na segunda vez nada se salvou

...de la rapacidad de tales foragidos quienes sacrificaron cinco victimas ... en medio de la vorrachera, cargando despues mas de cinco acémilas de lo mejor y mas bien parado de dicha Casa con gran cantidad de Tabaco del Estanco que en ella habia... a buen seguro de haber caido D. José Vila en sus manos lo habrían sacrificado...

Antonia Baños engade que servía na casa de Vila por aquela época en que foi invadida A Estrada por mais de douscentos facciosos, cando regresaron o 7 de abril sobrepasaban ese número e que o que non levaron destruírono,

...siendo de notar que por la distribución presencio la declarante entre los invasores fuertes riñas.

Tamén D. Diego Peña, veciño de Calobre, nos conta a súa versión do ocorrido relatando que a casa de Vila era

...una de las mas alhajada del pueblo de La Estrada porque por esta razón en ella paraban las personas mas decentes tanto estantes como transeuntes, lo que ha observado el testigo como curial y escribiente de los Jueces de Primera Instancia D. Cristobal Sanchez y D. Antero Rubín que en la misma casa estaban de posada...

Engade que tivo que prestarlle unha camisa ó dono da casa, e outra o cura, para que se puidese mudar.

Por último Juana Rey, de Aguíóns, despois de afirmar que arrasaran con todo di que chegaron a cargar o cabalo que lle roubaron a ela.

O que se pode deducir, aínda tendo en conta que as testemuñas poidan ter certa percialidade nas valoracións, é o *modus operandi* do que parece una banda de ladróns sanguinaria que actúa por impulsos e revanchismo, convertendo o que podía ser un fin nobre en accións puntuais que non conduciron a nada.

## O asalto á casa de D. Manuel Otero, da Mota

O 27 de xuño de 1835, (catro días antes do asalto da Estrada) é asaltada a casa de D. Manuel Otero. Do sumario extraemos parte da súa declaración:

... a consecuencia de haber robado y destrozado mi casa de la Mota la facción del proterbo López, el día 27 de julio de 1835, en venganza de persecución y captura del ex canonigo Cardenal Gorostidi, se formó expediente en el Juzgado por disposición de la Jefatura Política, el cual se remitió a la misma en aquella época. Como aquellas oficinas en la invasión de Gómez (*da que non temos noticia*), hubiere sufrido trastornos y desaparecieron algunos expedientes...

Realizaron un gran destrozo e numerosas sustraccións tanto de prendas coma de cartos, salvando a vida o propio Otero porque estaba na cidade de Santiago a donde se dirixira para recoller armas. Destroz-





Pazo dos Otero, na Mota, parroquia de Riobó, importante testemuña da primeira guerra carlista.

aron portas, fiestras, mobles, roupas, papeis ... calculáronse as perdas en vintecatroy mil reis.

Regresan o sete de abril estando tamén ausente don Manuel; Francisco Trigo recorda que aquel día volveron a asaltar a casa, de noite, sorprendendo nela a seu irmán D. Eduardo Otero e a seu cuñado, D. Gonzalo Arén e Losada. Despois de traelos máis de legua e media de distancia, espidos, ata o pobo da Estrada, asasináronos en unión do patriota Fernando Lorenzo, executando ó mesmo tempo os maiores escarnios, en vinganza por non haber podido capturar a D. Manuel, obxectivo das súas invasións; xuntamente con eles mataron tamén a José Rey, de Figueroa e a un mozo de Berres.

Os feitos e relatos das testemuñas, que están recollidos nun documento do ano 1841, son abondo esclarecedores. Entre eles destaca o de Mateo Pereiras, veciño de Berres, que viviu en propias carnes o acoso dos facciosos; conta que indo para A Mota o amencer do día 27 de xullo para reunirse con D. Manuel Otero, Alcalde por aquela época de Tabeirós, sospredérono uns facciosos en número de douscentos acaudillados por López. Na casa da Mota roubaron, saquearon canto atoparon no recinto da casa e veu como cargaban fardos de roupa branca, xoias de prata e outras cousas que herdaron os

Otero, proferindo insultos contra D. Manuel pola morte e captura do cabecilla Gorostidi e que en vinganza efectuaban aquel sennúmero de atrocidades. Igualmente o desexo de vinganza motivou o segundo roubo e captura de D. Eduardo Otero e D. Gonzalo Arén de Losada, fusilados cruelmente, sendo el mesmo (Mateo Pereiras) unha das vítimas destinadas tamén para o sacrificio pola relación amistosa que levaba cos Otero, foi conducido tamén a Estrada onde lle conmutaron a pena de morte polos douscentos paos que sufriu, e da resulta dos mesmos nunca máis gozou de boa saúde.

Tomás Iglesias, caseiro dende a infancia na Mota, como tal e coma voluntario Nacional que acompañaba ó seu amo en tódala expedicións, tamén o fixo o 27 de xullo. Cando regresaban da Cidade de Santiago, ó chegar á barca de Sarandón déronlle a noticia de que a facción capitaneada por López estaba na casa da Mota destronzo todo. Foi enviado apresa polo seu amo para averiguar o que pasaba, co encargo especial de recoller dez mil reais que deixara escondidos dentro dunha arca de millo miúdo. No entanto el mesmo como alcalde quedou enviando noticias ás autoridades de Santiago e reunindo os Nacionais do Partido. Ó regreso non só atopou destrozada a arca e derramado o millo polo chan, senón feitas trizas cantas fiestras, mobles e cousas de valor existían na casa.

Outra testemuña, Ignacio Louzán, veciño de Callobre, recorda que o Alcalde Maior deste Partido, D. Cristóbal Sánchez Gil, acompañado polo escribano D. José Paseiro, varios alguacís e peritos fixeron un recoñemento xudicial dos desfalcos, que ascendían a moito; a casa por dentro parecía un esquelete ó que só lle quedaban as paredes.

Aquelas mortes tiveron unha repercusión importante nesta comarca a curto e longo prazo porque nos idican a forma de operar dunha banda que pretendía un cambio do titular da Coroa do que eles serían o exército, pois remedan a súa estrutura en canto a rangos e nos primeiros plantexamentos, pero non nos feitos, pois semellaban máis ben unha banda de ladróns pelexando por levar a mellor parte do botín. Actuaron movidos polo rancor axusticiando os inimigos ou a

persoas do seu entorno. Os seus fins podían ser igual de lexítimos cós dos liberais pero os seus métodos eran de viláns sen escrúpulos.

Estes feitos inspiraron o primeiro escudo da Estrada e uns versos sentidos do cura de Ouzande, D. Juan Antonio Fontenla, un verdadeiro liberal.

Nos libros de defuncións da parroquia de Guimarei atopamos o seguinte escrito:

En el atrio cementerio de San Julián de Guimarey, a ocho de abril de mil ochocientos treinta y seis se dio sepultura al cadáver de D. Fernando Lorenzo que se halló en el camino público del lugar de la Estrada, términos de esta parroquia; fue remitido por orden de la Autoridad, acompañado de José Requeijo, vecino de San Breixome de Lamas, alguacil de semana del Juez de Primera Instancia y José do Campo, mayordomo pedaneo de la misma. Con el ceremonial eclesiástico que presidió D. Manuel María Peña, Presbitero. Su sepultura queda marcada con una cruz hecha a pico. Firma Miguel Villaverde, Julián Ferro, Francisco da Parte y Juan Durán, todos de Guimarey.

Nota na marxe:

D<sup>a</sup> Ramona Arén, viuda, me pediu licencia para transportar a la parroquia de San Martín de Riobo, por medio de D. Antonio Paseiro, Boticario de La Estrada, como lo manifiesta su carta con fecha de hoy, el cadáver de su Marido y de su hermano D. Eduardo Otero y D. Gonzalo Arén que también se hallaron en el camino público de La Estrada.

Contamos tamén coa acta do libro de difuntos de San Martiño de Riobó, folio 56 v. onde se rexistran os enterros de D. Eduardo Otero de D. Gonzalo Arén:

En nueve de abril del año mil ochocientos treinta y seis en el atrio de la Iglesia parroquial de San Martín de Riobó, frente a la puerta principal de la derecha se dio sepultura al cadáver de D. Eduardo Otero, marido de D<sup>a</sup> Ramona Arén, vecina del lugar de la mota de Riobó, que se ha muerto el día siete del mismo en el lugar de la Estrada, recibio solo sacramento de la penitencia por no tener lugar a mas, asistieron al entierro veintiséis sacerdotes con el ecónomo, hizo testamento en seis de junio de mil ochocientos treinta y uno por ante D. Benito Paseiro...

En el mismo día que antecede y a par del de arriba se dio sepultura a la parte del naciente al cadáver de D. Gonzalo Arén, soltero, hijo legitimo de D. Gonzalo Arén y D<sup>a</sup> Ignacia Seoane, vecinos de Santa Maria de Folgoso de Montes que

murió en el mismo día y ora del que precede, sin que pudiera recibir mas Sacramentos que la penitencia, asistieron al entierro los mismo señores sacerdotes que al de arriba por seren cuñados, no hizo testamento, solo dicen algo dejó mandado en una carta que mandó remitir a la gente de su casa antes de morir, aunque según noticias no habla del ... y para que conste que murió en el siete de abril de mil ochocientos treinta y seis.

Polo que respeta a Fernando Antonio Lorenzo, que era un escribán de Codeseda, casado e sen fillos, non reclaman o seu corpo para trasladar á súa parroquia pero oficiase por el un funeral do que se nos da conta no Libro de difuntos de Codeseda, folio 64 v.

En la Iglesia parroquial de San Jorge de Codeseda, a veinte y dos dias del mes de abril de mil ochocientos treinta y seis se celebraron los funerales de D. Fernando Antonio Lorenzo, escribano de S.M., marido de D<sup>a</sup> Manuela López y vecino de esta, el que fue muerto violentamente en el lugar de la Estrada el día siete del dicho mes, cuyo cadáver fue enterrado en día siguiente en la Iglesia parroquial de San Julián de Guimarey a que pertenecía. Y para que conste lo firmo como cura ecónomo de la expresada Codeseda, a los dichos días, mes y año de arriba.

D. Manuel Roque Casto y Ballejo.

O xove de Berres é enterrado en Ouzande e temos noticias del no Libro de Difuntos 1<sup>o</sup>, folio 90 v.

Dentro del cementerio de la parroquia de San Lorenzo de Ouzande, a ocho días del mes abril del año mil ochocientos treinta y seis, se dio sepultura con un responso a un cadáver que, según noticias era de un joven vecino de de la parroquia de san Vicente de Berres, muerto de un balazo por la partida rebelde de López en la incursión hecha en este pueblo de la Estrada en la madrugada del día de ayer. Y para que conste lo firmo a los referidos días mes y año. Juan Manuel Fontela..

A quinta vítima mortal dese sete de abril foi José Rey, de Figueroa, do seu enterro e causa da súa morte deixa constancia o Libro de difuntos de Figueroa, folio 59.

En ocho de abril de mil ochocientos treinta y seis se dio sepultura eclesiastica en el cementerio o Campo Santo, al cadáver de José Rey, de estado casado, y marido de Josefa Durán, vecino de Figueroa. No recibio Santo Sacramento Alguno por haber sucedido la muerte desgraciadamente de dos tiros, y haberse

reconocido por la Justicia de esta Jurisdicción. Y tan solo llevó un oficio de sepultura. Y para que conste lo firmo con dicho Cura párroco, el día mes y año de arriba. Manuel Alvarez Monteserín. Andrés Buceta. Hai dúas rúbricas.

A transcripción literal das actas é un acto deliberado para facer unha reflexión sobre o tratamento do mesmo acontecemento segundo o oficiante. D. Manuel Castiñeras no seu artigo “*Don Xoán Manuel Fontenla García, ultimo párroco de Ouzande*”. Miscelanea nº 6. 2003, comenta este feito dicindo “Non sería nada fóra de camiño sospeitar que as símpatías do clero estivesen, uns cos carlistas e outros cos liberais...”, comparto totalmente esta idea pois cando é Xoan Manuel Fontenla o que oficia proporciona datos suficientemente esclarecedores sobre a causa, (un balazo), os autores, (partida rebelde de López), e outras referencias, “*en la incursión que hace en el pueblo de la Estrada en la madrugada de Ayer*”. Un párroco comprometido coa causa liberal nun entorno clerical carlista e reaccionario.

Contrastando con esta riqueza de detalles, na acta de D. Fernando Lorenzo só se dí “...*cadáver ...que se halló en el camino público del lugar de la Estrada*”, estraña a parquedade de datos, a non ser que se queira silenciar. Cando se oficia o funeral en Codeseda dise que “...*fue muerto violentamente en la Estrada...*”, tampouco entra en detalles...

Os métodos utilizados polas faccións carlistas con incursións esporádicas, roubando, facendo destrozos e matando, tivo o seu culme na Estrada o 7 de abril de 1836 co asasinato destas cinco persoas, pero non foron os únicos; sabemos que hai máis mortos ó longo de todo o período, tanto polas accións das gavillas sobre terras estradense coma polas consecuencias da guerra en sí; quintos que lles tocou ir ó frente e que nunca regresaron, dos que temos noticias a través dos libros de difuntos das diferentes parroquias<sup>4</sup>.

4 Parroquia de Guimarei:

Manuel Rey, do lugar da Torre, morreu nun hospital das Provincias do Norte a finais de 1838, era quinto.

Oficio de 29 de marzo de 1837 do Comandante do Partido de Tabeirós:

Hai que sumarlle tamén os que cairon do lado carlista, ben na loita, ben executados. Ó final todos vítimas da mesma guerra, só que en distinto bando.

Debiendo ser fusilado en el día de mañana en este pueblo el faccioso José Escribano, se hace indispensable que para que pueda pasar a mejor vida ...el que Vd., con algún sacerdote más de los que se hallan más cercanos se presenten en esta para poder prestarle los referidos auxilios sin pretexto ni excusa alguna por interesar así al servicio de nuestra Soberana Isabel II.

Agustín Obaya”

Concurri con los sacerdotes D. Manuel Peña, D. Gregorio Rey y D. José M<sup>a</sup> Porto, quienes asistieron hasta la hora de 11 del día 30 que fue fusilado en el pueblo de La Estrada y conducido su cadaver al Cementerio de Guimarey”

Falece Antonio Orbizoa León, solteiro, oriundo de Mallón, corregimiento de Borja, pobre, dun tiro. (26/10/1836)

Miñón do destacamento do pobo da Estrada que morreu dun tiro. Presenta filiación o seu Tenente D. Francisco Triguera.

Oficio do Comandante Militar do Cantón da Estrada:

“Después de las 11 de la mañana de hoy, 7.4.1837, deber ser fusilado un individuo de la horda facciosa, y como dicho acto ha de ser ejecutado en el distrito de la parroquia a su cargo, se lo aviso a V. Para que en su vista dé las disposiciones necesarias para recoger y dar sepultura al cadaver después de dicha hora, Dios guarde a Vd. Agustín Obaya.

Codeseda:

26/4/1837 Funerais pola ánima de Alejandro Bahamonde, veciño da Devesiña que morreu sendo miliciano na actual Guerra no pobo de Bilbao.

6/9/1837 Fixeronse os funerais por José de Souto e Carballeda, solteiro, do lugar de Campos que morreu estando ao servizo das armas.

26/5/183 Enterrouse o Presbítero D. Miguel Picallo, veciño de Campos, que morreu as 11 da noite no lugar da Portela de resultas duns golpes mortais que lle deron nese lugar a noite do 23.

6/11/1838 Funerías por D. Francisco Díaz y Rodríguez que morreu en Santiago o 8/10/1838. Este era o cura de Arca, que estivera condenado por Carlista.

16/2/1839 Fíxose o enterro de Carlos Iglesias, soldado quinto, por disposición do seu pai adoptivo Benito Eiriz, do lugar de Filgueira, quen o considera morto no exército.

19/8/1839 Funerais de Manuel Barros, solteiro, do lugar de Barro que morreu de morte natural no exército no que se atopaba coma quinto.

6/3/1840 Funerais por Manuel de Souto, solteiro, que morreu na guerra, de morte natural, veciño da Devesa.

Parroquia de Couso:

4/11/1836 Enterro de Benito Reis, solteiro que faleceu en 1835 no servizo da Súa Maxestade, veciño de Sequeiró.

Remesar:

9/10/1838

Funeral de Camilo Neira que morreu no hospital de Victoria no servizo Real.

Oca:

29/1/1838 Función de enterro pola ánima de Juan González que morreu no exército.

4/9/1838 Funeral de Domingo Antonio Porto que faleceu no reino de Portugal.

As consecuencias dos feitos ocorridos neste día alóngase no tempo, pois iníciase un proceso que durará uns dez anos e nos que hai moitas persoas implicadas en distinta medida; temos coñecemento da súa existencia por un exhorto do xuíz de Lalín que transcribimos:

D. Benito José Paseiro Escribano de Su Majestad y Numerario de Tabeirós. Certifico que del Juzgado de primera instancia de Lalín se recibió exorto en que viene inserto la Real sentencia del tenor siguiente =  
En la causa criminal que ante nos pende y se litiga entre el fiscal de S. M. de una parte y de la otra D. Francisco Oca y Manuel Isla su procurador D. José Gómez Barba, Gabriel Gorís, el suyo Cayetano y D. José Rodríguez, ausente, sobre complicidad en la muertes violentas de D. Eduardo Otero, D. Gonzalo

---

Arnois

7/3/1836 Fíxose o enterro de José de Lagos miliciano que morreu en Madrid.

Exhorto do xuíz de Lalín que transcribimos:

O crego púxose en contacto con Urbito Terceiro, home entendido na materia, e ámbolosdous deron os primeiros pasos. Urbito armañou un emisor, montouno no seu negocio, sito na actual rúa Perez Viondi, e aproveitándose da voz e dos coñecementos de Pepe Porto comezou a emitir. Naquel mostrador co son de fondo das frituras e do acompañamento sinfónico das potas e pratos da cociña comezou Radio Estrada. Pepe Porto coa súa bicicleta, pasábaas negras. Abría á unha da tarde e pouco despois poñía un disco longo, marchaba a comer e chegaba sempre antes que rematase. Máis tarde incorporouse Jorge Porto Vidal como encargado dos cartos. Botaba unha man e facía os mandados, estando para o que facía falta Santiago Chao, que era un rapazolo e vivía enfronte. A Emisora comezou a rebotar no ceo e a facerse oír un día de santa Rita. Pouco despois incorporouse Sebastián, que viñera de América había pouco



Improvisado estudo radiofónico na alameda da Estrada durante as festas patronais, 28-6-1966.

tempo. Os que sabían puxéronse ao choio e montaron un radio-transmisor que operaba na banda de onda media, emitindo un sinal de radio frecuencia de 1.240 quilociclos por segundo, modulado en amplitude por un simple amplificador de audio que aportaba unha potencia musical de 45W. O transmisor de R.F. (radio frecuencia) constaba dun oscilador Hartley, seguido dun paso amplificador consistente nunha válvula *pentodo* de tipo 807 oscilando en circuito *dow* capaz de subministrar unha potencia en R.F. duns 20 W. O sistema radiante consistía nunha antena de tipo L alimentada no extremo e situada, fronte ao local de Acción Católica (hoxe Caixa Nova), lugar onde tivo a segunda sede Radio Estrada Emisora Parroquial. Non botou alí moito tempo, pero antes, ao marchar D. Jesús Tenorio, a idea quedou medio no aire e o proxecto semiabandonado ata que chegaron outros dous cregos xoves, D. Luis Mazaira e D. Baldomero, que sintonizaban moito coa modernidade; eles retomaron o tema e a emisora volveu ao seu. Sebastián fixo, o mesmo que



Don Luis Mazaira, entusiasta sacerdote, un dos rectores da emisora parroquial.



Pío Sánchez, Luis Mazaira e Sebastián, entre outros, nunha celebración.

todo o anterior, é dicir, de forma caseira, un novo transmisor de máis potencia, con dúas válvulas 813 e unha potencia de 100 W. O chasis do transmisor fíxoo D. Alfonso Sanmartín Rey de acordo cun plano proporcionado polo propio Sebastián.

Xa daquela a emisora cambiara de domicilio e estaba instalada nunha casaña nova, casa de Parafita, sita mesmo detrás da igrexa actual. O sistema radiante tamén foi mellorado mediante unha antena en L que saíndo da igrexa actual chegaba á igrexa vella, situada onde hoxe está o banco Simeón. Por certo, houbo que exprimer o enxeño e usar a maña para facer isto. Aínda hoxe existe un transformador que fai esquina no saído da

familia Araújo. Pois ben, o cable da antena tiña que pasar por riba del sen tocar os fíos de alta que alí chegaban. Pensouse moito como facelo, polo perigo que supuña e ao final acordouse pasalo por riba do transformador, atado a un foguete sen estalos. O primeiro foi un fracaso, pero o segundo tivo o éxito cobizado.

Como xa se dixo nun principio esta emisora parroquial estaba favorecida polo cardeal Quiroga Palacios e considerábase diocesana, polo que como era coherente mandaba notas, información (sempre sobre unha perspectiva cristiana), transmitía actos relixiosos: misas, rosarios, bautizos, enterros, vodas..., e sobre de todo adicábase a divulgar e facer apostolado, colaborando sempre coa Igrexa. Era semellante á Cope, pero eso si, sen política polo medio.





Manuel Somoza, Juan Moreno, Pío Sánchez, e Maite Chapela, entre outros: cafés e conversa.

Máis de vagar, comeza a tomar carácter de emisora local facéndose eco dos aconteceres da vida cotián e autofinanciándose mediante discos adicados, publicidade e diversos programas. Comezou entón unha etapa florecente grazas á colaboración, eso si, sen ánimo de lucro, de personaxes como o propio Sebastián e Porto Matalobos. Engadíronse despois Néstor Neira, Marisa Rey, Maruja Neira, M<sup>a</sup> Luisa Fernández (daquela profesora de Filoloxía), Manolín Couceiro, Miguel Quinteiro, Pepe Domingo Castaño e outros. Cada quen aportaba o que podía que xa era moito.

No ano 1961, en vista do éxito e vendo que se facían cartos abondo, os rectores da emisora, Sres. Mazaira e Baldomero, tomaron a decisión de aumentar a súa potencia para acadar un maior alcance. E así foi. Pagaron a reforma do transmisor, da que se encargou Sebastián, e a emisora chegou a unha potencia de 1.000 W., podéndose escoitar en Santiago, Lalín (quen o diría), As Cruces, Vilagarcía, Cerdedo... Como non cabía o transmisor trasladouse á sacristía da igrexa, men-



Sebastián, Pepe Vilariño, José "Casa-grande", un sacerdote e Pío Sánchez.



Pío Sánchez, radio portátil e pipa, entrando na emisora.

tres que o resto do equipo: locutorio, control, oficinas, etc., quedaron na cas de Parafita.

Foron colaboradores nesta fase, entre outros, Pío Sánchez, José Antonio Gil, Manuel Angel Gil, Alfonso Isla, Alfonso Calvo, Finita Torres, Rogelio Gil, Manuel Somoza, Pepe Vilariño, Delio Rendo e un matrimonio madrileño que chegou á Estrada por casualidade, Juan Moreno e Manoli García. Neste tempo ao que nos referimos, creouse unha sociedade onde os seus membros, despois de aportar unha pequena cantidade de cartos, tiñan dereito a un disco adicado cotián.

A cousa marchaba cada día mellor, pero no ano 1962 o Ministerio, do que naquel momento era responsable Manuel Fraga, publicou un decreto polo que obrigaba a todas as emisoras locais a emitir en F.M. E aquí xurdiu o problema. Radio Estrada Emisora Parroquial para adaptarse á normativa tiña que construír ou mercar un transmisor novo que custaba unhas 200.000 ptas. das daquela. Houbo que espabilar. Mazaira e Sebastián foron cara Madrid, máis que nada para intentar recabar a financiación precisa que suporían os mate-



Membros de Radio Estrada de excursión polas rías altas.

riais necesarios para que a emisora puidese continuar, pero os atrancos foron moitos. Había poucos receptores de FM. e a udiencia, xa que logo, baixaría. O custo era moito e había que empeñarse. O párroco, D. Nicolás morrera e D. Luis Mazaira non quería seguir na Estrada. Por outra banda o Ministerio de Información e Turismo mandou un escrito esixindo o peche e aínda que ao primeiro non se lle fixo caso, cando chegou o segundo ameazando co cárcere non quedou máis remedio que botar o candado. Porque, amigos, pedir o imposible é retrasar o inevitable, e neste País, por desgracia, sobran os que fan falta e abundan os que sobran.

Así foi como morreu Radio Estrada Emisora Parroquial, ¡Me valga Dios! Montouse la de Dios es Cristo, acompañado, todo iso, coa rabia e dor profundas de moitos homes e o pranto e os laios das mulleres que sentían a súa falta como se dun familiar próximo se tratase.

## Segunda parte

*Acadar o que un desexa vale menos que valorar o que un ten*

É moi probable que nesta segunda parte aparezan certos apuntamentos que xa se fixeron na primeira, pero o que queremos é puntualizalos e sobre todo desenvolveselos o máximo posible e falar sobre outros que non se reflectiron no seu momento.



Juan Moreno e a súa esposa Manoli García, locutora da radio, no campo de fútbol.



O locutor madrileño e director artístico da emisora Juan Moreno, nunha foto dedicada a Pío.

Había censura, ¡home! Todas as semanas o ministerio de turno remitía á emisora a lista daqueles discos prohibidos pola lei. A emisora tamén tiña que enviar as listas dos discos emitidos. ¡Pobres de nós se nos collían nunha gatada!

Dos medios técnicos xa falamos abondo, pero temos que dicir que á parte do emisor e da antena, por lóxica tiñamos que ter un ou dous micros (un deles tiña catro caras, polo que os catarros e as gripes se transmitían por vía microfónica), dous tocadiscos, dous magnetofóns, un teléfono e unha mesa de control. Nos últimos tempos había tamén unidades móbiles feitas á man que pesaban un quintal e que eran máis grandes cós depósitos antigos das máquinas de sulfatar. E pouco máis, unicamente un aparato de radio que se utilizaba, sobre todo, cando era o parte. Porque Radio Estrada, o que hoxe se chaman diarios falados, transmitíaos en directo conectando con Radio Nacional de España. ¿E como? Uns segundos antes da hora o locutor dicía: “conectamos con Radio Nacional para que escuchen Vds. el diario hablado”. Outro compa-



Locutores animando ó seu equipo.

ñeiro xa tiña o aparello diante do micro e como estaba a cousa tan sincronizada e estudiada, comezaba ao momento o antedito parte. Nestes casos eu sempre pensei naquel aforismo que dicía que o mellor pracer dunha persoa competente ou intelectual é facerse o idiota cando o idiota pretende ou quere ser intelixente. Porque houbo quen se ría de nós e nos reprobaba, cando intentabamos facer un servizo á toda a xente que nos escoitaba. Sempre houbo listos que non dan nin deixan comer.

Como todo o mundo se pode decatarse, na emisora só había un idioma: o castelán, con algunha que outra excepción. Dizer que personaxes importantes, daquela, pasaron polos estudos, aproveitando a súa actuación posterior no teatro principal: Antonio Machín, Pepe Blanco, Rafael Farina, Lolita Sevilla...é normal que á xente de hoxe estes nomes lle digan máis ben pouco, pero, á sazón, era xente de moito tronío.

Os programas eran moi sinxelos. Buscábase nuns casos a cooperación e noutros o divertimento, sen deixar nunca arredados algúns



Pío, Jesús Isla e outros tomando uns combinados no bar “Porta do Sol”.

espacios de índole cultural: dende o programa *“Todo o que lle sobre para a casa do pobre”* onde se recollían mantas, colchóns (de follato ou dos outros, era igual), ata *“Operación Felicidad”* no que se poxaba calquera cousa: xamóns, lacóns..., mediante discos, pero, todos os que participaba tiñan que pagar a poxa que facían, de tal xeito que os discos, a un peso dos daquela, sumaban o seu. Esta campaña facíase en Navidade e os cartos repartíanse entre os máis necesitados.

Claro que si, había outros programas: *“Audición Sorpresa”*, presentado e dirixido por D. José Casagrande (por certo, en Lingua Galega) onde se falaba das cousas cotiáns e doutros temas próximos aos cidadáns e nalgúns momentos ata un pouco acedos. Outro era *“Cada donante un disco”* á hora do xantar. Ao falar de doar, pódese comprender facilmente, que era un programa sobranceiro a nivel social.

A continuación, *“Discos dedicados”*. Este programa, dependendo da tempada, podía durar horas e horas. Un mesmo disco podía tardar 15 ou 20 minutos en emitirse, se se trataba dun día de S. Manuel



ou de S. Xosé ou o día dunha voda, dun bautizo ou dunha primeira comunión. Eso si, cada adicatoria valía un peso (dos de antes). Cando non había ese remuíño, emitíase un programa de media hora, aproximadamente, ás cinco da tarde, co título "Media hora para usted". Neste apartado, á parte da propaganda correspondente, dábase lectura a algún artigo de interese, xurdido de calquera xornal ou da mesma competencia. Perfeccionábase todo con música.

Busquei e busquei a hora, e cismeí. Non dei con ela, pero sei que tamén había un programa tipo novela relixiosa lida entre dúas persoas. Era un algo de telenovela "auditiva" actual e perdón polo paradoxo.

Nestes poucos anos da existencia de Radio Estrada, houbo moitas de anécdotas que podíamos comentar. Dado o espazo e o tempo subliñaremos unhas poucas, aínda que confiamos en volver sobre o tema e ampliar o que poidamos esta nosa pequena historia.

Comezamos con aquel locutor que, lendo un artigo sobre o tabaco, perdeu parte das follas e rematou falando do que puido e que, por certo, pouco tiña que ver co tema.

Outro locutor, trabucouse lendo unha especie de novela: "La princesa frunció el coño (na vez de ceño) y dijo..." Noutra ocasión, o locutor estaba ao seu, adicando discos a uns e a outros. Era no inverno e había un bo manto de neve. Un dos compañeiros da emisora colleu unha bola boa e estivo á espreita un anaco. Cando o locutor abriu a boca (quería modular ben) para dicir: "A tal y tal en su cumpleaños", no momento de dicir "A" entroulle a neve toda na boca.



Documento acreditativo de pertencer ó persoal de Radio Estrada.



Tarxeta de identidade dos socios da emisora.



Cupóns que daban dereito a emitir discos dedicados.

Ao do control non lle deu tempo a cerrar o micro e o xuramento resoou atronador. Ao pouco unha veciña chegou toda alporizada, chamándolle de todo e con claras intencións de ir máis alá. Pouco a pouco foise aquietando, pero, aínda así, cando marchaba, ía rosmando: “¡Nunha emisora parroquial, da igrexa, con estes xuramentos! ¡Déixame ver ao cura! ¡Descarado!

Certo día pasaron por diante da emisora os sementais do exercito. Un, que se tiña por valente e afoutado, falou cos militares e estes deixáronlle dar unha curta volta. Montou a cabela e púxose de camiño. Estabamos nas festas. Non andaría corenta metros, cando un veciño botou un foguete. O

cabalo desbocouse e colleu a costa de Gradín cara abaixo, ata chegar aos Catro Camiños. Alí freou de súpeto ao mesmo tempo que o xinete saía por riba da súa cabeza aterrando nunha silveira. Botamos días e días arrincándolle as espiñas.

Un dos costumes que había polo serán era poñer un disco de longa duración e marchar para un obradoiro de talla que estaba preto da emisora. Alí, co aparato de radio prendido e sintonizado, xogabamos ás cartas, volvendo á emisora cando ía rematar. Cambiabámolo e outra vez á xogueta. Con todo e iso, hai que recoñecer que algunhas veces remataba o disco antes de chegar nós.

Un día, nun programa no que faltaba a locutora, tivo que facer o papel D. Baldomero, o cura, e comezou así: “Nosotras las mujeres...” Unha noite, negra como “mis pecados”, estaba Sebastián traballando na emisora e como a luz non sobraba, tiña ao seu carón unha barra fluorescente próxima a un circuito tanque de sintonía. A barra encen-



día por indución de radio frecuencia do transmisor polo que non estaba conectada a ningún enchufe. Un de nós, que andaba por alí, quedou pampo vendo aquilo e pediulle ao seu propietario se podía saír con ela a outras dependencias. Coa autorización oportuna, sae con ela na man polo corredor adiante. A xente que alí había afastouse arrepiada e berrando cara todos os lados:”*¡Coidado! ¡Ese home ten corriente!*”.

Remato dicindo que neste pequeno traballo faltan moitas cousas e, se cadra, sobran outras, pero o autor dáse por compracido polo simple feito de sacar da arca anacos dunha historia que ocorreu o outro día e da que xa moi poucos se lembran. Quixera tamén expresar a miña gratitude a Mari Carmen, esposa do querido compañeiro e amigo Pío Sánchez, por cedernos as fotografías que ilustran este traballo.

A Estrada, outubro de 2006.



# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



ISSN 1139-921X

## Número 1 (1998)

*Presentación* • *A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro.* Xulio Carballo Arceo • *A Estrada nos seus documentos antigos. Tres documentos do século XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada.* Xoán Andrés Fernández Castro • *Os hórreos na Galicia.* Olimpio Arca Caldas • *A Estrada na obra gráfica de Castelao.* José Manuel Castaño García • *Reflexiones sobre un lienzo de Corredoira.* Javier Travieso Mougán • *Unha parte da historia da biblioteca pública municipal de A Estrada.* Mario Blanco Fuentes • *Aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada. (1900-1950).* María Jesús Fernández Bascuas • *Dieciséis años de Parlamento de Galicia. (Balance de su producción legislativa).* Roberto L. Blanco Valdés

## Número 2 (1999)

*As dúas mulleres de Castelao.* Olimpio Arca Caldas • *Aproximación a xénesis urbanística da vila da Estrada I.* María Jesús Fernández Bascuas • *Os traballos e os días. Aspectos da vida cotia no rural estradense do S. XIX.* Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti. Juan A. Fernández Castro • *Aproximación ó mundo das fortalezas na Galicia Medieval.* Manuel Mosquera Agrelo • *Os trobadores de Taveirós.* Mercedes Brea • *La poética de Pay Soarez de Taveirós.* Gema Vallín • *A actividade textil tradicional no Val do Vea (A Estrada-Pontevedra)* Espadelas e espadeleiros. Manuel Rodríguez Calviño • *Memoria gráfica do Cuerpo de Ejército de*

*Galicia na Guerra Civil española* • *La Purísima de Asorey de La Estrada* (Pontevedra.) Javier Travieso Mougán • *Cando o ceo escurece. Crónica da epidemia de gripe de 1918 na parroquia de Sabucedo-A Estrada*. Pontevedra. María del Pilar Regueiro Ovelleiro • *Un singular Centro Bibliográfico Galego*. Xosé Neira Vilas

### Número 3 (2000)

*Estudo de materiais procedentes do Castro de Viladafonso* (Olives, A Estrada, Pontevedra). Beatriz Pereiras Magariños, Xosé Lois Ladra Fernández, Nuria Calo Ramos • *Escudo y linaje de la Casa de Guimarey*. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés • *Acción colectiva e élites locais en Galicia. O motín de xullo de 1870 na Estrada* (Pontevedra). Xoán Andrés Fernández Castro • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada II. A transición urbanística. (1901-1926)*. María Jesús Fernández Bascuas • *O ferrocarril de Pontevedra a Monforte*. Xosé Manuel Castaño García • *Origen y evolución del municipio de A Estrada* (Pontevedra). Factores geográficos y condicionantes históricos. Ángel Miramontes Carballada • *A Estrada, terra saudable. O sanatorio "Nuestra Señora del Carmen"*. Olimpio Arca Caldas • *Un nocturno de Castelaio*. Javier Travieso Mougán • *Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1938)*. Manuel Cabada Castro • *Estradenses en América. Cartas privadas de emigrantes en tiempos y destinos diferentes*. María Luisa Pazos Pazos

### Número 4 (2001)

*Sobre o nome da Estrada*. Fernando Cabeza Quiles • *Mario Blanco Fuentes (1917-2000). Unha fotobiografía*. Juan L. Blanco Valdés • *Algúns indicadores demográficos da parroquia de Guimarei (A Estrada-Pontevedra). 1700-1850*. Juan Andrés Fernández Castro • *Medicina popular en terras de Tabeirós (A Estrada-Pontevedra)*. Manuel Reimóndez Pórtela • *A translatio dos restos do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez ó cemiterio de Codeseda (A Estrada)*. Mario Blanco Fuentes, Xoán Andrés Fernández Castro • *Novas*

*imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego.* Josefa Rey Castiñeira, Manuel Rodríguez Calviño • *O próximo vivido.* Manuel Pereira Valcárcel, Pilar Gaspar • *Márgara. Apuntes biográficos dunha muller estradense.* Olimpio Arca Caldas • *Población y territorio en el municipio de A Estrada (Pontevedra), 1887-1996.* Ángel Miramontes Carballada

### Número 5 (2002)

*Novas matinacións encol do topónimo A Estrada.* Manuel Castiñeira Rodríguez • *Breve aproximación os muíños da parroquia de Riobó (A Estrada-Pontevedra).* Juan Fernández Casal • *Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do “Deportivo Etradense”.* Mario Blanco Fuentes • *Na outra banda do río, nun solpor azul de tarde.* Texto: Xosé Lueiro Fotos: Francisco Azurmendi • *Análisis y planeamiento del suelo industrial en el municipio de A Estrada (Pontevedra).* Ángel Miramontes Carballada • *A casa consistorial da Estrada (Pontevedra) obra sobranceira do arquitecto Franco Montes.* María Jesús Fernández Bascuas • *Un edificio estradense recuperado para uso cultural: el museo Manuel Reimóndez Portela.* Isabel Carlín Porto • *Sobre o topónimo Brea.* Fernando Cabeza Quiles • *A crise de mortalidade de 1769 en Ouzande (A Estrada-Pontevedra).* Juan Andrés Fernández Castro • *O pasado máis saudable da Estrada.* Manuel Pereira Valcárcel • *Don Nicolás Mato Várela. Párroco de San Paio da Estrada e San Lourenzo de Ouzande.* Olimpio Arca Caldas • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde.* Héitor Picallo Fuentes • *2002, ano de Frei Martín Sarmiento. Semblanza de Fr. Martín Sarmiento.* Pilar Allegue • *A Estrada no Informe de Literatura 1999, do “Centro Ramón Piñeiro”*

### Número 6 (2003)

*Cápelas e santuarios do Concello da Estrada.* Francisco Arzumendi Iglesias • *Irmáns casan con irmáns, 1650-1850. Aspectos demográficos desta singularidade matrimonial en terras de Tabeirós, A Estrada-Pontevedra.* Juan Andrés

Fernández Castro • *Un proyecto irrealizado de 1891. La fuente de Neptuno para la villa de A Estrada*. Isabel Carlín Porto • *Os escudos do Concello da Estrada dende 1840*. M- Jesusa Fernández Bascuas • *La evolución de los montes en el municipio de A Estrada (Pontevedra) en los siglos XIX y XX*. Ángel Miramontes Carballada • *Alfabetización y red escolar de A Estrada, siglos XVIII y XIX*. Ofelia Rey Castelao • *A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños*. Juan L. Blanco Valdés • *A Virxe de Gundián*. Juan Fernández Casal • *Breve contribución á biografía do señor de Vilancosta, Don Marcial Valladares Núñez (Berres, A Estrada 1821-1903)*. Juan Andrés Fernández Castro • *En torno ó topónimo Toedo*. Fernando Cabeza Quiles • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do Condado de Ximonde, II*. Héitor Picallo Fuentes • *Recuerdos de una matrona*. Carmen Ferreiro Porto • *Antonio Álvarez Insua. Defensor dunha Cuba española*. Olimpio Arca Caldas • *Don Xoán Manuel Fontenla García, último párroco de Ouzande*. Manuel Castiñeira Rodríguez

### Número 7 (2004)

*Fábrica de papel en Riobó*. Juan Fernández Casal • *O Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»*. A institución e a exposición permanente. María Carbia Vilar • *Cartas dun emigrado estradense*. Gerardo Cabada Castro • *Nacimiento y consolidación de la capital del mueble en Galicia. El municipio de A Estrada*. Ángel Miramontes Carballada • *Achegamento ás pesqueiras estradenses do río Ulla*. Damián Porto • *Vermello, amarelo e morado: as cores de Ángel Lemos. In memoriam*. Héitor Picallo Fuentes • *O topónimo «Baloira»*. Fernando Cabeza Quiles • *La emigración en ocho parroquias de A Estrada*. M<sup>a</sup>. Milagros Castro González • *Maíndo: espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do condado de Ximonde*. Héitor Picallo Fuentes • *Excavación arqueolóxica del túmulo megalítico de Xestas*. Pablo Bandín Rosende • *A razoable esperanza: quince momentos*. Alberte Maceira Peiteado • *Alcaldes estradenses*. María Jesusa Fernández Bascuas • *A tradición e as tradicións na freguesía de Ouzande nos séculos XVII, XVIII e XIX*. Manuel Castiñeira Rodríguez

### Número 8 (2005)

*A propósito dunha páxina inédita de Waldo Álvarez Insua. Xesús Alonso Montero • Algúns topónimos da parroquia de Guimarei. Fernando Cabeza Quiles • Aproximación ás expresións de fe relixiosa e prácticas de piedade dos fregueses de San Paio de Figueiroa e da Estrada nos últimos catro séculos. Manuel Castiñeira Rodríguez • Libros e lecturas do clero rural en Tabeirós-Terra de Montes durante o século XIX. María Jesusa Fernández Bascuas • O mercado de peixe na Estrada rural. Juan Fernández Casal • Familias e veciños do «lugar y aldea de La Estrada» a mediados do século XVIII. Juan Andrés Fernández Castro • Obras de adaptación no museo do pobo estradense «Manuel Reimóndez Portela». Ana Pazos Bernárdez • Catálogo do arquivo da Casa do Preguecido: de morgados e fidalgos medianeiros. Damián Porto Rico • En memoria de José Pereiro. Javier Travieso • A virxe Peregrina de San Breixo de Lamas (A Estrada, Pontevedra). Xosé Carlos Valle Pérez • A domesticación dende unha perspectiva etnoarqueolóxica: os cabalos de monte do curro de Sabucedo. Xosé Manuel Vázquez Varela • San Miguel de Castro: estudio histórico-artístico. Dolores Villaverde Solar*



CONCELLO DA ESTRADA



DEPUTACIÓN DE  
PONTEVEDRA

